

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 2

SESION ORDINARIA DO 27 DE FEBREIRO DE 2006

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa
Alonso Vázquez, Xulio
Arias Moreira, José Carlos
Barros Puente, Miguel
Bermúdez Pérez, Silvia
Caballero Miguez, Gonzalo
Calviño Rodríguez, Xullo
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Cotobad Tombo, Elías Carlos
Couto Pérez, José Manuel
Fernández Fernández, Amador
Figueroa Vila, José Manuel
Graña Barcia, María Luisa

Guerra Fernández, Javier Jorge
Iglesias Carrera, José Manuel
López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Méndez Piñeiro, María Xosé
Molares Pérez, Lucía Emilia
Polo Lima, María Soledad
Porteiro García, María Josefa
Ruiz Cenicerros, Mauricio
Sío Lourido, Belén
Soto Ferreiro, Manoel
Toba Girón, Xabier
Vieitez Alonso, Henrique

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e dez minutos do día febreiro do ano dous mil seis, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes a membro da Xunta de Goberno Local, D^a Marta Iglesias Bueno, mailo Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

1.- (25).- ACTAS ANTERIORES. (SESIÓNS ORD. 28.11.05 EXTRAORD. 07.12.05 E ORDINARIA 23.12.05).

Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constituen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas correspondentes ás sesións plenarias ordinaria do 28 de novembro, extraordinaria do 7 de decembro e ordinaria do 23 de decembro de 2005.

2.- (26).- PETICIÓN DE CONSULTA POPULAR PREVIA Á APROBACIÓN PROVISIONAL POLO PLENO DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA. EXPTE. 1218/110

ANTECEDENTES.- Con data 26.01.06 o Secretario Xeral do Pleno e da Xerencia Municipal de Urbanismo informa o que segue:

LEXISLACION APLICABLE.

- Lei Orgánica 2/1980, do 1 de xaneiro, Reguladora das distintas Modalidades de Referendum (LO Ref.)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xulio, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA).
- RD 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais (RPDT).
- Regulamento Municipal de Participación Cidadá, do 26 de marzo de 1992.

ANTECEDENTES.

Con data 25 de setembro de 2005 ten entrada no Rexistro Xeral do Concello escrito encabezado polo "Plan Comunitario de Teis" e outros colectivos que se denominan "afectados" acompañado, segundo se manifesta, por 21.065 sinaturas, no que se solicita someter a unha consulta popular, en momento previo á súa aprobación definitiva, o novo PXOU aprobado inicialmente polo Pleno na súa sesión de data 30 de decembro de 2004.

En data 20 de xaneiro de 2006 o Concelleiro Delegado de Urbanismo remite a esta Secretaría Xeral do Pleno as peticións veciñais solicitando sobre as mesmas informe xurídico.

CONSIDERACIÓN PREMILINAR.

Con carácter xeral é o art. 122.5.e) da LBRL o precepto que regula a emisión de informes da Secretaría Xeral do Pleno dispoñendo que estes serán preceptivos cando o ordee o Presidente da Corporación, cando o solicite un

S.Ordinaria 27.02.06

tercio dos seus membros ou cando se trate de asuntos sobre materias para as que se requira unha maioría especial. A realización de consultas populares require dun previo acordo do Pleno que debe adoptarse pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación (maioría especial).

Cumprimentando o ordenado e en uso do asesoramento legal que esta Secretaría Xeral debe efectuar ó Pleno, procédese á emisión do seguinte,

INFORME.

A Disposición Adicional Única da LORef. sinala que os seus preceptos non alcanzarán ás consultas populares que, de acordo coa Lexislación de Réxime Local e pola súa especial relevancia, poidan realizar os Concellos en asuntos de índole municipal. A Disposición advirte que a autorización das consultas será competencia exclusiva do Estado.

A Lexislación de Réxime Local e en concreto a LBRL, no seu art. 18.1.f), reiterado no art. 56.1.f) do RPDT indica:

*"1.- Son derechos..... de los vecinos:
f) Pedir consulta popular en los términos previstos en la Lei."*

A LBRL non regula expresamente os termos nos que debe instrumentarse a petición de consulta popular pois o seu art. 71 refírese ás que poidan efectuarse a iniciativa da Alcaldía. Tampouco sinala nada a lexislación autonómica (LALGA) que no seu art. 257.1 se limita a transcribir o art. 71 da lexislación básica sen siquera fixar o número mínimo de veciños que poden levar a cabo esta iniciativa nin os requisitos ou condicións que han de ostentar para o exercizo deste dereito. O vixente Regulamento Municipal de Participación Cidadá, aprobado polo Pleno en sesión de data 26 de marzo de 1992, nos seus artigos 33, 34 e 35 indica que tal petición colectiva debe ser asinada por un número de veciños non inferior ó 8% do Censo Electoral Municipal (19.015 electores).(1).

A ausencia de normativa específica aplicable non impediu que o dereito de petición de consultas populares se conciba por determinados pronunciamentos xudiciais como un dereito público subxectivo que debe ser obxecto dunha resolución decisoria que estime ou denegue a pretensión formulada (STS 14 Novb. 1989 Arz. 8304), resolución que, esa mesma sentenza, entende sometida a idéntico réxime xurídico e procedimental que o previsto para as que son de iniciativa da Alcaldía (art. 71 LBRL). A similar conclusión chega a sentenza do 11 de outubro de 2002 do TSX de Navarra, en cambio a de 2 de xullo de 2004 do TSX de Cantabria considera que tal dereito de petición é un mero "dereito de instancia" dos previstos no art. 70 da LRJPAC que ten como principal virtualidade o deber da Administración de resolver.

O art. 71 da LBRL considera que a realización de consultas populares tan só é posible en caso de que istas se refiran a asuntos nos que concorran as seguintes circunstancias: "competencias propias municipais"; "de carácter local" e "de especial relevancia para os intereses dos veciños". Exclúense expresamente os asuntos relativos a Facendas Locais. Conclúe o precepto indicando que a súa realización requirirá autorización do Consello de Ministros e previo acordo do Pleno adoptado por maioría absoluta.

Os Consellos de Ministros, dende sempre, (2) veñen denegando as autorizacións de consultas populares cando istas se refiran a asuntos nos

que se aprecia un interese supramunicipal (ver sentenza do TS do 17 de febreiro de 2000).

A formulación e aprobación dun Plan Xeral de Ordenación Urbana transcende do que pode ser competencia propia municipal definida polo TC como "la que es desempeñada bajo un régimen de autorresponsabilidad" (STC 109/1988, F.J.13º) entendemos que a noción de "autorresponsabilidad" resulta incompatible co establecemento de decisións vinculantes por parte doutros niveis de goberno, o feito de que a aprobación definitiva dos Plans Xerais corresponda á Comunidade Autónoma supón que neste caso non podemos falar de "competencia propia", é mais, a Xurisprudencia ten repetido ata a saciedade que a potestade de planificación é de titularidade compartida polos Municipios e as Comunidades Autónomas, en tanto en canto estas deben fiscalizar non só os aspectos regrados do Plan, senón tamén as determinacións que afecten a intereses supralocais (SSTS. do 13 de xullo de 1990; 20 de novembro de 1991 e 21 de setembro de 1993 entre outras). A propia LOUGA, ó igual que o resto das lexislacións autonómicas, no seu art. 85.7.d) sinala que a Consellería competente en materia de Urbanismo e Ordenación do Territorio, na súa resolución de aprobación analizará, "a incidencia do Plan sobre as materias de competencia autonómica, sobre as políticas autonómicas de desenvolvemento sostible e sobre a articulación das infraestructuras de carácter local cos elementos vertebradores do territorio de alcance supramunicipal".

(1) A través dunha mostraxe efectuada polo Servizo de Estatística sobre as primeiras 200 sinaturas compróbase que vinteduas (22) delas, ó 11%, non corresponden a persoas que figuran no Censo Electoral Municipal. De manterse esta porcentaxe deduciríase que das 21.065 sinaturas tan só 18.748 estarían lexitimadas para solicitar este dereito, cantidade inferior á mínima necesaria.

(2) As consultas populares autorizadas polo Consello de Ministros dende a entrada en vigor da LBRL (abril 1985) ata o ano 1995 foron as seguintes:

17.02.86	Argamasilla de Alba (C.R.)	Normas de Administración de Ruidera
26.10.86	Hirurrieta (S.S.)	Disolución de Municipio e creación doutros tres.
26.10.86	Carcaixent (V)	Cambio data festas maiores.
30.04.87	Monforte de Lemos (LU)	Ubicación Casa do Concello.
13.11.87	Sitges (B)	Cambio data festas maiores.
24.05.90	Algimia de Alfara (V)	Cambio denominación municipio.
30.10.90	Arbucies (GI)	Obras en vía pública.
08.10.92	Encinas Reales (CO)	Cambio data feira local.
16.03.93	Macarena (GR)	Peonalización tramo via pública.
21.06.93	Palamós (GI)	Calificación urbanística de entorno de praia.
09.11.93	S. Fernando de Henares (M)	Localización de aparcadoiro

Polo que se refire a Galiza, ata o día de hoxe, o Consello de Ministros resolveu en sentido negativo outras dúas solicitudes unha formulada en 1988 polo Concello de Xinzo da Limia (OU) referida ó trazado dunha estrada nacional, en donde se apreciou un indubidable interese supramunicipal e outra do Concello de A Pobra de Trives (OU) na que se promovía a denominación bilingüe do Municipio, neste caso o Consello de Ministros, mediante acordo de data 28 de xullo de 1995, entendeu que a consulta era de

interese autonómico dado que a normativa dos topónimos municipais é da Comunidade Autónoma.

CONCLUSIÓN E PROPOSTA DE ACORDO.

A potestade de planificación urbanística é unha competencia de titularidade compartida, polo que, non se dando os requisitos legais necesarios que permitan estimar a petición propónse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo..."

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 23 de febreiro de 2006, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

DEBATE.- SR. RUIZ CENICEROS: Como este asunto xa se debateu na Xerencia de Urbanismo, sinxelamente imos resumir os mesmos argumentos que expuxemos o xoves pasado cando se dictaminou.

A petición de consulta cidadá, a petición de referéndum municipal é un dereito fundamental recoñecido legalmente na Lei de bases de réxime local, recoñecido tamén polos Tribunais en canto a que debe ser tramitado polo Concello e contestado no prazo máximo de tres meses. Neste suposto concreto que nos ocupa que é a petición de referéndum sobre o Plan Xeral atopámonos cunha petición que enlaza cun proceso de presentación de alegacións que non ten precedente a nivel nacional; estamos en plena tramitación dun Plan Xeral sometido a un proceso de información pública que recibe 61.000 documentos de alegacións subscritos por 80.000 cidadáns.

No mesmo sentido e coa mesma intención de forzar unha participación cidadá na tramitación do Plan Xeral máis discutido e conflictivo a nivel nacional, neste caso 21.000 cidadáns utilizaron o mecanismo previsto legalmente e previsto ademais por esta propia Corporación no Regulamento de participación cidadá do ano 92 que permite que o 8% dos cidadáns censados no termo municipal de Vigo poida presentar a solicitude de referéndum, que ista sexa tramitada e a maiores, no Regulamento de participación cidadá que agora mesmo está en tramitación e que hai un ano o Goberno municipal retirou da orde do día por un asunto que non era a consulta cidadá, precisamente existe un consenso político de todos os Grupos de facilitar a súa tramitación rebaixando o quórum ou requisito das firmas ó 5% do censo electoral.

Coma a excusa do Goberno municipal é unha dúbida legal e sobre todo unha cuestión de tramitación sobre qué se debe facer e qué alcance pode ter esta petición de referéndum, coidamos tamén conveniente lembrar cal é o trámite

que debería seguir esta solicitude de consulta popular se efectivamente lle dera trámite no día de hoxe o Pleno.

Como saben, combinando a lexislación estatal coa autonómica, co Regulamento municipal, se o Pleno aprobase por maioría absoluta esta solicitude de consulta popular, deberíase elevar esta petición á Xunta de Galicia cuxo Consello debería dictaminar se efectivamente a petición de referéndum resposta a unha solicitude que comprenda exclusivamente un asunto municipal ou se afecta a intereses supramunicipais ou mesmo ó interese de Galicia.

Unha vez dictaminado polo Consello da Xunta de Galicia deberíase elevar ó Consello de Ministros para que autorizase; caso de que esa autorización fose obtida debería novamente voltar á Xunta de Galicia para que se convoca o referéndum porque en realidade quen convoca un referéndum municipal en Galicia é a Xunta de Galicia por medio de decreto.

A excusa do Goberno municipal é que o referéndum sobre o Plan Xeral afecta a intereses supramunicipales, porque efectivamente a aprobación dun Plan Xeral ten un dobre tramitación, unha dobre participación, por unha parte o Concello de Vigo que o aproba inicial e provisionalmente e por outra a Xunta de Galicia que o aproba definitivamente; se esa é a excusa que pretende alegar para rexeitar neste caso a petición de referéndum popular, o que procedería é precisamente elevar a petición de referéndum á Xunta de Galicia para que dictaminase ou decidise se efectivamente se incorre na afección dun interese supramunicipal ou se en realidade estamos falando dun asunto que, sen menoscabar á súa trascendencia, afecta exclusivamente ós cidadáns e ó Concello de Vigo coma fai efectivamente un Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Xa logo a segunda excusa que alega o propio Goberno municipal para rexeitar este referendun que é a validez ou non formal das sinaturas presentadas, dende o momento en que a súa argumentación consiste en que nestes catro meses e medio, dende que se presentou a solicitude de referéndum, limitáronse a comprobar as 200 primeiras firmas desas 21.000, desas 200 firmas os servizos de Estatística detectaron que 22 corresponden a cidadáns non censados en Vigo e extrapola ese resultado á totalidade das firmas sen as comprobar; con iso se chega á conclusión de que se nas 200 non se cumpre o requisito nas 21.000, extrapolando o 11% de persoas censadas en realidade non se chegou ás 19.000 necesarias para que a solicitude de referéndum sexa válida, parécenos un argumento que coma mínimo incorre nunha falla de respecto para aquelas persoas que se molestaron en asinar a solicitude e presentala no Concello de Vigo. Non é de recibo que unha administración

pública non realice as suficientes comprobacións para ver se efectivamente as solicitudes dos seus cidadáns cumpren os requisitos legalmente previstos.

O argumento de extrapolar o cómputo das 200 primeiras firmas ó resto eu tacharía de ridículo no sentido de que a ninguén se lle ocorrería nun proceso electoral extrapolar o cómputo das 200 primeiras papeletas sobre unha mesa electoral ó resto do resultado, nin repartir os escanos consonte ó cómputo das 200 primeiras firmas, co que en realidade nos estamos atopando cunha actitude que resposta á que tivo o Goberno municipal en todo o que foi o proceso de información pública e alegacións do Plan Xeral.

Do mesmo xeito que cando recibíu 61.000 alegacións nun primeiro momento tachounas de fraudulentas, desprezounas e minusvalorounas alegando que ía demostrar que eran falsas, que en realidade foran firmas recollidas na rúa e nas portas de centros comerciais sen que as persoas asinantes tivesen coñecemento de qué era en realidade o que firmaban. Agora, pasados 7 meses e cando xa estamos na fase practicamente final de tramitación do Plan Xeral, ese mesmo proceso de información pública que antes desprezaba califícao de exitoso, califica de triunfo do Goberno municipal que efectivamente un de cada cinco cidadáns presentaran alegacións ó Plan Xeral e ó mesmo tempo hai dúas semanas atopámonos coa propia Alcaldesa recorrendo ó mesmo método de pedir firmas na rúa para solicitar un referéndum sobre o Estatuto Catalán, loxicamente nos atopamos con que en realidade o Goberno municipal ten coñecemento de que existe un problema, de que hai un Plan Xeral que recibíu 60.000 alegacións e iso significa coma mínimo que algo se fixo mal, que algo pasou e que algo non está ben no que foi a tramitación e o contido do Plan Xeral e ó que ten medo é á reacción popular e a que efectivamente, se se sometese a un proceso de consulta popular, o resultado fose na contra dos intereses do Goberno que pasan por aprobar o Plan Xeral tal e coma existe agora mesmo.

Ó xuízo do Grupo municipal do Partido Socialista a petición de referéndum, que neste caso temos que lembrar que non está promovida por ningún partido político, non é ningún grupo político quen pediu o referéndum, nin quen presentou 21.000 sinaturas, senón que é en principio unha iniciativa cidadá utilizando un mecanismo que nós mesmos lle demos. No ano 92 este Concello aprobou a posibilidade de que os cidadáns se acadan as firmas necesarias, pidan unha consulta popular naqueles temas que coiden de interese, é un mecanismo que en principio estamos dispostos a facilitar no futuro, ninguén puxo en cuestión que no futuro regulamento de participación cidadá, que

esperemos que en próximas datas se someta a votación, ninguén puxo en dúbida que este mecanismo se manteña e facilite e en principio débenos levar a que coma mínimo, que é en realidade o que sometemos a consideración dos Grupos municipais desta Corporación, se tramite esa solicitude de referéndum.

Se existe dúbida de que a solicitude de referéndum ou un referéndum sobre o Plan Xeral poida acadar intereses supramunicipais, intereses doutros Concellos e efectivamente excede do que é a competencia de decisión dos propios cidadáns de Vigo, que se someta á opinión de quen en realidade debe valorar e decidir esa cuestión que é o propio Consello da Xunta de Galicia. Se o Goberno municipal mantén a desestimación da solicitude de referéndum con eses argumentos, iso lévanos a votar en contra e a solicitar de novo, aínda que só sexa por respecto a aquelas persoas que se molestaron en subscribir unha petición de referéndum por algo que lles preocupa moito porque coma mínimo hai que recoñecer que lles debe preocupar moitísimo para tomar semellante iniciativa, se lle dea trámite a unha iniciativa que lembremos que na historia do Concello de Vigo só se produciu en dúas ocasións e nas dúas por motivos urbanísticos. Nun primeiro caso pola ordenación urbanística proposta para Samil e no segundo para o que agora mesmo é o Plan Xeral e que nos debe levar a que, se non queremos que os cidadáns coiden que se lles está tratando dun xeito diría que case despectivo, efectivamente se lle dea trámite á solicitude de referéndum no sentido indicado na nosa proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dez votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, oito votos en contra dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Punte, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Porteiro García, Ruiz Ceniceros e Sío Lourido, e nove abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Bermúdez Pérez, Cotobade Tombo, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, acórdase:

Primeiro.- Desestimar a petición de consulta popular referida ó Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado inicialmente en sesión de data 30 de decembro de 2004.

Segundo.- Notificar o presente acordo á Asociación que figura no encabezado do escrito presentado facendo constar que é definitivo en via

administrativa e que contra o mesmo, sen prexuízo doutros que estimen procedentes, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o Pleno do Concello no prazo dun mes a partir do día seguinte a aquel no que se reciba a notificación ou ben recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados Contencioso-Administrativos de Vigo no prazo dos dous meses seguintes.

Explicación de voto do voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro:

Sen entrar a facer valoracións en ningún sentido do fondo do tema porque é unha explicación de voto, dígolle que realmente na nosa opinión lévanos á abstención non saber realmente quen asina.

Hai unha exposición nos argumentos do Sr. Ruiz que nos parece certa e que recoñecen os propios informes e é que se fixo unha mostraxe para saber se as firmas se corresponden ou non cos cidadáns que teñan dereito ao facer. Paréceme iso unha práctica intolerable por parte do Goberno municipal porque nos pon diante para votar un documento que realmente non sabemos se está lexitimado coma tal para o facer ou non e polo tanto, independentemente da nosa opinión sobre o referéndum, dende logo neste caso non nos podemos pronunciar sobre o fondo do tema.

Explicación de voto do concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Viéitez Alonso:

Pensamos que non é de recibo que no tempo que se tivo por parte do Goberno municipal non se contrastaran todas as sinaturas que avalan a petición e polo tanto cando menos queda dúbida se realmente todas esas persoas estaban incluídas no censo ou non; sinceramente, unha mostraxe non é suficiente.

Dous aspectos máis a salientar: Nós pensamos que durante catro anos e medio, imos camiño xa dos 5 anos de Plan Xeral, houbo unha participación máis que suficiente nese sentido, boa proba diso é o amplo consenso que suscitou no Consello Sectorial de Urbanismo onde practicamente a inmesa maioría, 20 das 21 entidades, grupos políticos e asociacións veciñais, empresarios, sindicatos, etc., avalaron xa non só o contido, senón todo proceso.

Polo tanto nese sentido a nós tamén nos obriga a manter a posición que se reflicte na votación.

3.- (27).- MODIFICACIÓN ACORDO PLENARIO 31.05.04, RELATIVO Á MANIFESTACIÓN DA CONDENA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO.

ANTECEDENES.- O Consello Municipal da Muller, na súa sesión ordinaria que tivo lugar o día 1 de febreiro de 2006, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Modificar o acordo plenario do día 31 de maio de 2004, no que se acordou "que o Concello de Vigo manifieste a súa condena á violencia de xénero mediante a convocatoria dunha concentración ás 12 horas na Praza do Rei e a gardar un minuto de silencio en cada sesión plenaria, cada vez que se produza un novo asasinato", por "Que o Concello de Vigo manifieste a súa condena á violencia de xénero mediante o apoio á convocatoria da concentración en repulsa da violencia de xénero, que realiza a rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo, os últimos xoves de cada mes na rúa do Príncipe, fronte ó Marco. O Goberno municipal comprométese a apoiar a concentración difundindo a convocatoria entre todos/as corporativos/as, o funcionariado e entre a cidadanía"

Segundo.- Gardar un minuto de silencio en cada sesión plenaria, xusto antes do punto da orde do día que dá paso ás mocións, cada vez que se produza un novo asasinato."

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, en sesión do día 20 de febreiro, dictamina favorablemente o anterior acordo.

DEBATE.- SRA. MOLARES PÉREZ: A violencia de xénero segue a ser un dos problemas importantes da nosa sociedade e por iso no último Consello Municipal da Muller realizado o 1 de febreiro tentouse de establecer medidas máis efectivas cara a combater esa violencia sensibilizando á poboación.

Por iso se acordou modificar o acordo plenario de 31 de maio de 2004 no que se dicía que cada día que morrera unha muller por mor da violencia de xénero, ás 12 da mañá houbera unha concentración na Praza do Rei. Tamén xunto con este acordo outro: que ó principio de cada Pleno houbera un minuto de silencio que mostrara á sociedade viguesa o rexeitamento da violencia.

Neste caso substituíuse este acordo por outro que coidamos pode ter máis implicación da sociedade que é que o último xoves de cada mes a Corporación, os funcionarios e en xeral toda a sociedade viguesa faga ese rexeitamento á violencia na porta do MARCO, xuntamente coa Rede de Mulleres

Veciñais de Vigo que ven loitando e traballando activamente contra violencia de xénero e por esas mulleres que seguen a sufrir malos tratos.

Como segundo punto un minuto de silencio en cada sesión plenaria pero no propio desenvolvemento do Pleno, antes de pasar ó apartado de mocións.

Estes dous puntos son os que se traen a aprobación plenaria e coma digo contan co apoio por unanimidade do Consello Municipal da Muller e de todos os Grupos municipais.

Tamén se está traballando para o próximo Consello Municipal da Muller noutras medidas que xurdiron ó longo da reunión e do debate con todas as mulleres e cos Grupos municipais que poden ser máis chamativas e máis xerais para a cidadanía coma é a posta en marcha dunha pancarta que simbolice ese rexeitamento da sociedade viguesa diante dos casos de violencia e outras actuacións de rexeitamento en eventos de moita afluencia de público.

En Vigo desgraciadamente este tema é especialmente importante neste ano porque sufrimos casos concretos no propio Concello e queremos seguer a mostrar ese rexeitamento conxunto de todos.

Este ano, se comparamos coas cifras do ano pasado que foron altas porque moitas mulleres morreron, pero nos dous meses que levamos deste ano a verdade é que o incremento da violencia é importante, máis dun 20%. Esperemos que só pase isto nestes meses e que realmente as medidas que se están adoptando polo Goberno central, pola Xunta de Galicia e tamén no ámbito municipal axuden dalgún xeito a paliar este grave problema.

Coidamos que a educación é fundamental é tamén por iso ó longo do Pleno haberá outras mocións referentes a acadar a igualdade na educación, no traballo, que nos leve a que realmente estes problemas de violencia que tiñan que estar erradicados se solventen.

Aproveito tamén este acordo plenario, en nome das corporativas deste Concello que coido que me autorizan para facer un chamamento sobre todo a todos os Corporativos e Corporativas para que nos momentos de rexeitamento da violencia de xénero esteamos todos presentes, sobre todo os Corporativos porque son un exemplo para o resto da sociedade viguesa.

SR. SOTO FERREIRO: Pido a palabra para insistir nun argumento de fondo sobre esta cuestión. Podemos e debemos facer manifestacións coma as que aquí se propoñen, calquera tipo de manifestación para tentar paliar ou erradicar esta auténtica lacra social que é a violencia de xénero que ogallá chegue ó seu fin algún día.

Pero non nos enganemos, malia que temos unha Lei votada recentemente polo Parlamento español, realmente avanzada con respecto ás que pode haber noutros países do mundo, non é suficiente. Contemplei certa autosatisfacción no Grupo do Goberno do Estado máis ou menos dicindo que pariron unha lei fantástica, progresista e avanzada. Terían que saber que non abonda; o terrorismo doméstico, porque non ten outra cualificación, un feito que produce mortes e máis mortes sen parar mentres non teña un tratamento de fondo non se vai erradicar. O tratamento é educacional, cultural e de distinto signo pero sempre e imprescindiblemente cun emprego de fondos importante.

Dito isto eu quéro lle pedir á Voceira, neste caso do Partido Popular, que a nivel municipal se estude qué facer pero non só en campañas, que está moi ben, non só no feito da concienzación social que tamén está moi ben, senón para tratar o tema de fondo e que se coordine coas outras administracións.

Fala a Sra. concelleira do Partido Popular para estes asuntos e invoca actuacións de Concello, Xunta e do Goberno do Estado. Moi ben, se estamos diante dun terrorismo doméstico, non me recato do calificar así porque así é na nosa opinión, teñen que actuar coordinadamente todas as forzas políticas por suposto, pero dende logo todas as instancias gubernamentais empregar medios e recursos de todo tipo, senón para o erradicar da noite para a mañá que seguro que é imposible, si para o paliar o máis posible.

Non hai ningunha solución miragreira para este tema. Tampouco cabe facer discursos fáciles cara a galería pensando que se se empregan máis ou menos recursos isto vai ter unha solución inmediata, pero convirán comigo que se empregan recursos a fondo en todos os eidos estaremos moito máis perto dunha sociedade neste sentido máis civilizada do que estamos. Estamos todos moi satisfeitos da sociedade na que estamos pero neste tema está absolutamente incivilizada.

SRA. MÉNDEZ MARTÍNEZ: Apoio totalmente o que acaba de dicir o Sr. Soto e nese sentido, coma tamén sabe o Sr. Soto, presentaremos unha moción ó longo do Pleno.

Non me vou alongar nas xustificacións de fondo disto, pero si lle quero lembrar á concelleira do Grupo Popular, Sra. Molares, que o acordo que se tomou no Consello da Muller tamén ía en canto a medidas e recursos, non sei se no discurso se lle esqueceu comentalo pero si que se decidiu apoiar dende o Concello, tanto a nivel de medios de comunicación como poñer todos os medios dende o Concello, económicos, recursos, etc., para que esa

concentración que se vai facer todos os xoves de fin de mes teña a suficiente repercusión a nivel da cidade para que a xente acuda a ela. Dende o Consello da Muller pediuse que dende aquí se apoiase pero evidentemente que ese apoio non só ten que ser testemuñal, coma ben dicía o Sr. Soto, son necesarios recursos, é necesario que haxa cuñas publicitarias, que se anuncie nos medios e que dalgún xeito coa nosa presenza reforcemos esa concentración. Coido que iso si se debe reflectir no acordo plenario.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Non pensaba intervir porque entendo que o acordo que hoxe se trae é tan concreto e sucinto coma o que a Sra. Molares explicou no sentido de modificar unha decisión por outra que a mellora e o que fixo a Sra. concelleira do Partido Popular e delegada de Muller, foi anunciar unha serie de medidas que se están estudando.

En todo caso e á vista da inqueda manifestada polo Voceiro do Partido Galeguista e pola concelleira do BNG gustaríame facerlle unha proposta a este Pleno: Que para o día 18 de marzo se faga un Pleno extraordinario no que poidamos xa coñecer esas medidas e proceder ó seu debate e, de seren posible, votación. Digo o día 8 por ser un día un tanto especial e entendo que sería unha forma moi oportuna de poderen dalgún xeito traer o debate sobre a muller tamén á sociedade.

Se non é o día 8 que sexa outro día pero alomenos que houbera un Pleno extraordinario no que poideramos falar abondo das mesmas cousas das que falamos no Consello da Muller e das que moitos Corporativos que están aquí non teñen coñecemento porque, aínda que estean representados os partidos, é certo que é difícil dar logo traslado en amplitude de todas as cousas que alí se falan.

Paréceme que sería un bo xeito de crear conciencia e de axudar a que as decisións, que sabe vostede que son apoiadas sempre, por este Grupo dende logo, na medida en que vaian na dirección en que están indo nestes momentos, sexan comprendidas, asumidas e eficaces.

SRA. MOLARES PÉREZ: Agradezo as suxestións de todas e todos as intervintes pero en canto a facer un Pleno o 8 de marzo con esas medidas concretas, o que acordamos no Consello Municipal da Muller foi tratar esas propostas anteriormente. Véxoo un pouco precipitado aínda que coma ben di hai cousas xa preparadas, pero coido que primeiro se ten que facer no Consello Municipal da Muller precisamente para que sexan opinións contrastadas con

todos os Grupos e teñan o maior grao de consenso xa que alí estamos todos os Partidos políticos.

Efectivamente no Consello Municipal da Muller só estamos as mulleres e paréceme boa idea traelo ó Pleno para que haxa maior implicación de todas as Corporativas e tamén dos Corporativos, pero marcaremos a data dese Pleno despois do tratar no Consello Municipal da Muller.

De todos os xeitos en canto a temas coma o da violencia ou Plan de igualdade contamos no Concello de Vigo con dous Plans públicos aprobados pero podemos facer un Pleno. Se os demais Corporativos o ven ben, acepto facer un Pleno específico nese ámbito marcando unha data realmente na que nos dea tempo, mesmo se pode presentar ese Plan de Igualdade Municipal que é unha peza esencial para seguer traballando e erradicando a violencia nun futuro.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Vaime permitir, Sra. Concelleira, que lle solicite unha data de referencia aproximada de cándoo pode acontecer porque do contrario os traballos do Consello Municipal da Muller vanse ralentizar e se isto non se toma coma unha prioridade, novamente imos caer no que vostede xa coñece perfectamente.

Suxírolle que nos dea unha data orientativa e que a seguer reuna vostede todas as veces que sexa preciso pola vía de urxencia ó Consello Municipal da Muller ata que teña a aprobación definitiva e as técnicas municipais poidan traballar na materia.

SRA. MÉNDEZ MARTÍNEZ: Intervimos para apoiar a proposta que acaba de facer a Voceira do Grupo municipal do Partido Socialista. Estamos totalmente de acordo e canto antes mellor, claro está.

SRA. MOLARES PÉREZ: Estamos falando dunha semana e penso que é precipitado facelo nesa data. Podemos dicir que a finais do mes de marzo ou primeiros de abril.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar o acordo adoptado polo Consello Municipal da Muller en sesión do día 1 de febreiro de 2006, co texto que se transcribe nos antecedentes desete acordo.

4.- (28).- SOLICITUDE DE COMPARECENCIA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA E COMPARECENCIA, NO SEU CASO, DO CONCELLEIRO DELEGADO DE PERSOAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 7 de febreiro de 2006, a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Graña Barcia, formula a seguinte petición de comparecencia:

"1.- O Pleno da Corporación, en sesión do 28 de febreiro de 2005, aprobou o orzamento municipal para o ano 2005, así como o cadro de persoal para o exercizo 2005. A aprobación do orzamento, que se produce gracias á abstención do Grupo Municipal Socialista, permitiu a elaboración da Oferta Pública de Emprego para o 2005.

2.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do 30 de maio de 2005, aprobou a relación de postos de traballo, así como as súas instrucións para o ano 2005, sendo publicadas no BOP do 7 de xuño de 2005.

3.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do 13 de xuño de 2005, aprobou a Oferta Pública de Emprego para 2005. A Oferta íntegra 171 prazas e o voceiro do Goberno, Xosé Manuel Figueroa, denominouna "a maior oferta de emprego público realizada polo Concello en toda a súa historia".

4.- Por resolución do 7 de xulio de 2005, publicada no BOE do 15 de setembro de 2005, anúnciase a Oferta Pública para o 2005 do Concello de Vigo.

5.- En outubro de 2005, catro meses despois de que se aprobara a Oferta Pública de Emprego, o Grupo Municipal Socialista puxo de manifesto o feito de que o Goberno non elaborara nin publicara as bases da convocatoria. Naquel momento o Grupo Socialista requiríulle ao Goberno a súa inmediata convocatoria.

6.- A paralización inxustificada da convocatoria da Oferta Pública está inducendo a un uso constante da contratación temporal de traballadores para cubrir as vacantes existentes. As carencias en materia de persoal municipal son importantes e a lentitude na tramitación da Oferta invita a constantes contratacións de interinos e eventuais, así como a graves deficiencias no funcionamento dos servizos e, sobre todo, afecta gravemente a expectativa do emprego público de todos aqueles que lexítimamente aspiran a participar no procedemento de selección.

7.- As prazas que integran a Oferta de Emprego do ano 2005 estaban debidamente dotadas orzamentariamente, se ben a non convocatoria permitiu a utilización dese crédito en outros fins, en concreto nun incremento do complemento de produtividade, aprobado en sesión do Pleno do 7 de decembro e 2005.

8.- Na sesión do Pleno do 7 de decembro de 2005, ante a crítica vertida polo Grupo Municipal Socialista relativa ao inxustifico atraso na

convocatoria da Oferta Pública de Emprego, o Concelleiro Sr. Guerra recoñeceu que o atraso era certo.

Por iso, ante o inxustificado atraso na convocatoria da Oferta Pública para o ano 2005 solicito:

A comparecencia urxente do Concelleiro de Xestión Municipal para que informe ao Pleno da Corporación das seguintes cuestións:

- a) Cáles son as razóns do atraso inxustificado na convocatoria da Oferta Pública de Emprego para o ano 2005.
- b) Cal é a data prevista polo Goberno Municipal para efectuar a convocatoria."

A PRESIDENCIA: Antes De proceder á comparecenza temos que votar a solicitude do Grupo Socialista.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constituen de dereito e de feito, apróbase a urxencia da solicitude.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Gustariame que constara en acta que foi unha decisión da Xunta de Voceiros que se tratase a solicitude e a comparecencia no mesmo día, pero o Goberno tería a opción de facer a comparecencia noutro Pleno. Que quede constancia disto xa que é un tema importante non vai ser que algún día se tome como norma.

SRA. GRAÑA BARCIA: Unha dúbida procedimental: non é necesaria entón a xustificación da comparecencia.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Hai un escrito de solicitude e coido que me basearei nese escrito.

Cando me solicitaron que me encargara da Concellería de Persoal algúns compañeiros de Corporación e mesmo da oposición dixéronme que había coma unha especie de código de solidariedade entre ex compañeiros da Concellería de Persoal, esa solidariedade significa que se ten en conta a dificultade que ten esta Concellería. Semella que non estou dentro desta cota de solidariedade e por iso teño que comparecer neste momento aínda que o fago encantado.

O primeiro que quero dicir é que rexeito de plano o fondo e a forma da propia solicitude de comparecencia. Tentarei explicar o fondo e a forma

porque no meu caso non se me comunicou, ou comunicóuseme cando eu teño a comparecencia e así xa me entero polos medios de comunicación.

En calquera caso estou moi agradecido de que se me dea esta oportunidade porque me permite desenmascarar un pouco unha certa política do Grupo da oposición, o Grupo Socialista ó que eu vexo un pouco nervioso ultimamente cando tratamos temas de persoal ou de recursos humanos, mesmo tamén o vexo cunha especial incapacidade de autocrítica para ver o traballo dos demais co prisma da súa propia actividade cando tiñan que desenvolver o mesmo traballo que teño que facer eu nestes momentos.

Non sei cal é a razón desta escasa autocrítica pero é posible que teña que ver con que neste momento hai paz social dentro do Concello e iso pódalles molestar ou pode ser que temos capacidade para chegaren a acordos coa representación sindical e iso poña nerviosos a algúns dos seus membros.

Eu voume propoñer nesta comparecencia dar datos, datos moi concretos para que non sexa eu dende un punto de vista subxectivo quen tente explicar o meu traballo a respecto da oferta pública de emprego que é ó que se refire a comparecencia e que sexan os cidadáns quen valoren a capacidade de xestión da cada un dos gobernos.

No escrito que nos presenta o Grupo socialista a tese básica é que hai un retraso importante na execución da Oferta Pública de Emprego. Sobre iso quero dar algunha luz para poder ter as cousas claras.

Oferta pública do ano 2000: aprobouse na Comisión de Goberno de 18 de setembro e as probas realizáronse entre xullo e finais do ano 2001.

Oferta pública do ano 2001: aprobouse na Comisión de Goberno do 21 de decembro do ano 2001 e as probas realizáronse en novembro do ano 2002 ata finais de febreiro do ano 2003.

Oferta pública do ano 2002: Comisión de Goberno do 16 de decembro do ano 2002, realizáronse as probas en novembro do ano 2003 e xaneiro do ano 2004.

Oferta pública do ano 2003: nin se fixo, nin se espera. Non se realizou ningunha oferta pública de emprego durante o 2003.

Coido que os datos son bastantes claros ó respecto cando dicimos que no ano 2000 aprobouse o 18 de setembro, as probas foron en xullo e setembro. No ano 2001 aprobouse o 21 de decembro e se fixeron as probas no mes de novembro ata febreiro de 2003. Digo que no 2002 a Comisión de Goberno é do 16 de decembro, no mesmo escrito o Grupo Socialista recoñece que nós aprobamos a Oferta pública o 13 de xuño e eu teño que comparecer por método de urxencia o 27 de febreiro. Coido que o espírito de autocrítica brilla

pola súa ausencia neste caso e isto pode explicar algunhas das circunstancias que se están dando nestes momentos.

É máis, a Oferta Pública do ano 2000, esa oferta cuxas probas se realizaron entre xullo e finais do ano 2001, era de 54 prazas. A do ano 2001 era de 55 prazas. A do ano 2002 de 105 prazas. A do ano 2003 xa dixen que non existía. No escrito do Grupo Socialista criticábase con certa ironía que o Sr. Figueroa dixera que a nosa Oferta pública que é de 171 prazas era a maior da historia municipal.

Coma poden vostedes comprobar ano por ano, en canto ó ano 2000 a oferta actual é case do triplo, con respecto ó ano 2001 é aproximadamente do triplo, no ano 2002 eran 105 prazas, é dicir, se sumamos todas as prazas xeradas na anterior lexislatura o total é de 204 prazas; esta oferta pública que estamos executando neste momento significaría nun ano o 86% de todas as prazas xeradas na lexislatura anterior. Coido que este dato tampouco admite moito máis comentario cando teño que comparecer no mes de febreiro por vía da urxencia.

Ademais no escrito do Grupo Socialista se fala coma dunha cousa extraordinaria que con respecto a eses cartos que non se utilizan porque as prazas están sen cubrir, faise unha modificación de crédito para utilizalo por produtividade, coma se fose unha cousa extraordinaria.

Pleno de 26 de abril do ano 2001: A Concellería de Economía e Facenda di que para atender necesidades da Xerencia Municipal de Urbanismo e na área de Cultura se financian con cargo a partidas do Capítulo I 50 millóns. O 30 de xullo do ano 2001: Modificación orzamentaria da partida de vestiario con cargo a vacantes do Capítulo I. Cámbianse de Capítulo 45 millóns de pesetas daquela. Chámame moito a atención unha intervención do Sr. Figueroa pero que non vou repetir neste momento.

O 29 de xullo do ano 2002 está a Modificación de crédito 20 do ano 2002 e o Voceiro do Goberno daquela propón no punto 8 da orde do día: "Modificación de crédito número 20 que incorpora un valor total de 2.348.000 euros que se xustifican con baixas no Capítulo I do orzamento de gastos coma consecuencia da oferta de emprego público non cuberta nos anos 2001 e 2002, entroutras cousas utilizados para transferencias á Mancomunidade, relación de obras de Vías e Obras, Parques e Xardíns, Medio Ambiente, Parque Móbil e un programa especial de publicidade de Relacións Públicas. O meu compañeiro, Sr. Figueroa, daquela lles di: "Cando levamos tres meses xa nos traen a primeira modificación de crédito, pero lles vou dicir unha cousa: 25 millóns máis para publicidade..." Non vou sequer lendo porque é longo.

O 1 de agosto de 2003 houbo un crédito extraordinario, modificación nº 50/2003 por un 1.576.000 euros para gastos ordinarios de investimento. O Sr. Soto daquela di: "chafulladas a domicilio" con moita razón e dona Corina Porro que hoxe é Alcaldesa di: "Se ben é lóxico que a mediados de ano, coma é o caso, poideran xurdir necesidades que obriguen a facer unha serie de modificacións e reaxustes no orzamento, como pode ser por exemplo o caso de Balaídos, non cremos de recibo que gastos do Capítulo I se detraian para ampliar o Capítulo II de gastos de persoal para gastos correntes e para temas ademais que deben estar xa orzamentados coma a limpeza da Casa do Concello ou publicidade da Oferta pública". Iso foi no ano 2003 e neste mesmo ano houbo outra modificación de 148.000 euros para publicidade e proganda e asistencias técnicas na Oferta de emprego público. O único que nós fixemos co que menciona o Grupo Socialista é utilizar cartos do Capítulo I para o Capítulo I coma acordamos cos axentes sindicais desta Casa.

Pero ademais di o escrito do Grupo Socialista que eu nalgún momento, non sei en qué data me queixaba de que efectivamente tiñamos retraso. É certo que a min non me gusta que esta Oferta pública teña este ciclo de vida. A Sra. Graña sabe que no tempo que levamos aquí sentados coma Concelleiros este concelleiro tivo o orgullo de crear máis de 100 postos de traballo directos e máis de 1.000 indirectos e a min non me gusta moverme á velocidade que xera esta oferta pública de emprego coma é normal nas empresas que teño que xestionar, pero outra cousa diferente é que esqueza que a realidade na que nos atopamos é a que é e vostede coñece moi ben.

Polo tanto, efectivamente a min gustaríame que a Oferta pública funcionara máis rápido, que se fixera a máis velocidade, pero a realidade é a que é e non me podo inventar outra. Esta é a realidade e serve de comparanza as Ofertas públicas de anos anteriores que se realizaron con máis retraso ca que actualmente temos na man.

Faime unha solicitude de prazas e voulos dar: Venres 24 de febreiro, a pasada semana, os responsables do departamento de Persoal fannos entrega das bases. A semana do 6 de marzo haberá unha mesa xeral de negociación cos sindicatos para discutir esas bases, a seguir solicitarase un informe a Intervención e esperamos poder aprobala entre o 13 e o 20 de marzo. Lembro os datos das ofertas públicas do ano 2000, 2001, 2001 e non podo lembrar os do 2003 porque non houbo. Aprobación en Xunta de Goberno de 13 ou 20 marzo, publicación no BOP unha semana máis tarde, publicación no DOG á semana

seguinte, anuncio no BOE máis ou menos 20 días despois. Esperamos comezar as probas o día 15 de xullo deste ano.

Quería deixar para o final unha parte da exposición de motivos, punto 1, que se refire ó orzamento municipal. Di que "...gracias á abstención do Grupo Socialista pódese facer a Oferta Pública de Emprego". Eu no Pleno dos orzamentos xa agradecín a posición do Grupo Socialista pero sinceramente non creo que teñan que ter tanta autosatisfacción. Reiteradamente temos que lle dar as gracias ó Grupo socialista por esa abstención pero eu, que participaba naquela negociación, quero dicir que vostedes se abstiveron porque tactivamente lles interesaba polas razóns que consideraban.

Nos orzamentos do ano 2006 eu persoalmente lles propuxen que nos gastos correntes fixeramos o mesmo orzamento que no ano 2005 e propúxenlles que discutiramos os investimentos dende o punto cero para poder aprobar o orzamento do 2006, por iso digo que, se a súa posición fora tan altruista, gracias a vostedes tamén poderíamos aprobar o Orzamento do 2006, pero probablemente gracias á súa posición de partida pouco explicada non o poidamos facer. A diferenza probablemente é que agora estamos máis perto das eleccións e esta é outra posición táctica que esquece o interese da cidade.

SRA. GRAÑA BARCIA: Por comezar polo remate, en relación á súa última referencia respecto ó Orzamento e sobre todo porque non é o tema do día, pero si lle precisar pola alusión que dende logo non teñen que nos dar as gracias, nin vostedes nin os cidadáns, porque actuamos no seu momento coa obriga e coa responsabilidade que nos corresponde coma seguimos actuando nese sentido, acertada ou erradamente pero dende logo co concepto do que coidamos debemos facer. Non están vostedes obrigados, nin moitísimo menos, a dármonos as gracias; vostedes actúan consonte o seu criterio e nós obviamente consonte co noso tentando atopar sempre a mellor solución a todos aqueles problemas que poida ter a nosa cidade.

Lamentablemente, Sr. Guerra, esperabamos un bo anuncio nesta comparecencia e temíamos un relatorio. Efectivamente atopámonos cun relatorio de datos pero coido que tampouco nos atopamos un bo anuncio aínda que si é bo poder contar nestes momentos cunhas datas que nos poidan permitir seguir un control máis exhaustivo deste tema.

Creemos, Sr. Guerra, que esqueceuse do feito de que o PP goberna esta cidade dende decembro de 2003, que hai algo máis de dous anos que é vostede o

único protagonista para o bo e para o malo do que aconteza en materia de persoal e moi en concreto respecto da oferta pública de emprego.

Non é esta a Oferta de emprego de seis meses de goberno de 2003, coma tampouco o é da oferta que debeu ser e ó mellor non foi nos anos 1996 ou 1997. Lamentablemente a súa xustificación, coma ben sendo habitual, non é máis que iso, un relatorio de datas onde nin siquera concreta cando nin como ou a comparanza que fai vostede das mesmas porque, Sr. Guerra, vostede ben sabe que aquí todos contamos cos mesmos datos e as interpretacións poden ser distintas. Se se toman coma referencia as ofertas dos últimos anos e de verdade cremos que vostede non o debería facer e debera centrarse exclusivamente na que lle corresponde, atopámonos con que supera vostede medias mesmo doutros gobernos do Partido Popular.

A referencia que existe nas últimas ofertas entre as datas de aprobación e as bases, non falo da realización das probas, está en torno a tres meses e nalgúns casos coma no mandato anterior a un mes. Polo tanto, Sr. Guerra, coidado coas datas que poden ter distintas interpretacións, confundir e non chegar ó obxectivo do que aquí se está formulando que é única e exclusivamente que se realice esa oferta pública de emprego.

Lévanos tamén á sorpresa ese segundo argumento que anticipadamente fomos mesmo coñecendo polos medios de comunicación, en relación á complexidade pola cantidade. De verdade, Sr. Guerra, non o podemos entender porque estamos a falar única e exclusivamente da elaboración dunhas bases que afectan o mesmo a tres prazas que a 300 prazas de auxiliar administrativo e á súa publicación nos boletíns oficiais e se ben cremos, Sr. Guerra, que o problema que está detrás de todo isto é que vostede nin está, nin se lle espera. Ise é o auténtico problema cando estamos falando dun departamento de Persoal que leva case un ano sen que se cubrise a praza de Xefe de Persoal nunha empresa (a vostede gústanlle esas referencias ó mundo da xestión privada) de case mil cincocentos traballadores; non cremos que nunha empresa privada se poidera soportar unha xestión desas características.

Para concluir, alegrámonos de contar xa cun calendario, descubrimos o mellor mecanismo para ter determinada información e posiblemente para exercer a presión necesaria e concreta para que cousas moi importantes coma é a Oferta pública se poñan en funcionamento.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Sr. Guerra, coido que en todo caso debera analizar o que expuxo porque é curioso que critique o que vostede mesmo está facendo ou di que vai facer porque aínda non o fixo.

É máis, seguen utilizando a memoria selectiva. Tremémonos que vostedes voltan de novo cara atrás porque é curioso que cando gobernou o PP a Oferta de emprego público brillou pola súa ausencia. Téñolle que lembrar a do ano 98, cando o PP tiña maioría absoluta? Ou se quere a do 97.

En tres anos a Corporación anterior vai crear máis prazas que en seis anos e medio de goberno do Partido Popular, bastante máis. Isas son as contas que debera botar vostede e non outras.

Cando votamos en contra dos Orzamentos entroutras cousas sabiamos o que ía pasar e precisamente por iso lle votamos en contra, nomeadamente polo Capítulo I.

Á parte da conversión de prazas dun xeito irregular, non vou utilizar outra palabra porque xa miraremos no que queda iso, para engordar ata as teóricas 171 prazas que vostedes quitan por quenda libre, hai un par de aspectos que a nós si nos preocupan demasiado: vostedes están introducindo a precariedade laboral neste Concello que era unha excepción e agora convírtese en norma. Iso si que nos preocupa moitísimo máis que a propia execución da Oferta de emprego que tamén nos preocupa. É curioso, coma vimos o ano pasado que Xunta de Goberno tras Xunta de Goberno vostedes levaban contratacións temporais de tres meses que logo estendían a seis meses. Isa é a creación de emprego que vostedes queren para este Concello? Dende logo que co noso apoio non van contar, en absoluto, é máis, pensabamos que esa práctica se ía rematar con esta famosa Oferta de emprego que por certo de momento está sen executar, xa veremos o que dá de si pero non vaíamos facer futurismo.

Pensabamos que esta práctica se ía rematar pero é curioso que na Xunta de Goberno de hoxe levan outro expediente para contratación de catro prazas eventuais. De 287 laborais que existen neste Concello 26 están en precariedade cousa que xamais acaeceu neste Concello. Estamos nunha cifra en canto a laborais de 9,5% de eventualidade. Coido que levan un bo carreirón para chegaren a ese 30% de promedio que existe no Estado.

Qué dicirlles dos 27 funcionarios interinos neste momento que se aproban as catro prazas se converterían en 31. Eventualidade, esa é a política de persoal que practican vostedes e non van contar en absoluto co noso apoio.

Falan de que a Oferta de emprego é máis grande pero sinceiramente non cumpren unha das súas promesas electorais porque, onde van as famosas 100

prazas de policías locais? Ou é que se engadiron a esas 100 prazas as 90 que nós creamos? Se é así claro que case cumpren a promesa. Pero non é certo, é todo o contrario.

Unha recomendación: cando menos escoiten ós técnicos, á súa experiencia porque é importante. Aquí déronse pasos cara adiante que vostedes voltan cara atrás, xa non só na precariedade que para nós é o factor fundamental, máis importante que hai política de persoal, senón que ó mesmo tempo en canto ós procesos selectivos vostedes voltan cara atrás novamente, voltan ás prácticas do Goberno de maioría absoluta do PP. Iso é lamentable e vostedes mesmos recoñéceno nos informes-proposta que levan á Xunta de Goberno.

Isa experiencia deulle prestixio neste Concello a unha voz moi estendida que precisamente os políticos temos a obriga da alonxar e que agora se volta correr. O que é máis: vostedes son selectivos nas ofertas aínda que sexan temporeiras porque non permiten o acceso a todo o mundo, senón única e exclusivamente a tres persoas por praza a cubrir. Por qué non facer os procesos coma se fixeron na anterior Corporación? Daban prestixio, eran transparentes, podía acceder todo o mundo e agora non. Cando menos eses comentarios estamos obrigados a eliminalos e non ó contrario, Sr. Guerra.

Nese sentido lles animamos a que escoiten ós técnicos e a que non volten cara atrás naquilo que se corrixiu, se van por ese camiño terán a nosa colaboración.

O noso Grupo municipal foi e seguerá sendo discreto en moitas cousas, non podo dicir o mesmo de vostedes e ás prácticas remítome porque vostede leu o que lle interesou, pero a práctica do Partido Popular na anterior Corporación non foi precisamente isa senón todo o contrario, é máis, cun proceso aberto absolutamente a todo o mundo que quixo participar, cousa que agora non se dá nese sentido. É precisamente o único xeito de que poida obter colaboración e corrixir determinadas cuestións.

Pensamos que temos diferencias máis que suficientes no plano político e no ideolóxico para utilizar a cuestión de persoal coma unha arma arroxadiza entre todos porque debера dar a impresión, que na práctica non a dá, de que nisto debера haber confluencia de todos os Grupos municipais para corrixir determinadas deficiencias que todos observamos e que dun xeito máis ou menos acertado tentamos poñer enriba da mesa pero do único xeito que se fai é abrindo e non pechándose en banda coma fixeron vostedes.

SR. SOTO FERREIRO: Unha vez máis escenifican os tres Grupos municipais un divorcio duns cos outros. Os relatorios de todos maquillando cifras cada quen segundo as súas opinións, disfrazándoas non sei se pola época na que estamos, parece debuxarnos a todos un concurso de deméritos, xogan a aquilo de "ti máis", "ti fixéchelo peor", "ti peor ca min"... sen aparecer ningunha argumentación por parte de ninguén sobre qué cumpriría facer no Concello de Vigo en canto a política de persoal. Eu non lle escoitei nin ó Sr. Concelleiro responsable, nin ós demais intervintes, con todos os respectos para todos, ideas ou obxectivos de qué facer co tema de persoal e ó mellor se tentamos abordar un todo perdémonos totalmente.

Cada quen pensa que pode facer as cousas mellor ca os demais seguramente. Eu estou totalmente convencido de que un Partido Galeguista necesariamente decisivo (nesta Corporación non o é, serao na vindeira, se Deus quere) contribuiría nestes temas a que as cousas se fixeran moi doutro xeito de coma se veñen facendo nestes e en anteriores tempos. Pero tampouco nos gustaría quedármonos con iso de que poderíamos facelo mellor e por iso lles propoño algo máis positivo: por qué non tentamos entre todos facer algo positivo xa hoxe? Sería ou non posíbel?

Propoñolles a todos tres liñas de actuación e non só falar da liña xenérica, unha de pacto xeral de emprego, de qué postos de traballo se incorporan ou non. Pero, para qué son os empregos? Para administrar os bens municipais, para que isto funcione e dea bos servizos ós cidadáns e perdón por esa obviedade da cita pero é para lles dicir a seguir que ese é o norte porque dá a impresión que algúns de vostedes ás veces o perden, ensaríllanse nas discusión de cifras e datos e perden o obxectivo real. Se o obxectivo real é ise eu propoñolles, non hoxe aquí, cando queiran, noutro momento, noutro lugar.

Cando nos manifestamos en distintos lugares sobre cómo funciona esta Casa, dende logo os cidadáns evidentemente, pero tamén os políticos que estamos aquí non estamos satisfeitos de cómo funciona isto. Digamos a seguir ou alomenos dígo eu coa man no peito, que a responsabilidade é nosa, non é dos funcionarios, somos nós quen temos que organizar esta Casa para que funcione mellor e eu non vexo vontade política do facer, que xa non digo acerto ou non.

Insisto en que propoño dúas liñas de actuación. Hai dous temas que pola súa relevancia poderían cambiar o Concello dun xeito profundo, se somos quen de consensuar entre todos isto mellorará dun xeito evidente. Un é a Inspección de Tributos, que lles volto dicir publicamente que funciona

insuficientemente ben e se somos quen de organizar este servizo conxuntamente e polo tanto falo de non facer políticas clientelares de partido e cousas polo estilo, senón tentar obxectivar qué servizo hai que dar e en función de qué, con qué obxectivos, con qué primas de productividade, organizar no sentido máis rigoroso do termo. Este é o tema número un que propoño consensuar. Elixo ese tema primeiro porque iso lle permitiría unha recadación maior ó Concello, permitiríanos a todos facer máis cousas e polo tanto facer cousas polos demais, neste caso polos cidadáns que é para o que nos poñen aquí.

Segundo tema: Xerencia de Urbanismo. A Xerencia segue sen xeito nin modo no seu funcionamento, as lincenzas danse a non sei cantísimos meses vista sen cumprir a Lei por ningures. A estrutura que ten esa Xerencia non é válida ó día de hoxe e vostedes, sábeno ou non? Unha de dúas, ou non o saben e entón non están capacitados para dirixir isto e se o saben e non queren actuar, por qué?

Non lles vou propoñer máis exemplos, non vou seren demagóxico, propoño o consenso sobre eses dous temas e se somos quen do acadar vaiamos de seguido a por outros dous temas e así non tería que esperar coma expectador, lamentablemente, á próxima Corporación onde se Deus quere seremos decisivos e non lles permitiremos a ningún dos Grupos seguir nestas regueifas que de nada lle serven á sociedade viguesa.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Sr. Soto, para empezar polo final e por vostede: eu non estou tentando utilizar o argumento de "e ti máis", o único que estaba tentando era dar unha serie de datos obxectivos sobre o motivo da comparecencia e tenta explicar que dende o ano 2000 semella que todas as Corporacións tiveron unha dificultade e precisaron un tempo para executar unha Oferta pública de emprego. Todas, as brillantes e as menos brillantes; por algo será. Comparándonos cunha realidade anterior estamos facendo razoablemente ben algo que é razoablemente complicado e que ten unha situación estrutural que é a que é.

É moi bonito falar sobre "o sexo dos anxos" e tentar de definir ou reestructurar o cadro de persoal; a min persoalmente encántame facer planes de carreiras para as persoas, definir obxectivos, productividades... Isto é moi fácil pero o complicado é fixalo nunha institución coma ista concretamente que ten moitísimos anos de vida e onde ninguén foi quen de facer o que di.

En todo caso non era o obxectivo desta comparecencia falar sobre toda a política de persoal porque poderíamos estar aquí todo o día e probablemente non nos poríamos de acordo. O obxectivo era contestar a unha petición expresa de información que se me fixo por parte do Grupo Socialista.

Comentando moi brevemente o tema da eventualidade: Para qué estamos facendo a Oferta pública de emprego senón é para que esa eventualidade diminúa? Non hai unha oferta do ano 2003 e lembren que nós chegamos ó Goberno o 13 de decembro do ano 2003. Non se pode executar a do 2004 por unha razón que non ten que ver co interese da executoria deste Goberno senón por unha razón concreta: que unha Oferta pública ten que ir vinculada a un Orzamento e lembrarán que vostedes non tiveron o interese de aprobar ese orzamento.

Se non hai Oferta de Emprego no 2003, se non se pode executar no 2004 é obvio que se xeran vacantes no cadro de persoal, é obvio que coma se supón que esas vacantes son de persoas que cumpren funcións dentro do Concello se xeran necesidades e coma para estruturar unha praza fixa hai que facer a Oferta, non se pode facer doutro xeito porque temos que cubrir a función. Vostede non me permitiría non cubrir a función porque non temos a Oferta. Por suposto que cando se execute a Oferta é evidente que a eventualidade terase que reducir, é unha cuestión obvia.

Sobre o tema das bases, Sra. Graña, non é o mesmo. Vostede sabe que é o mesmo 3 prazas ca 30 do mesmo tipo de posto pero non é o mesmo número de postos os que temos que facer, son moitísimos máis e daí a dificultade na elaboración das bases.

En todo caso eu estou totalmente aberto, dispoñible, coma fixen noutros casos nos que se produciu algunha moción sobre algún outro tema, para discutir todos os temas de política de persoal que vostedes teñan a ben e poreime en contacto con vostedes para falaren sobre todo da estrutura do cadro de persoal. Eu non teño ningún inconveniente, coma xa lle dixen ó Sr. Soto, en empezar por algunha parte pero veremos que isto é moito máis difícil do que semella e que cando nos poñamos ao executar ímonos atopar con moitas dificultades que teremos que superar.

SRA. GRAÑA BARCIA: Espero, Sr. Guerra, que nos atopemos con grandes novidades nesas bases que están vostedes elaborando e que non sexan máis ou menos copia ou reflexo doutras ofertas anteriores.

Sinxelamente lembrarlle, espero que sexa especialmente consciente diso, o que supón calquera mínimo retraso, paralización, pouca axilidade ou interese na Oferta pública de emprego. Tome nota e que non se lle esqueza

porque significa que hai servizos dentro do Concello coma o de Benestar Social, coma os propios departamentos cuxa responsabilidade vostede obtemta: Persoal ou Servizos Económicos, que se atopan desatendidos por falla de persoal; significa iso.

Significa que se está producindo unha práctica non irregular pero si abusiva en contratacións interinas e eventuais; significa que se dá pé a unha xestión irresponsable dos recursos económicos destinados a ese fin; non que sexa irregular, nin indebido pero si neste caso irresponsable.

Por último e non por iso menos importante, se produce unha traición a todos aqueles cidadáns que posiblemente por non se presentar dun xeito único, unido e homoxéneo, están nas súas casas preparando unhas oposicións, aqueles que contan cunha expectativa de acceso ó emprego público e que ven frustrado ese desexo e ese dereito lexítimo.

Estes son temas moi importantes, Sr. Guerra, sexa consciente diso e pónase mans á obra.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Antes de dar paso ás mocións imos gardar un minuto de silencio polas vítimas da violencia doméstica.

SR. SECRETARIO: Aprobouse este acordo no punto número 3 desta mesma sesión.

Neste intre o Pleno da Corporación e máis todo o público asistente no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas mulleres mortas vítimas da violencia doméstica durante o mes.

INTERVENCIÓN DO SR. SECRETARIO: Dime a Presidencia que dea conta do por qué do minuto de silencio: é coma consecuencia do cumprimento do acordado adoptado no punto número 3 desta orde do día.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Paréceme imprescindible dicir para as persoas que están presentes na sala e que probablemente non coñecen estrictamente o contido dese acordo, que vimos de gardar un minuto de silencio polas mulleres falecidas por mor da violencia de xénero e que este é o primeiro Pleno a partir do cal este minuto de silencio farase neste momento de transición entre as medidas propostas polo Goberno e as mocións que se presentan no Pleno.

5.- (29).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG INSTANDO A INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE BENS DE TERREOS NA RÚA ALFONSO ALVAREZ VÁZQUEZ.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo do 2 de febreiro de 2006, o voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"O colmo do maltrato ó Patrimonio municipal é que se pretenda que desapareza unha rúa sen que dende o goberno do noso Concello se lle poña remedio, nin sequera cando se fan denuncias repetidamente, como no caso desta rúa, por veciños da mesma e por todos os grupos municipais da oposición. A quen defende o goberno municipal? Ós intereses dos vigueses e das viguesas non.

Pero chove sobre mollado e diante de repetidos erros nas certificacións emitidas sobre propiedades municipais, erros gravísimos que afectan á economía de todos os vigueses e viguesas, é preciso, como xa dixemos en reiteradas ocasións, que se tomen as medidas convenientes pra protexer o patrimonio municipal en base ás premisas e criterios seguintes:

Na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias, correspóndelle en todo caso ós Concellos: A potestade expropiadora e de investigación, deslinde e recuperación de oficio dos seus bens. Art. 4.1.d) LBRL.

As Entidades Locais gozan respecto dos seus bens, entre outras, da prerrogativa de recuperar por se mesmas as súas posesións, en calquera momento, cando se trate de dominios públicos. Art. 82.a) LBRL.

As Entidades Locais teñen a obriga de realizar un bo inventario de bens, ó estaren obrigadas a formar un inventario valorado de todos os bens e dereitos que lles pertencen. Art. 86 LBRL.

As Entidades Locais deberán inscribir no Rexistro da Propiedade ós seus bens inmóbeis e dereitos reais, sendo suficiente a tal efecto a certificación que, con relación ó inventario aprobado pola respectiva corporación, expida o secretario co visto bo do alcalde e producirá iguais efectos ca unha escritura pública. Art. 85 LBRL.

Por outra banda, o Pleno da Corporación viguesa aprobou no vintenove de setembro do ano mil novecentos oitenta e un, por unanimidade, darlle o nome de Alfonso Álvarez Vázquez a unha rúa na zona de Bos Aires, en Teis, sen que por ese motivo se teña presentado reclamación ningunha dende entón ata hoxe.

Ata o PXOM do 93 esa rúa figurou como pra ser continuada.

Na aprobación inicial do PXOM en trámite tamén figura grafitada a devandita rúa.

Pra poder edificar no seu día, os edificios colindantes fixeron as cesións pertinentes, que lamentablemente no aparecen rexistradas hoxe en día.

Na licenza outorgada de forma precaria se esixe inscribir no Rexistro da Propiedade os termos de cautela pertinentes, no prazo de tres meses, cousa que non se fixo e xa pasaron seis meses.

Durante a tramitación da licenza se omitiu o trámite de audiencia, como prevé a Lei, de veciños directamente afectados.

Fíxose caso omiso da suspensión cautelar dictada polos tribunais, finalizándose a obra diante da indefensión dos cidadáns reclamantes e tampouco paralizou a obra a autoridade municipal competente.

Consonte co antedito propoñemos:

- 1.- Proceder de xeito inmediato a inscribir no Rexistro Municipal de Bens os terreos da rúa Alfonso Álvarez Vázquez.
- 2.- Anular de oficio a licenza concedida no seu día en precario pra pechar a devandita rúa, de xeito que se poida abrir tan inmediatamente como sexa posíbel.
- 3.- Que coa máxima urxencia se proceda á realización dun inventario de bens municipais debidamente actualizado."

O Consello Municipal de Urbanismo, en sesión do día 2 de febreiro de 2006, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita moción, solicitando previamente ós Servizos Xurídicos municipais ampliación de informe de data 25.01.06 no sentido indicado nos antecedentes.

En cumprimento do anterior achéganse ó expediente os seguintes informes:

De data 17 de febreiro de 2006 emitido polo técnico de administración xeral de Patrimonio, co seguinte contido:

En relación á proposta formulada ao Pleno municipal, acordada polo Consello da Xerencia municipal de Urbanismo, na súa sesión do 2 de febreiro de 2006, na que se solicita ampliación do informe emitido polos Servizos Xurídicos municipais o día 21 de xaneiro de 2006, sobre diversas cuestións sinaladas na moción do Grupo Municipal Galeguista que deu lugar o devandito acordo do Consello, cómpre informar o seguinte:

1º.- Por esta Unidade de Patrimonio emitíuse informe sobre a denominada rúa Alfonso Alvarez Vázquez sinalando que non se dispón na actualidade nestas dependencias de documentación ningunha da que resulte acreditada que esta Administración é titular dos terreos obxecto do peche denunciado e que deu lugar ao informe do 25 de xaneiro de 2006, asinado por este técnico xunto coa técnica da Xerencia Municipal de Urbanismo, remitíndome, ao efecto, ó xa sinalado no mesmo.

2º.- En canto á cuestión presentada sobre á inscrición no Rexistro Municipal de Bens, procede formular as seguintes consideracións:

S.Ordinaria 27.02.06

- No Inventario municipal de Bens e Dereitos, aprobado por acordo plenario do 4 de maio de 1993, como resultado dos traballos efectuados pola Empresa Valtecsa, SA, contratada por esta Administración coa finalidade de elaborar un Inventario actualizado dos bens e dereitos pertencentes ao Concello, entre os que se recollen, no seu epígrafe 1 Inmóbeis, as vías públicas de titularidade municipal, non consta rexistrada na súa relación a rúa coñecida como Alfonso Alvarez Vázquez, nin reflectida na Cartografía municipal correspondente ás mesmas o tramo obxecto de discusión. Consecuentemente, aínda que nesas datas xa constaba o acordo plenario polo que se outorgaba a denominación de rúa Alfonso Alvarez Vázquez a unha rúa na parroquia de Teis, así como as edificacións correspondentes aos numeros 6 e 4 da rúa Buenos Aires e 260 da Avda. Sanjurjo Badía (licenzas outorgadas nos anos 1970), non se estimou que deses datos resultase acreditada a titularidade pública dos devanditos terreos. Na actualidade e revisada de novo dita documentación (expedientes administrativos das licenzas outorgadas), considérase que a non inclusión de dito tramo no Inventario foi axeitada.

- A inclusión ou alta dun ben ou dereito no Inventario municipal require, de acordo coa normativa de aplicación, que esta resoste a unha titularidade pública do ben ou dereito en cuestión, de tal xeito que entre os datos que deben reflectirse no Inventario, se esixe "o título en virtude do que iste se atribúa á entidade", debendo quedar refrendados documentalmente, en especial, por títulos de dominio, actas de deslinde e valoración, planos e fotografías, constituíndo un soporte documental que se archivará de xeito separado ao resto da documentación administrativa (art. 20 e 30 do Regulamento de Bens de Entidades Locais).

- O Inventario de Bens e Dereitos, en calquera caso, tal e como se viña considerando pola doutrina xurídica, non è máis que un rexistro administrativo que por sí só nin proba, nin crea, nin constitue dereito ningún a favor da Corporación, sendo mais ben un libro que serve respecto aos seus bens de recordatorio para que a Corporación exercite as facultades que lle corresponden. O carácter de documento administrativo mantense na vixente Lei de Patrimonio de Administracións Públicas, que especifica respecto ao do Estado, que non constitue un rexistro público, nin os seus datos surtirán efectos a terceiros nin poderán ser utilizados para facer valer dereitos fronte à Administración (art. 33 da Lei de Patrimonio de Administracións Públicas).

- En liña co disposto, pódese considerar:

- a) Que a inclusión dun ben no Inventario municipal deberá respostar a unha titularidade que resulte dos antecedentes en virtude dos cales a Administración basee a adquisición do seu dominio por calquera dos modos e procedementos que o ordeamento xurídico dispon (artigo 15 da Lei de Patrimonio de Administracións Públicas).
- b) Que aínda constando inscrito o ben no Inventario municipal, será o título en virtude do cal se atribua a súa propiedade o que acredite ista e consecuentemente a correcta inclusión inventarial.
- c) Que se ben as certificacións que se emitan do Inventario constituen título suficiente para o acceso dos seus datos ó Rexistro da Propiedade, en ningún caso prevalecerán sobre a realidade rexistral existente, xa que en contraposición ao Inventario, os asentos rexistrais sí gozan da presunción legal de que os dereitos neles

inscritos pertencen aos seus titulares e teñan a posesión destes, atopándose baixo a salvagarda e protección da fe pública rexistral.

3º.- No que se refire a cuestión formulada sobre a vía das prerrogativas ou facultades administrativas que o ordeamento lle confire às administracións públicas respecto aos seus bens, en concreto á posibilidade da recuperación posesoria que se sinala na moción formulada, nas actuais circunstancias, sen base documental na que poder apoiar e acreditar a posesión pública dos terreos, e por outra banda os informes dos servizos municipais dos que se desprende a súa condición privada como acceso aos garaxes das comunidades de propietarios dos edificios 4 e 6 da Avda. Buenos Aires, en 260 da Avda. Sanjurjo Badía, non se estima que concorran os presupostos mínimos necesarios para o exercizo de dita acción recuperatoria, máis cando se require que ao acordo previo se lle achegue a documentación acreditativa da posesión dos bens sobre os que recae a acción.

No mesmo ámbito das prerrogativas administrativas, outra vía de actuación sería o exercizo da potestade investigadora que respecto a posíbeis bens e dereitos que se presuman da pertenza do patrimonio das Administracións públicas, istas poidan acometer, co obxecto de determinar a titularidade dos mesmos (art. 45 da LPAP). A normativa reguladora do procedemento administrativo de investigación prevé que ao acordo polo que se dispón a súa apertura, precederálle unha valoración previa da procedencia do exercizo de dita acción (art. 48 do RBEL). Estudo previo que, sen prexuízo do criterio de oportunidade ao que poida atender a Corporación á hora de determinar a pertinencia ou non do inicio do procedemento de investigación, dos datos e circunstancias xa sinalados que no presente caso concorren, non se aprecia que existan indicios sobre posíbel titularidade municipal dos terreos que motiven a incoación dun procedemento de investigación, non obstante a Corporación resolverá co seu superior criterio o que estime máis conveniente para os intereses municipais ao respecto.

4º.- Por último informar que na actualidade estanse a acometer por medio de persoal municipal e de acordo coa memoria aprobada pola Xunta de Goberno Local do 26 de xullo de 2005, os traballos de revisión do Inventario Municipal de Bens e Dereitos co fin da actualización dos seus datos, e dispoñer dunha ferramenta axeitada para a xestión do patrimonio do Concello.

Informe de data 20 de febreiro, emitido pola técnica de administración xeral da oficina de Licenza de Obras da Xerencia Municipal de Urbanismo:

En relación ao apartado terceiro do acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 2 de febreiro de 2006 no que se propón ao Pleno do Concello:

"2. Anular de oficio a licenza concedida no seu día en precario para pechar a devandita rúa, de xeito que se poida abrir tan inmediateamente como sexa posíbel",

e como continuación ao informe dos técnicos de admón. xeral de 25 de xaneiro de 2006, emito o seguinte INFORME:

Seguindo a Jesús González Pérez a revisión dun acto ou disposición é a acción de volver sobre os mesmos a efectos da súa modificación ou desaparición do mundo do dereito.

A facultade de revisión de oficio esta limitada por virtude do principio de seguridade xurídica e do respecto aos dereitos adquiridos.

O artigo 102.1 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común reconece a posibilidade, a través do procedemento que nel se regula, de declarar a nulidade dos actos enumerados no artigo 62.1. Isto é actos nulos de pleno dereito.

En todo caso se esixe para que a administración poida declarar a nulidade por este procedemento o dictame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma (Consello Consultivo de Galicia).

Examinada a licenza que se propón anular na moción (exp. 53287/421) non parece que nela concorra ningún dos supostos establecidos no artigo 62.

A licenza parece axeitada á legalidade, por canto os documentos aportados polo solicitante crean unha aparencia de bó dereito, "fumus boni iuris", en base á cal o Concello outorgou a licenza que se concede como é preceptivo deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, conforme ao artigo 12.1 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

A cuestión de propiedade que agora se formula deberá de ser estudada polo departamento municipal de Patrimonio, por canto na moción se sinala que é un ben de dominio público.

É constante a doutrina legal que ten declarado que non corresponde á administración municipal controlar a través da licenza a titularidade dos terreos, pois na concesión dela unicamente cabe ponderar razóns de legalidade urbanística e non valorar dereitos de natureza civil. Esta doutrina matízase nos supostos nos que se ve afectado o dominio público, sen prexuízo do dereito do interesado a que na xurisdicción civil se decida sobre a titularidade controvertida.

Neste caso concreto o departamento de Patrimonio municipal ten informado que o terreo en cuestión non figura no Inventario municipal de béns e dereitos.

Outra vía de revisión é a recollida no artigo 103.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común que dispón:

1.- Las administraciones públicas podrán declarar lesivos para el interés público los actos favorables para los interesados que sean anulables conforme a lo dispuesto en el artículo 63 de esta Ley, a fin de proceder a su ulterior impugnación ante el orden jurisdiccional contencioso-administrativo.

2.- La declaración de lesividad no podrá adoptarse una vez transcurridos cuatro años desde que se dictó el acto administrativo y exigirá la previa audiencia de cuantos aparezcan como interesados en el mismo, en los términos establecidos por el artículo 84 de esta Ley.

3.- Transcurrido el plazo de tres meses desde la iniciación del procedimiento sin que hubiera declarado la lesividad se producirá la caducidad del mismo.

5.- Si el acto proviniera de las entidades que integran la Administración Local, la declaración de lesividad se adoptará por el Pleno de la Corporación o, en defecto de éste, por el órgano colegiado superior de la entidad."

A revisión pola administración dos actos administrativos favorables ao interesado queda limitada ao suposto de nulidade. Se a infracción do ordenamento xurídico non é determinante de nulidade a única vía para privar de efectos o acto é o contencioso de lesividade do que é requisito á previa declaración de lesividade.

A declaración de lesividade é o acto administrativo polo que unha administración pública declara lesivo para o interese público un acto dictado por ela, para os efectos de incoar un proceso administrativo cuxo obxecto é a anulación.

Unha vez declarado o acto lesivo aos intereses municipais procede interpoñer o recurso contencioso-administrativo. É o órgano xurisdiccional competente o que terá que declarar, se efectivamente, existe lesión e, en consecuencia, anular o acto obxecto dela.

Neste momento o acto foi recorrido pola comunidade de propietarios da avda. Buenos Aires, 6, seguíndose o PA 384/05 perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo.

Tendo en conta que a declaración de lesividade é o presuposto para a interposición de recurso contencioso-administrativo contra o acto impugnado e a licenza xa ten sido recorrida nesta vía xurisdiccional, parece que debería estarse á resolución do órgano xudicial.

A licenza outorgase condicionada a "Inscribir no Rexistro da propiedade mediante nota marxinal da última inscrición de dominio da finca que a licenza ten carácter provisional ó abeiro do artigo 102 da Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia en tanto non se inicie o proceso de xestión correspondente, e haberá de demolerse cando o acordase o Concello, sen dereito a indemnización, para o que a Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo emitirá certificación administrativa previa remisión no prazo máximo de tres meses da escritura pública de propiedade da finca inscrita no Rexistro da propiedade".

O artigo 16.1 do Regulamento de servizos das corporacións locais establece que as licenzas quedarán sen efecto se se incumprisen as condicións a que estivesen subordinadas.

O vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 13 de febreiro de 2006, resolveu requirir ás comunidades de propietarios da avda. Sanjurjo Badía, 260 e avda. Buenos Aires, para que procedan no prazo de un mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación desta resolución, ao cumprimento efectivo da condición imposta na resolución do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo do 7 de xullo de 2005, pola que se lle outorgou licenza de obras para construír un cerramento de 57 metros liñais de bloque e sebes vexetais.

Estase pois á espera de que os titulares da licenza dean cumprimento a este requirimento."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 20 de febreiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

Por escrito de data 27 de de febreiro, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr.Ruiz Cenicerros, formula a seguinte emenda:

Con data 7 de xullo de 2005 o Concelleiro de Urbanismo otorgou á Comunidade de Propietarios da Avda. Sanjurjo Badía 260 e Avda. Buenos Aires licenza provisional de obras para construír un muro de peche de bloques de cemento e sebes vexetais de 57 metros liñais.

Dita licenza outorgouse provisionalmente porque a parcela que se pretende pechar se clasifica como solo urbano con ordenanza de aplicación 3.1.A no vixente PXOU de 1993 e atópase no APR A-5-20 no PXOM aprobado inicialmente o 30 de decembro de 2004. Por iso na resolución de concesión consta expresamente que: *"O peche que se pretende levantar se autoriza con carácter provisional ó abeiro do artigo 102 da Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia en tanto non se inicie o proceso de xestión correspondente, e habrá de demolerse cando o acordase o Concello, sen dereito a indemnización, circunstancia que se fará constar no Rexistro da Propiedade mediante nota marxinal previa certificación administrativa que emitirá a Xerencia de urbanismo como condición especial de concesión de licenza, nos termos dos artigos 307.4 do Texto refundido da Lei do solo de 1992, e 1.4 e 76 do Real Decreto do 4 de xullo, polo que se aproban as Normas complementarias ó Regulamento para a execución da lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística".*

Dito muro supón o peche da rúa Alfonso Álvarez Vázquez, inaugurada no ano 1981 e imposibilita o acceso a edificios con acceso ata agora a vía pública, provocando un grave conflito social. Polo que, conforme o previsto no artigo 102 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno da Corporación a aprobación da seguinte emenda adicional á parte dispositiva da moción debatida no punto 5 do orden do día, adoptando o seguinte acordo:

Que conforme ao disposto no artigo 102 da Lei Ordenación Urbanística de Galicia, o Concelleiro de Urbanismo acorde a demolición do muro de peche de bloques de cemento e sebes vexetais á Comunidade de Propietarios da Avda. Sanjurjo Badía 260 e Avda. Buenos Aires, autorizado por licenza provisional do 7 de xullo de 2005 no expediente 53287/421, sen dereito a indemnización".

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Na nosa moción fálase, entroutras cousas, de cumprimentos de lei. Hai un artigo, concretamente o 4.1 d) da Lei de bases de réxime local que se cita textualmente e que fala de que a potestade expropiadora e de investigación, deslinde e recuperación de oficio dos seus bens é un dos dereitos e obrigas dun Concello.

Na rúa Alfonso Álvarez Vázquez estase a dar, na nosa opinión, unha perda obxectiva de bens municipais. Mesmo esta mañá recibimos unha comunicación de dous ou tres veciños desa zona que din que os terreos lles pertencen. Cito iso porque tamén recibimos ducias, algún cento de firmas de xente que di que realmente iso é público e que debe pertencer coma rúa.

Eu xa expuxen este tema na Xerencia en distintas ocasións, esta moción tal e coma está dictaminouse na Xerencia de Urbanismo e digo que tal e coma está porque alí fixo unha emenda o Sr. Ruíz que non se recolleu, eu mesmo lla aceptei na Xerencia e, coma me comentou ó comezo do Pleno, vai expoñer e naturalmente xa anticipo que lla voltarei aceptar.

Tamén se nos dá conta por parte dalgúns veciños de que unha nena sufríu un accidente con aquela instalación e aquí o Goberno municipal está a actuar dende logo cunha lentitude cando menos preocupante e cunha falla de eficacia que asusta.

Eu vin unha vontade política evidente en tres Grupos desta Corporación de resolver este tema en función do que queren os veciños, que algo que leva coma rúa con placa dende non sei cantos anos e funcionando coma tal rúa, sega a ser unha rúa, e vin que o Grupo municipal di que si coa boca pequena pero non toma as medidas que debera para resolver este tema.

Con todo o respecto, independentemente do que digan algúns técnicos municipais, hai unha fórmula que veño de ler que é a Lei de Bases de réxime local; iso son terreos públicos e por tanto tómanse coma tales métanse no Inventnario de bens municipais e se hai algún veciño que cré que non é así, ten o dereito de recorrer ós tribunais de xustiza.

Leo o art. 85 tamén da Lei de bases di: "...é suficiente a tal efecto (léase para unha certificación) que con relación ó inventario aprobado pola respectiva Corporación expida o Secretario co visto e praxe do Alcalde ... iguais efectos que unha escritura pública".

Prefiro non entrar polo camiño de por qué non están inventariados eses terreos pero naturalmente é unha eiva, un fallo técnico-administrativo deste Concello; pois se hai un fallo técnico-administrativo deste Concello corrixámolo incluíndo isto nos bens do Concello coma así foi durante moitos anos e a partir daí en todo caso os Tribunais de Xustiza dirían ó final o que ten que pasar.

O Concello está abandonando a uns veciños que usaron publicamente ese camiño e digo abandonando no peor sentido da palabra, sen defender os seus intereses, son eles os que están reclamando diante dos Tribunais e o Concello cuxa propiedade debera recabar para si está de espectador. Neste

caso non o Concello, o Goberno municipal que ten o ademán impasible mirando cara ó tendido.

Señores do Goberno municipal: xa está ben. Se os outros Grupos municipais nos seguemos a manter no que falamos en varias reunións da Xerencia de Urbanismo realmente van ter que cumprir a obriga dunha moción plenaria e estaremos atentos e vixiantes porque non confiamos na súa vontade para resolver este asunto. Reclamaremos en cada reunión da Xerencia a partir de hoxe se se aproba esta moción sobre qué fixeron co fondo do contido da mesma. En cada reunión da Xerencia solicitaremoslles publicamente explicacións da situación deste expediente, alomenos non imos ser cómplices dunha situación que non desexan moitos veciños de Teis e polo que sentín non desexamos unha grande maioría de grupos, partidos e políticos desta Corporación.

SR. VIÉITEZ ALONSO: O que nos parece lamentable é que esteamos discutindo isto aquí porque sinceramente coido que xa o expresamos e a primeira vez que nós presentamos isto pedimos que revisaran a licenza entroutras cuestións porque había unha suplantación de personalidade. Cando se dicía que fora solicitado por determinadas comunidades e había escritos máis que suficientes de que iso non era certo á parte da documentación que achegamos.

Parécenos tremendamente lamentable que esteamos discutindo isto, é máis, pensamos que é un cúmulo de despropósitos e hai actuacións que están cando menos inxustificadas. Non nos queda máis remedio que chegar ata estes extremos porque ó mellor non estaríamos discutindo isto e posiblemente estaría clarificada a situación ou cando menos en vías de clarificación.

Nós dixemos que revisasen a licenza con coidado porque efectivamente cando menos había indicios, e cada vez hai máis, de que se procedera de xeito irregular. Nada máis e non imos profundizar máis.

Nestes momentos non nos queda máis remedio que dar este debate, apoiar a moción que se presenta xunto coa modificación que nos pasou ó principio o Sr. Ruíz Ceniceros e o que pedimos, sobre todo polo ben do Concello porque esa sospeita a hai que alonxar do Concello e isto só se fai actuando de xeito claro e conciso. Iso é o que se expón na moción xunto coa modificación que se propón.

SR. RUIZ CENICEROS: Confirmar que apoiamos todos os argumentos expostos polos señores Soto e Viéitez e engadir a nosa emenda.

Teñen argumentos de sobra para revisar a licenza que é o mecanismo que ofrece o Sr. Soto do Partido Galeguista. Teñen argumentos porque a licenza foi mal dada, está sobre unha rúa, sobre un dominio público, deuse sen proxecto técnico a unha comunidade de propietarios supostamente representada que logo se demestrou que non o estaba. Teñen argumentos reais e xurídicos en canto a que o preito que presentaron os afectados de momento lles dá a razón, a orde xudicial dada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 é que realmente se suspendan os efectos desa licenza.

Pero ademais vostedes teñen a facultade de facer o que lles pete porque a licenza é provisional; vostedes deron unha licencia provisional advirtíndolle ó beneficiario da mesma que se podería e se debería derrubar o muro de peche cando o acordase o Concello, sen dereito a indemnización.

Coma mínimo e aínda supoñendo que vostedes poñan en dúbida todos estes argumentos dean por feito que esa provisionalidade rematou, chegou o momento de efectivamente dicirlle ó beneficiario da licenza que ten que derrubar e que tal e como se lle advirtira, por seren unha licenza en precario non vai recibir ningún tipo de indemnización.

Se non o van facer vostedes é sinxelamente porque non queren e se non queren o terán que explicar ós cidadáns de Teis que presentaron máis de 400 firmas. Semella que é un mecanismo recorrente que cada vez que Goberno municipal non atende ás solicitudes que nun principio son razoables, os cidadáns teñan que recorrer ó mecanismo de pedir apoio popular para que efectivamente se atenda ó que a xente que asina considera que é razoable e que está no seu dereito.

Atendan a esa solicitude e, á parte de utilizar todos os mecanismos e argumentos que lles expuxeron de inscribir esa parcela no Rexistro de Bens de dominio público, de revogar unha licenza mal dada, de cumprir unha orde xudicial, que efectivamente fagan o mecanismo que depende da súa exclusiva discrecionalidade que é que a licenza precariamente outorgada a día de hoxe ten que ser revogada e a situación repostada ó seu estado orixinal.

Nese sentido presentamos a emenda de adición e esperamos que o Goberno municipal cumpra os acordos do Consello da Xerencia que xa levamos dous meses debatendo e que cumpran o acordo plenario; apoiamos a advertencia do Sr. Soto de que isto vai ser unha lembranza permanente, a semana que ven na reunión do Consello da Xerencia apoiaremos ó Sr. Soto cando lles pregunte qué xestións realizaron para repoñer a situación ó seu estado debido.

SR. FIGUEROA VILA: O Goberno vailles dar a información a todos os membros da Corporación, un informe que solicitamos de Patrimonio diante das dúbidas que se presentaban e un informe que volta ser claro. Voullo pasar agora a cada un dos Voceiros xa que mo acaban de pasar a min. No punto 2, en canto á cuestión da inscrición no Rexistro Municipal de Bens di: "...procede formular as seguintes consideracións: No Inventario Municipal de Bens e Dereitos aprobado por acordo plenario do 4 de maio de 1993, coma resultado dos traballos efectuados pola empresa Valtexa, S.A., contratada por esta Administración coa finalidade de elaborar un inventario actualizado dos bens e dereitos pertencentes ó Concello, entre os que se recollen no seu epígrafe 1 "Inmobles" as vías públicas de titularidade municipal non consta rexistrada na súa relación a rúa coñecida coma Alfonso Álvarez Vázquez, nin reflectida na cartografía municipal correspondente ás mesmas o tramo obxecto de discusión. Consecuentemente, aínda que nestas datas xa constaba o acordo plenario polo que outorgaban a denominación de rúa Alfonso Álvarez Vázquez a unha rúa na parroquia de Teis, así como as edificacións correspondentes ós números 6 e 4 da rúa Buenos Aires e 260 da avenida Sanjurjo Badía, as licenzas outorgadas nos anos 1970 ,non se estimou que deses datos resultase acreditada a titularidade pública dos devanditos terreos. Na actualidade é revisada de novo dita documentación, expedientes administrativos das licenzas outorgadas, considérase que a non inclusión de dito tramo no Inventario foi axeitada".

O Goberno tomará as decisións que esta Corporación coide axeitadas e vains aceptar. Pero loxicamente nós temos que ter claros os informes dos técnicos e actuar en base a estes informes. Se hai documentación ou alguén que nola poida achegar, nós estamos abertos. Aquí non hai problema de capricho, de lentitude, nin é unha cuestión que nos leve ó Goberno a unha liña concreta de actuación. Única e exclusivamente é o que reflecten os informes dos técnicos e de Patrimonio, así de claro.

Repetimos novamente que se hai alguén que nos poida achegar documentación que nos poida dar visos para que isto se poida resolver nós estaremos encantados, agora mesmo, eu reúnome con aquelas persoas que me poidan achegar esa documentación para lles facer ver ós nosos técnicos e ó departamento de Patrimonio que están cometendo un erro. Se se poden buscar outras solucións a maiores imos entre todos buscalas pero a ver quen salva esta situación.

Eu estaba agora comentando co Sr. Secretario qué posibles alternativas pode haber con este informe que temos enriba da mesa, é un informe recente, do

17 de febreiro, é mesmo posterior ás decisións que se tomaron na Xerencia, pero dende o Goberno recalco de novo que estamos dispostos a que se hai informes técnicos que avalen a proposta que vostedes poñen enriba da mesa, xa lles dicimos que a vontade política é clara pero con esa condición. Se hai informes que avalen a proposta que vostedes poñen enriba da mesa nós ímola votar a favor, coido que máis non podemos facer, non é cuestión de capricho. Noutras cuestións pode haber unha decisión política, unha orientación, un posicionamento político, pero repito de novo que neste caso non hai posicionamento político, é única e exclusivamente unha cuestión técnica de legalidade.

Ese é o argumento que lle podemos dar, non entramos no fondo do tema nin a discutir a cuestión pero nós, coma Goberno, estamos dispostos a votar a favor da proposta que fan vostedes se hai un informe técnico que avale esa posibilidade.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Figueroa, eu non vou dicir cando erraron os técnicos municipais, dixeran moitas veces que erran os técnicos e erramos os políticos pero o que hai que facer é obxetivamente resolver o fondo do problema.

Os técnicos municipais erraron cando, por certo sendo eu Alcalde, por unanimidade da Corporación acordouse darlle o nome dunha rúa de Vigo a Alfonso Álvarez Vázquez. Porque había informes técnicos que o permitían, Sr. Figueroa, ou vostede pensa que a Corporación que eu presidín actuou a sabendas ou a mantenta contra a lei? Non señor, asegúrollo e senón pida que se busque o expediente sexa do ano que sexa e se se fixo e non había informes técnicos contrarios é que o daban por bo coma mínimo, pero os técnicos de antes semella que dicían cousas diferentes ós de agora.

Déixese de técnicos porque hai un problema de vontade política que lle vou indicar cal é. Non é que os técnicos digan que non figura no inventario pero hai unha decisión política que pode cambiar iso. Sr. Figueroa, a estas alturas vostede ten moita andaina municipal coma min e debeo saber.

Incoe ese expediente administrativo para inscribir no Rexistro municipal de bens esas parcelas públicas. Esa é a vontade política que hai que ter e que vostedes non teñen, Sr. Figueroa. Eu non lles discuto ós técnicos se non está inscrito, ademais recoñezo que me enganaron no seu día porque me dixeran que estaba inscrito e non aparece a inscrición, tamén o confeso publicamente, pero xa lles estou dicindo coma hai que facer se queren resolver o tema.

A min merécenme moitísimo respecto os cidadáns que queren ter bens de terreos para si mesmos, pero me merecen infinitamente máis respecto os terreos que poden ser de todos os vigueses e non duns poucos. Por iso estou a defender este tema, Sr. Figueroa, con decisións políticas que pido que se tomen coma tal.

Tamén ten outros argumentos non inferiores en cualidade noutras direccións. Xa dixen por anticipado que admitida está a emenda do Sr. Ruíz Ceniceros que lle dá outra facultade que é resolver o precario mañá. É outro problema de decisión política e son vostedes quen non queren, estanse a escudar ou a ter connivencia cos técnicos municipais e non me vou calar este asunto, dígollo así de claro. Resolvan vostedes porque teñen posibilidade obxectiva do facer, estou a defender que os bens públicos permanezan nas mans dos vigueses.

Só hai unha cousa que me podería botar cara atrás. Estamos nun Estado de Dereito, inscribase esta parcela que é o que hai que facer, mándese ó topógrafo, delimitense os terreos e inscribanse coma terreos públicos, veña ó Pleno a decisión e se quere mándolle un memorándum do proceso, se non ten quen o asesore no Concello fágollo eu. Tómense as decisións pertinentes que haxa que tomar e a partir daí os propietarios que queiran os terreos para si mesmos terán o lexitimísimo dereito de iren ós Tribunais a discutir a propiedade co Concello e sería a única argumentación que a esta persoa e a este partido lle faría calar neste e en calquera outro tema no que se presente a discusión do dominio público.

Por sistema defenderemos ó conxunto dos vigueses porque por sistema vimos demasiados erros no Inventario municipal de bens; tamén así de claro.

Polo tanto defendamos os bens de todos antes, sendo moi respectables, que os intereses dalgúns poucos veciños de onde sexan. Esa é a nosa decisión política, claro está que con maiúscula.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Coido que todos admitimos cando menos que o expediente ten contradicións en si mesmo, Sr. Figueroa, vostede tamén o recoñeceu e precisamente por iso todos queremos chegar ó fondo da cuestión.

É máis, déronse licenzas de xeito inaxeitado para este tema, non cumpren nin tan siquera coa normativa. Hai un informe onde di que hai que derrubar o muro porque está invadindo unha propiedade pública clara e concisa. A maiores, o que se lle está pedindo pero non só para este tema, senón para outros que viñeron aquí é que se inscriba coma propiedade pública.

Estamos defendendo o patrimonio de todos que é a obriga que temos e cando menos que se resolvan as contradicci3ns porque sinceramente, cunha an3lise detida do expediente vense algunhas cuesti3ns que cando menos arrepi3n e é inxustificable. Se entraran a informar todos os servizos tal e como deberan cantar3a ainda m3is. Iso foi o que lle pedimos nun determinado momento e dase licenza para unha determinada cuesti3n sen cumprir a normativa, etc. Non quero entrar m3is no tema, en todo caso se saltan as contradicci3ns xa miraremos.

SR. RUÍZ CENICEROS: Sr. Figueroa, se vai remitirse 3s informes t3cnicos eu recomendar3alle que se remitira 3s informes t3cnicos e 3 súa propia resoluci3n de concesi3n de licenza.

Ainda supoñendo que iso fose de propiedade privada, que as3 se deu a licenza, na propia resoluci3n que vostede asinou dise que iso est3 dobremente afectado: est3 afectado no Plan vixente para uso p3blico e afectado nun 3mbito de actuaci3n no Plan aprobado inicialmente e por iso se deu unha licenza provisional porque cando se leve a piques esa afecci3n vaise tirar.

Agora lle toca a vostede decidir se se leva a cabo esa afecci3n ou non, independentemente que iso sexa propiedade privada ou p3blica, que o incl3a ou non no Rexistro de Bens porque iso s3beno os actuais beneficiarios da licenza, est3 dobremente afectado; vostede deu unha licenza advirtindo que en calquera momento poder3a decidir derrubar o muro sen dereito a indemnizaci3n. Vostede s3beo, eles s3beno, todos sab3molo, a decisi3n de levar a cabo ou non a derruba, de manter ou non o muro e a responsabilidade 3 exclusivamente de seu, non 3 nin do resto dos Grupos, nin dos afectados nun ou noutro sentido.

Neste caso asuma a súa responsabilidade, dea a correspondente explicaci3n de por qu3 toma unha decisi3n e non outra e no seu caso asuma as consecuencias.

A intervenci3n do Sr. Soto Ferreiro interrompiuse en varias ocasi3ns por berros e asub3os do p3blico asistente no sal3n, tendo que pedir silencio a Presidencia.

SR. FIGUEROA VILA: O Goberno vai facer unha proposta se a acepta o Sr. Soto. Est3bame dicindo o Sr. Secretario de iniciar un expediente de investigaci3n.

Nós queremos clarexar de quen é a titularidade e coido que é a mellor maneira do facer e clarexar isto dun xeito definitivo, abrir un expediente de investigación, haberá unha exposición ó público onde os cidadáns poden alegar o que consideren oportuno e logo os técnicos valorarán. Ademais faremos unha comisión específica para este tema, para facer este seguemento. Coido que é o que procede para quedar todos tranquilos.

Para chegar ó fondo do tema primeiro hai que saber de quen é a titularidade e se o queremos saber abramos un expediente formal de investigación e que aleguen todos os cidadáns que se sintan afectados e así veremos enriba da mesa todas as probas que hai.

Ista é a única saída a este tema, logo as responsabilidades que teña cada quen se terán que asumir coas decisións que se coiden axeitadas. Creo que é o único xeito de clarexar este tema.

Sr. Soto, eu pediríalle ó Sr. Secretario antes de que vostede interveña que informe cal sería o procedemento para iniciar a investigación.

SR. SECRETARIO: Non teño aquí nestes momentos o Regulamento de bens pero máis ou menos, efectivamente esta é unha potestade, coma xa lle comentaba ó Sr. Soto ó inicio da súa moción, da que dispón o Concello, a potestade de investigación. Para iniciar ese expediente ten que haber uns indicios e semella que hai dúbida, que existen eses indicios; a partir daí emítense informes, faise unha proposta, exponse o expediente a información pública por un período de 30 días, coido lembrar que é o artigo 48 do Regulamento de bens, e en virtude das alegacións que efectuen os interesados haberá unha decisión definitiva sobre a titularidade dos terreos.

Loxicamente os terreos non se poden inscribir directamente no Inventario de bens se descoñecemos o título en virtude do cal inscribimos porque ó mellor o título é unha posesión inmemorial en virtude dun uso inveterado por parte dos veciños do lugar e efectivamente moitos camiños inscribíense só con ese título, pero non podemos inscribir nun inventario sen coñecer o título.

Por outra banda e entrando noutras cuestións, entendo que a licenza non era en precario, era unha licenza provisional e si falaba dun dereito de derruba sen indemnización pero entendo a que se está referindo a que sempre e cando nese ámbito se proceda a iniciar a xestión urbanística prevista, pero non antes.

Entendo acertada a proposta da Presidencia no sentido de iniciar un expediente de investigación.

A PRESIDENCIA: Sr. Soto, ten a palabra e desculpen os corporativos que sendo Presidente teña que facer o debate.

SR. SOTO FERREIRO: Non pasa ren, compréndese perfectamente. Sendo autor da moción recoñezo que xa non me pertence nin a min nin ó Partido Galeguista, pertence ós que moi maioritariamente estamos defendendo uns criterios. Eu estaba escoitando a súa intervención e a do Secretario e miraba para os meus compañeiros de bancada e vía os xestos que facían todos eles que son os mesmos que faría eu.

Non nos convencen as súas argumentacións

Vostede preside, Sr. Figueroa, pero lles digo ós meus compañeiros que ó mellor procedería un receso de 5 ou 10 minutos para falaren entre todos pero, se non é así, polo que vexo nos meus compañeiros de Corporación eu vou manter a moción tal e coma está aínda que engadindo a emenda. Son unha persoa de diálogo permanente e estou convencido de que os meus compañeiros dos outros Grupos políticos farán o mesmo, pero iso non quere dicir que non interpretemos a continuación como se instrumentaliza esta moción.

Os termos teñen que estar claros, a vontade dos tres Grupos políticos que eu sentín é recuperar un ben que foi durante vintetantos ou trinta anos ben público, unha rúa pública e polo tanto recuperemos iso. Durante vintetantos anos houbo unha placa dicindo: rúa Alfonso Álvarez Vázquez, sen que ninguén, Sr. Figueroa, discutira nin no Concello de Vigo, nin nos Tribunais de Xustiza ese feito tan concreto, tan público e notorio.

Dicía o Sr. Secretario con acerto que se non temos un Inventario ás veces búscanse outras fórmulas e el citou unha: unha posesión pública continuada é un dos datos para inscribir nun Rexistro.

En función do que dicían os meus compañeiros, se queren que falemos isto falámonos en dous minutos de receso do Pleno, senón a miña vontade é que se poña a moción a votación coa emenda que acaba de facer o Sr. Ruíz naturalmente aceptada xa polo relator.

O que me preocupa da súa intervención, Sr. Figueroa, é que vosgtede fala de cómo instrumentalizar xudicialmente o tema demanial, do dominio público, pero non lle escoitei falar en ningún sentido nin a vostede, nin ó Sr. Secretario de qué facer coa emenda do Sr. Ruíz. Non dixeron, por exemplo, nada de se comprometer a que mañá, logo dun acordo na Xerencia de urbanismo, se tirase o muro, entón ó mellor o informe do Sr. Secretario e o seu mereceríanme creto en función da dirección na que os demais queremos ir que non e a súa nin a do Sr. Secretario, evidentemente.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Soto, alomenos temos que coincidir todos en que hai unha controversia neste tema, xa nos estamos dando conta de que hai un problema de fondo e mentres non o atallemos non imos resolver as formas. Polo tanto nós seguemos mantendo a nosa postura pero se somos quen de chegaren a un acordo en dous minutos, paramos se así o queren os demais Grupos.

Sendo as dez horas e cincuenta minutos, interrómpeuse a sesión para ter unha xuntanza os voceiros municipais. Reanúdase o Pleno as dez horas e cincuenta e sete minutos.

SR. FIGUEROA VILA: Como os Grupos mantemos cada un a nosa posición, dende o Goberno o único que propoñemos ó Pleno é que en calquera caso imos votar a proposta do Partido Galeguista coas modificacións que procedan pero imos manter a nosa posición, primeiro de iniciar un expediente de investigación e segundo, en base á decisión que se tome pedirlle un informe ó Sr. Secretario deste Pleno, que coincide tamén en que é o Secretario da Xerencia, para ver cal é a situación na que se atopa a licenza e as propostas que fagan os Grupos da oposición.

Polo tanto nós imos manter a nosa posición segundo o informe do técnico de Patrimonio e Contratación no que se di que ese ben non é de titularidade pública e imos proceder á investigación desta cuestión de fondo.

SR. SOTO FERREIRO: Digo o mesmo que xa dixen antes, é unha rúa inaugurada publicamente, aprobada unanimente pola Corporación cando eu era Alcalde de Vigo e que leva intetantos anos funcionando.

Respondendo ás afirmacións do Sr. Figueroa vólvo dicir que na opinión do Partido Galeguista e neste caso tamén falo do que lle acabo de sentir ós Grupos BNG e Partido Socialista, opinamos que hai xeitos de defender a propiedade neste caso e segundo nós municipal agás que un Tribunal de xustiza diga o contrario e en todo caso, estamos nun Estado de Dereito, aceptaríamolo.

Mentres iso non se dea, unha rúa que se aprobou por unanimidade de toda unha Corporación, inaugurada publicamente e que ven mantendo o uso público durante vintetantos anos, hai fórmulas legais para que manteña o seu uso público e iso é o que se propón nesta moción.

A presidencia somete a votación a moción do Sr. Soto Ferreiro, xuntamente coa emenda presentada polo Sr. Ruiz Cenicerós.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezasete votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Vieitez Alonso, e dez votos en contra dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, acórdase:

Primeiro.- Proceder de xeito inmediato a inscribir no Rexistro Municipal de Bensos terreos da rúa Alfonso Álvarez Vázquez.

Segundo.- Anular de oficio a licenza concedida no seu día en precario pra pechar a devandita rúa, de xeito que se poida abrir tan inmediatamente como sexa posíbel.

Terceiro.- Conforme ao disposto no artigo 102 da Lei Ordenación Urbanística de Galicia, que o Concelleiro de Urbanismo acorde a demolición do muro de peche de bloques de cemento e sebes vexetais á Comunidade de Propietarios da Avda. Sanjurjo Badía 260 e Avda. Buenos Aires, autorizado por licenza provisional do 7 de xullo de 2005 no expediente 53287/421, sen dereito a indemnización.

Cuarto.- Que coa máxima urxencia se proceda á realización dun inventario de bens municipáis debidamente actualizado."

6.- (30).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG DE INSTAR Á AUTORIDADE PORTUARIA A AUTORIZAR A PESCA CON CANA NOS RECINTOS PORTUARIOS.

ANTECEDENTES.- O concelleiro do Grupo municipal do PG, Sr. Alonso Vázquez, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 13 de febreiro, formula a seguinte moción:

"Hai un grupo de afeccionados á pesca deportiva con cana que non poden acceder á maior parte dos peiraos vigueses por unha restrición non comprensíbel.

Nos tempos en que foi Presidenta do Porto a Sra. Espinosa chegouse convir un status polo que os afeccionados á pesca con cana podían acceder a certos peiraos, entre eles o de transatlánticos.

A Autoridade Portuaria podería ter unha relación das persoas interesadas pra telas perfectamente identificadas, mesmo expedirlles un carné, etc. Pero o que na nosa opinión non se debe manter en modo ningún é o feito de que, no centro de Vigo, moitos xubilados e tamén xente moza, se vexan privados de practicar un deporte san como o da pesca con cana. Cómpre rematar coa inintelixente barreira que en moitos casos significa o Porto pra os cidadáns!

Consonte co antedito propoñemos:

Que a Sra. Alcaldesa manteña unha xuntanza co Sr. Presidente da Autoridade Portuaria co obxecto de que, coa organización que a propia Autoridade Portuaria determine logo de escoitar ós afectados, se permita a pesca con cana na maior parte dos recintos portuarios e, dende logo, no peirao de transatlánticos, aínda que neste caso sería soamente os días e horas nos que non arriben cruceiros."

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, en sesión do 20 de febreiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. ALONSO VÁZQUEZ: Esta moción é sinxelamente para defender os dereitos da xente xubilada, da xente xove e de todos aqueles en xeral que lles guste a pesca deportiva, a pesca con cana.

Vigo é o porto que máis quilómetros ten de Galicia e é moi lamentable que non se poida utilizar coma tal. Agora, coa nova situación que vai crear a Autoridade Portuaria e cos novos sistemas de policía portuaria, os pescadores deportivos terán bastante difícil acceder ós peiraos de pesca. Lembremos que independentemente dos de trasatlánticos hai peiraos para poder pescar, está a parte de atrás do recheo de Bouzas que é unha zona moi boa pero nestes momentos inaccesible, Beiramar, Berbés, etc.

Nos queríamos que a Sra. Alcaldesa mantivera unha xuntanza co Presidente da Autoridade Portuaria e o invitara a buscar unha solución para toda esta xente que quere pescar, ben cun carné ou con algo que os identifique e controle, para que toda aquela xente que quera acceder a todos os peiraos da Autoridade Portuaria o poida facer libremente e exercer o deporte de pesca con cana. Só é nos recintos da Autoridade Portuaria onde non poden entrar porque nos portos de Galicia onde hai concesións coma Canido, Panxón ou outros que non pertencen á Autoridade Portuaria, a entrada é libre sen ningún tipo de problemas.

Sinxelamente pedimos isto e esperemos que sexa votada favorablemente esta moción.

(No momento da votación están ausentes o Sr. Fernández Fernández e a Sra. Sío Lourido).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Galeguista, Sr. Alonso Vázquez, de instar á Autoridade Portuaria que autorice a pesca con cana nos recintos portuarios, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

7.- (31).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG DE INSTAR Ó MINISTERIO DE FOMENTO O ARRANXO DAS DEFICIENZAS NO CRUZAMENTO DA SUBIDA Á MADROA EN TEIS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de febreiro de 2006, o voceiro do Grupo municipal do Partido Galeguista, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

“Veciños da zona de Ángel de Lema y Marina e mais do Camiño da Trapa, téñense dirixido a nós denunciando as graves deficiencias de seguridade que quedaron ó remate da obra que no seu día fixo o Ministerio de Fomento no cruzamento da subida á Madroa, en Teis.

Puidemos comprobar a pé de obra as carencias de seguridade e os graves problemas de accesibilidade dos veciños, mesmo pra poderen coller o autobús.

Tamén temos constancia de que no paso de peóns daquela zona xa houbo varias colisións de vehículos e tamén algún atropelo, por non ser visible o tal paso xa que está situado nun cambio de rasante.

Consonte co antedito propoñemos:

Que o Concello pacte co Ministerio de Fomento a realización dos seguintes arranxos nesa zona:

1.- Poñer un semáforo dos altos, en fronte da parada do Vitrasa, pra que sexa visible dende bombeiros e máis dende a curva do cemiterio.

2.- Tamén se aumentaría a seguridade colocando un par de bandas sonoras a cada lado dese semáforo, sendo máis necesarias do lado dos bombeiros.

3.- Modificar a saída do Camiño da Trapa cara a Ángel de Lema, xa que é moi perigosa por non ter visibilidade e inda por riba está nunha pendente, o que dificulta a incorporación dos vehículos á rúa.

4.- Situar un paso de peóns nas rúas da Subida a Madroa e Baixada ó Pingue, de xeito que se lle dea continuidade ás beirarrúas.

5.- Arranxar as beirarrúas desa zona de xeito que se recollan as augas da choiva pra evitar a súa entrada nas casas.

6.- Que as escaleiras do camiño da Trapa sexan modificadas desprazando o seu remate cara ó inicio da beirarrúa e que se repoñan co mesmo ancho que tiñan antes das obras.

7.- Poñer unha varanda na rampla de acceso ás vivendas da Mouta, enriba da estrada Ángel de Lema y Marina.

8.- Nese mesmo lugar, asfaltar ou botar formigón xa que as terras acaban baixando a rúa cando chove.

9.- Compre modificar o emprazamento do poste que naquela zona sinala a subida á Madroa, xa que está no centro da beirarrúa que hai en fronte do paso de peóns de Ángel de Lema y Marina. Tamén hai que substituílo por outro máis alto, xa que por ser moi baixo e estar no medio da beirarrúa, os peóns tropezan con el decote.

10.- Que repoñan a parada do autobús que alí había no lugar que tiña antes das obras, xa que agora quedan dúas paradas moi xuntas e iso prexudica ós veciños da Mouta e do Pingue."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 20 de febreiro de 2006, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Hai distintos aspectos que tocamos nesta moción, o máis importante é o que afecta á seguridade pública posto que aí puidemos comprobar persoalmente que hai un paso de peóns nun alto con moi escasa visibilidade no que houbo e pode seguir habendo accidentes e esperemos que non haxa ningún mortal.

Sabemos que hai controversia no sentido de se isto lle corresponde ó Concello ou a Fomento. Entre discusións de galgos e podencos hai moitos accidentes de persoas.

Qué está a esperar o Goberno municipal do Partido Popular e o Ministerio de Fomento? Que haxa algunha morte para correr todos a resolver e poñer algún semáforo? Que conste en acta isto e que Deus queira que non sexa un profeta maldito. É incomprendible a súa actuación coma Goberno neste tema concreto. Hai unha serie de melloras que logo se piden ademais do tema do arranxo do semáforo, cómo se pode emendar a inseguridade tremenda que hai nesa zona,

incluir a modificación da saída do camiño da Trapa, etc., e distintos aspectos que veñen na moción. Tamén algunhas variables de cambiar un pouquiño a calidade de vida que hai alí porque cando se fixo a obra de autopista unhas zonas quedaron sen rematar e ¡que Deus nos colla confesados se vai algún neno polo sitio que vin enriba do túnel da Madroa! Vai abaixo e non hai nin siquera unha varanda que o defenda. Hai cousas que arrepián, son terceiromundistas.

Pídolle ós responsables do Goberno municipal que se non o fixeron, que nalgún caso no tema de seguridade xa falaron algo con algúns veciños, para ver os outros temas que se dean unha volta por alí e se queren acompañar a quen queiran vostedes con moito gusto para lle ensinar o que eu vin e que pode significar un perigo para as vidas humanas, non é un problema estético que nos guste máis ou menos, é realmente un tema francamente perigoso e polo tanto píddlles que poñan remedio o máis axiña posible.

SR. COUTO PÉREZ: Sr. Soto, estamos complementamente de acordo co fondo da súa moción. Si fixemos as xestións necesarias perante Fomento, eu mesmo estiven reunido pouco antes de remataren as obras da subida da Madroa por petición da Asociación veciñal de Teis cun grupo bastante amplo de veciños que me trasladaron as súas reivindicacións xustas e lóxicas e algunhas son as que enumera vostede aquí.

Díxenlles que me deran un pouco de tempo para falar co responsable de Estradas, D. Faustino Rubio, quen dúas horas máis tarde reuniuse alí tamén cun grupo de veciños. Expuxemos as xustas reivindicacións destes veciños e no primeiro momento accedeu a arranxar todas as deficiencias tal e coma pedían daquela.

A sorpresa foi cando 15 días máis tarde chamoume un directivo veciñal, que se atopa presente nesta sala, e dime que volve haber problemas alí. Ó día seguinte reúnome novamente con el, transmíteme unha serie de problemas e entre eles precisamente un dos que fai vostede constar aquí que é o das augas daquela casa perto da subida da Madroa onde, debido a que quedou a obra mal realizada, entráballe auga, tamén o do semáforo, etc.

Dende alí voltei chamar por teléfono a D. Faustino Rubio e quedou en que ían arranxar os problemas, que os estaban estudando.

O martes da semana pasada tentei poñerme en contacto novamente con este señor e non estaba, chamoume el un pouco máis tarde e voltei dicirlle que alí seguían os problemas, que eran reivindicacións xustas dos veciños e que lóxicamente había que lles dar solución.

En canto ó tema de tráfico constame que o meu compañeiro, Sr. Coello, tivo xa contactos para tentar arranxar o semáforo que é un tema de Fomento e se non o autoriza Fomento tentáremolo arranxar nós.

Polo tanto utilizarei unha frase que xa dixo vostede antes: Estaremos vixiantes para que se cumpra e para que os veciños obteñan esas melloras.

Quero dicirlle que dende o primeiro momento estivemos falando con Fomento para subsanar todas esas deficiencias e tamén que imos votar a favor a súa moción. Moitas gracias.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Figueroa Vila e Ruiz Cenicerros).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do Partido Galeguista, Sr. Soto Ferreiro, de instar ó Ministerio de Fomento o arranxo das deficiencias no cruzamento da subida á Madroa en Teis, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

8.- (32).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A ELABORACIÓN DUNHA LEI GALEGA PARA O FOMENTO DO ACCESO DAS MULLERES Ó EMPREGO REMUNERADO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 9 de febreiro de 2006, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“A situación actual das mulleres galegas no ámbito laboral pon de manifesto a persistencia de discriminacións directas e indirectas. Son múltiples e complexos os elementos que perpetúan tal discriminación e que se manifestan na baixa taxa de actividade, nas elevadas cifras de paro feminino, na segregación laboral ou na diferenza salarial, provocando que en conxunto as mulleres asalariadas cobren até un 30% menos que os homes.

A presenza de discriminacións e prexuízos que condicionan a incorporación das mulleres ao emprego remunerado queda constatada en diferentes estudos, onde se pon de manifesto como elementos imprescindibles para o mantemento da sociedade, lonxe de seren valorados e protexidos, son en moitas ocasións un atranco para o desenvolvemento da faceta laboral. Podemos tomar como referencia o Terceiro Informe Randstad, sobre políticas de conciliación na Unión Europea. No mesmo,

cífrase nun 20% ás mulleres que abandonan o seu traballo por mor da maternidade, resaltando que se fixeramos a análise dos homes que renuncian ao seu emprego a causa da súa paternidade, non tería relevancia estatística. Desminte, ademais, que exista unha vinculación directa entre incorporación das mulleres ao mundo laboral e descenso da natalidade, tal e como demostra a evolución noutros Estados do entorno europeo que contan con políticas máis avanzadas no ámbito da corresponsabilidade.

O Instituto Galego de Estatística (IGE), fornécenos datos en relación ao emprego do tempo que son reveladores a respecto da necesidade de facer da corresponsabilidade e a promoción da incorporación laboral das mulleres eixos centrais da actuación das institucións públicas galegas a todos os niveis. Algúns destes datos son os seguintes:

- A porcentaxe de homes empregados é do 40,1%, mentres as mulleres empregadas sitúanse nun 26,8%. A media de tempo que dedican ao traballo remunerado é inferior -á media masculina- nunha hora e vintedous minutos.
- O 72,1% das mulleres realizan actividades de mantemento do fogar, fronte a un 26,6% de varóns. Estes dedican 51 minutos ás mesmas, fronte ás dúas horas que diariamente ocupan ás mulleres. Ao fogar e familia as mulleres dedican 4 horas e 52 minutos, os varóns 2 horas e 30 minutos.
- Hai un 12,2% de persoas que diariamente coidan de nenos e nenas. Os galegos que declaran dedicarse diariamente a estas atencións representan o 8,5%, fronte a un 15,5% de galegas.

O BNG pensa que a incorporación igualitaria das mulleres no traballo remunerado é unha reto que ten que enfrontar o conxunto da sociedade galega. Debemos dar pasos firmes cara unha sociedade que sexa consciente dos beneficios da incorporación plena e igualitaria das mulleres no ámbito laboral, mais tamén dos beneficios de facer do ámbito privado un espazo común de homes e mulleres. É necesaria a asunción, por parte dos poderes públicos, de políticas que removan os cimentos nos que se asenta a actual división de roles, eliminando os condicionantes sociais e culturais que intentan situar as prioridades das mulleres nas tarefas reprodutivas e domésticas. Medidas que promovan unha sociedade máis xusta e equilibrada, onde sexa efectiva a igualdade de trato, de dereitos e de oportunidades.

Somos conscientes que o nivel de autogoberno que ten hoxe a nación galega é insuficiente para podermos abordar de maneira global unha política verdadeiramente eficaz no ámbito da corresponsabilidade e da incorporación igualitaria das mulleres ao ámbito laboral. Aspectos relevantes como a regulación dos permisos de maternidade, paternidade, permisos de aleitamento, excedencias, lexislación laboral, etc., continúan sendo materia reservada ao Estado. Mais que foron exercidos sen teren presente as particularidades da situación do mercado de traballo en Galiza. Labregas, mariscadoras, redeiras e outros traballos cunha presenza importante de galegas, teñen unha regulamentación que non responde á nosa realidade nacional e que ten provocado situacións increíbeis como que unha labrega non poda acceder á titularidade dunha explotación porque o seu marido é titular doutra, ou que teñan dificultades para o acceso a medidas de corresponsabilidade. Máis un motivo de peso para que comprendamos a necesidade de dotar a Galiza dun novo Estatuto de Nación, que nos confira os instrumentos necesarios para poder avanzar na Galiza cara unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Polo dito propónse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Reclamar á Xunta de Galiza a elaboración dunha Lei galega para o Fomento do Acceso das Mulleres ao Emprego Remunerado que conte coa participación de todos os axentes sociais e institucionais implicados e que incorpore medidas para favorecer o acceso das mulleres ao mundo do traballo en igualdade de condicións, liñas de actuación para detectar e eliminar as discriminacións directas e indirectas, así como, para abordar a problemática do acoso.

Segundo.- Promover desde o ámbito municipal campañas de sensibilización social que incidan na necesidade dun reparto equilibrado de funcións e tarefas no ámbito doméstico e na dignificación social do traballo realizado no ámbito familiar.

Terceiro.- Primar nas contratacións que realice o Concello a aquelas empresas que teñan unha presenza equilibrada entre os dous xéneros.

Cuarto.- Promover dende o Concello, en colaboración coas institucións educativas e coas ANPAS, a realización de actividades extraescolares nos centros educativos."

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, en sesión do 20 de febreiro de 2006, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Coma o prometido é débeda voltamos retomar o tema da discriminación das mulleres, da violencia contra as mulleres e de todo isto que aínda que ás veces ocupa moitas páxinas dos xornais e das que somos protagonistas desgraciadas, coma dicía ben antes o Sr. Soto, malia as múltiples medidas que se están e se seguen a tomar non son suficientes, non chegan e por iso o Bloque Nacionalista Galego vai seguir insistindo e traballando para que esa discriminación desapareza desta sociedade.

Quero dicir que esta moción se presenta e se presentou en todos Concellos de Galicia ou alomenos naqueles onde nós temos representación. Paso á exposición de motivos.

A Sra. Méndez Piñeiro procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

SRA. SÍO LOURIDO: Quería agradecerlle ó BNG a presentación desta moción e dicir que estamos totalmente de acordo co seu contido pero queremos facer algunha puntualización sobre o mesmo tema.

Coido que todos e todas sabemos que hai unha aposta decidida de todo o Goberno galego de xeito que se prevén medidas en Galicia para o avance da igualdade en todos os ámbitos e non é cuestión de loar ás persoas e

Gobernos ós que representamos, nin ós partidos, no meu caso ó PsdeG-PSOE, senón que é dar exemplo porque hai no noso Estado e en Galicia os dous primeiros Gobernos paritarios de toda a historia do noso País. Isto fala de cómo se dá exemplo dende as institucións públicas para ir cambiando ós poucos a mentalidade que intervén directamente en todas as cuestións que teñen que ver co xénero.

En canto a esta moción quero dicir que se está traballando a nivel do Estado nunha futura Lei de igualdade que trata todos os temas para favorecer o acceso das mulleres ó emprego e o goce da igualdade e dos mesmos dereitos cos homes.

Este proxecto de Lei no que se está traballando tamén propón a inclusión nos novos convenios colectivos de medidas de acción positiva para o acceso das mulleres ás empresas e ós postos de representación política, cuestión que sobre todo no tema da dirección das empresas é do máis importante porque non se trata só de que nos vexan nas institucións públicas representando a nosa capacidade, senón tamén nas empresas privadas.

Hai unha cuestión importante á que vostede se refería, Sra. Méndez, que é a diferenza de salario, é maior do 30% e vaise incrementando cada vez máis canto maior cualificación se dá nos postos de traballo.

Quero dicir respecto ó primeiro punto do acordo que a Consellería de Traballo, neste caso o Conselleiro D. Ricardo Varela, na súa primeira comparecencia no Parlamento fixo dous avances de propostas nas que estaba traballando; a primeira é un plan de emprego para xóves e a segunda unha proposta de lei de igualdade no emprego e de fomento do acceso en igualdade das mulleres que reclama vostede no seu primeiro punto.

Estamos de acordo no segundo punto.

En canto ó terceiro quería dicirlle que imos tratalo máis amplamente na moción número 16, fala de primar as contratacións que realice o Concello "daquelas empresas que teñan unha presenza equilibrada entre os dous xéneros".

No cuarto punto de "...promover dende o Concello en colaboración coas institucións educativas e as ANPAS a realización de actividades extraescolares nos centros educativos", entendo que se refire a que teñan que ver coa coeducación porque non o fai explícito na súa moción.

Quero dicir agora que imos entrar no mes de marzo que é o mes no que se celebra o Día da muller traballadora que coido que moitas mocións que presentamos e imos presentar tanto as mulleres do BNG coma as do PSOE, teñen que ver con estes temas, todos e todas sabemos que a verdadeira

igualdade e a liberdade nace das condicións para a capacidade de elixir e de acceso á igualdade de oportunidades.

En todo caso quero dicir que son necesarias as leis porque é necesario que se recollan as cuestións de dereito; ó feito témolas que levar as persoas e iso ten que ser una colaboración coido que non só entre todos os partidos políticos, senón tamén entre os homes e mulleres que conformamos a sociedade.

SRA. MOLARES PÉREZ: Vou seren breve e anuncio o voto a favor do Partido Popular, pero si quero sinalar que aínda que esta moción é xenérica, coma ben sinalou a súa relatora, que presenta o Bloque Nacionalista Galego para todo o ámbito da Comunidade Autónoma, no ámbito do Concello de Vigo estamos traballando na liña dos tres últimos puntos e por iso imos votar a favor.

Son todas elas medidas incluídas no Plan de Igualdade aprobado no Concello de Vigo e neste sentido ó longo do mes de marzo, precisamente pola importantacia deste mes, anunciaremos distintas medidas tanto no ámbito da educación infantil cun proxecto que se denomina "Camiña con nós pola igualdade", e outro de "Relacións respectuosas sen xénero de dúbidas"; tamén en abril haberá unhas xornadas para ANPAS e profesores baixo o título "Xestionar a igualdade para prever a violencia".

Son unha serie de medidas nos distintos ámbitos sobre todo educativos porque coidamos que é na educación onde teñen que se encamiñar as medidas para acadar esa igualdade.

No ámbito do emprego sinalar que neste mesmo Pleno primouse no Plan Municipal de Emprego a un colectivo prioritario que é o das mulleres. Estamos traballando dende este Plan Municipal con programas concretos tanto dirixidos sobre todo a mulleres vítimas da violencia, cousa que consideramos fundamental, pero tamén para incorporar a todas as mulleres.

No ámbito do emprego, sobre todo do emprego público hai outra moción do Partido Socialista que se vai presentar logo e quero dicir que todas esas medidas que se propoñen están na liña na que se está traballando no Concello de Vigo e polo tanto imos votar esta moción a favor.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Quero agradecer a intervención tanto da concelleira do Partido do Goberno, coma da Sra. Sío. Todas as mulleres do Concello de Vigo sabemos que nesta Corporación estamos apostando todos e todas dende xa hai moitos anos para que todas estas medidas se leven á práctica, pero como

sabemos que todo o isto nunca é suficiente nós queremos que isto siga aquí día tras día.

Comentaba a Sra. Sío que nestes intres na Consellería de Traballo hai xa medidas en marcha. Efectivamente, Sra. Sío, a Secretaría Xeral de Igualdade neste senso está contando coa colaboración de todas as Consellerías que nestes momentos hai na Xunta para que a política de igualdade sexa transversal; o máis importante é que a política de igualdade sexa transversal, que dende a Consellería de Vivenda, pasando pola de Traballo e rematando coa de Educación, por non dicir Sanidade e outras, colaboren nesta política de transversalidade, pero pensamos que todas as medidas encamiñadas a fornecer as políticas de igualdade son importantes e daí que pensemos que todo o que sexa reclamar é importante.

En canto ó terceiro punto, a min a verdade é que nunca se me ocorreu ver, por exemplo cando o Concello fai unha contratación cunha empresa externa, se esa empresa tende á igualdade en canto a xéneros, porque ó mellor é unha cousa que temos que empezar a mirar e cando fagamos contratacións técnicas externamente temos que preguntar cantos homes e cantas mulleres ten a empresa. Isto é importante, son pequenas cousas e aínda que non o fagamos literalmente coido que xa hai que empezar a tomar medidas e case afirmaría que nese campo non se fai; si se fai por exemplo a nivel dos funcionarios municipais que miramos unha serie de cousas pero nas contratacións externas ó mellor non o estamos facendo.

En canto a promover dende o Concello a colaboración coas institucións, vostede falaba de coeducación, Sra. Sío, e estou absolutamente de acordo pero esta política de coeducación teoricamente xa se ten que levar á práctica en todos os colexios. Cando falamos aquí da realización de actividades extraescolares un pouco tamén nos referimos a que se hai actividades extraescolares se fomenta a igualdade no tema da muller, que dalgún xeito é quen ten que estar cos fillos moitas veces ou bastantes máis cos homes e con estas políticas de facer actividades extraescolares axudariamos a que dalgún xeito dende as institucións e a nivel social se asumise esta parte que case sempre carga sobre as mulleres e daí que pensemos que están ben presentados os puntos e que todo o que sexa fornecer é positivo.

Quérolles agradecer novamente a súa colaboración e o seu voto favorable.

(No momento da votación está ausente o Sr. Ruiz Cenicerros).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, de instar á Xunta de Galicia a elaboración dunha Lei galega para o fomento do acceso das mulleres ó emprego remunerado, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Explicación de voto do voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro:

Moi breve e para non insistir, reiterámonos nos argumentos que dixemos antes, deanllos xa por reiterados cando chegue a moción do Partido Socialista de máis adiante tamén sobre o tema da muller e ó mellor o que procedería é algo que eu dicía na miña intervención: coordinar políticas municipais coas da Nación galega xunto coas do Estado para optimizar os recursos en todos os sentidos. En todo caso e mentres non se dea isto e sendo unha reclamación nosa que será tamén reiterada e constante, imos apoiar todas as mocións que vaian na dirección de paliar este gravísimo problema social.

9.- (33).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A NOVA REDE DE MICRORREEMISORES PARA TV EN VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de febreiro de 2006, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula a seguinte moción:

"O BOE, de data 30 de xullo de 2005, publicaba o Real Decreto 944/2005 polo que se aproba o plan técnico estatal da televisión dixital terrestre (TDT). Dende entón corren os prazos para incluír a nosa cidade nun proxecto integral que remedie e poña fin ao feito de que en Vigo existan cidadáns e cidadás de primeira -os que ven en condicións as cadeas de televisión tanto públicas como privadas que emiten en aberto- e os de segunda -que teñen que soportar imaxes borrosas, interferencias, falla de sinal da maioría das emisoras...-. Foi laboura das sucesivas corporacións completar o sistema de cobertura das distintas cadeas de TV da nosa cidade, pero nunca se logrou totalmente.

Recentemente coa emisión das novas emisoras dixitais o problema vese incrementado. Aqueles veciños e veciñas afectados polos problemas de recepción de sinal seguen sen poder gozar dos mesmos servizos que o resto da cidade, sen que ninguén atenda ás súas xustas reivindicacións.

Na pasada Corporación, no ano 2002, fíxose unha petición de estudo e mellora da sinal de TV que debería recibir a nosa cidade, dado que a mala calidade da imaxen está afectando tanto ao casco central coma a zona periurbán. Indícanse como puntos significativos os seguintes:

- Zona 1. San Miguel de Oia
- Zona 2. Saiáns (Baixada O Portiño)
- Zona 3. Coia-Florida (Campo de fútbol)
- Zona 4. Castrelos (Falcoa)
- Zona 5. Sárdoma (Ambulatorio)
- Zona 6. Salgueira (Rúa Marcelo Curros)
- Zona 7. O Castro (Atalaia)
- Zona 8. A Guía (Españeiro)
- Zona 9. Candeán (contorno Igrexa e Rabadeira)
- Zona 10. Cabral (Carballal)
- Zona 11. Bembrive (R. Miraflores)
- Zona 12. Calvario (Sagunto, Valladolid e M. Garrido)
- Zona 13. Zamáns.

É significativo sinalar que os veciños e veciñas de Españeiro, en Teis, e tamén os de Zamáns teñen que dispor de reemisores colectivos propios, pagando mensualmente os gastos de luz e mantemento se queren acceder ao servizo de TV.

Sen dúbida, a colaboración da Administración autonómica para facer fronte a esta discriminación que sofre unha parte da cidade ata hoxe non foi a axeitada. Coidamos por isto que o "APAGÓN ANALÓXICO", aunciado para o ano 2010, ten que servir para que se dote a Vigo dunha rede axeitada e completa de sinal de TV que poña fin aos problemas de recepción existentes. Estamos comezando o século XXI, a TVE cumpre 50 anos e a nosa cidade non está ao día de hoxe en condicións de se sentir orgullosa do servizo que os vecinos e veciñas reciben.

Polo exposto, o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da Corporación insta á Alcaldía-Presidencia a esixir, tanto á Administración do Estado coma á Autonómica, os estudos e proxectos axeitados para o cumprimento da lexislación vixente na prestación do servizo de sinal de TV en todo o territorio de Vigo."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de febreiro de 2006, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Estamos no ano no que se cumpre o 50 aniversario da televisión e hai xente na nosa cidade que segue tendo que se buscar a vida; iste non é un tema novo, ven dende os comezos pero a publicación no BOE no ano 2005 dos prazos para o apagón dixital si que nos fai alomenos iniciar un proceso.

Esta moción presentámola dende o noso Grupo coma algo que quixeramos que fora da Corporación, é dicir, eu sei que ó longo do tempo todos os gobernos

tentaron ir dando solucións coma poideron ás demandas dos veciños de distintas zonas. A realidade é que as competencias están tan diluídas que dalgún xeito os veciños teñen que seren os paganos e os que teñen que buscar a solución porque senón non ven a televisión. Isto dáse no casco da cidade porque, á parte de ser unha cidade dinámica e complexa, tamén ten unha orografía particular e que coido que tamén forma parte do noso carácter.

Isto ven a conta de que cando un goberna percibe estas cousas e fai o que ten que facer. Non se trata de facer historia, pódolles afirmar que esta inquedaanza leveina onde tiña que a levar, toquei onde tiña que tocar e sempre me dicían o mesmo: "vaise empezar un novo proceso para dotar ó noso País de novos reemisores e aí estará Vigo". Algo fixeron pero non foi abondo e por iso preséntase esta moción e, a título de exemplo, nela faise mención a unha serie de puntos que detectamos no 2002.

Estou convencido de que hoxe, coa posta en marcha da televisión dixital terrestre, hai máis problemas porque así nolo manifestaron dende distintas parroquias e barrios da cidade e por iso é necesario alomenos comezar un proceso.

Dende o noso modo de ver o proceso ten que se centrar en primeiro lugar en facer un mapa da cidade novo e sei que no departamento que eu dirixín teñen este traballo e pode server de base, pero coido que as tres institucións que teñen responsabilidade no tema da televisión, coma é a Inspección que está na Xefatura Provincial de Pontevedra, Retevisión que ten a obriga de transmitir o sinal das emisoras estatais e coma é a RTGAL, é dicir, está Retevisión que está privatizada pero ten a obriga de facer o servizo público que para iso lle pagan as distintas cadenas estatais e con RTGAL porque tamén é unha empresa pública que tamén ten que transmitir e obrigar a que cumpra este trámite.

Digo isto porque son demasiadas as persoas que están buscando as solucións para ter os servizos e coido que nos prazos se poden poñer en marcha perfectamente e o Goberno, chega á conclusión que chegue, vai ter seguro o apoio da Corporación para buscar unha solución definitiva.

Coido que Vigo non pode estar no século XXI vendo as televisións portuguesas e non as locais ou a galega. Está a suceder que veciños da Guía teñen que ter, pagar e facer mantemento dunha rede propia e iso non é de recibo; digo da Guía coma podo dicir de Zamáns, Candeán, A Salgueira e seguro que eu non sei de todas porque cando fixemos este traballo no 2002 foi por petición e coa colaboración dalgúns cidadáns, o que nos fixo abrir

os ollos e ver que había moitos fallos. Realmente a xente búscase a vida e na Florida sen ir máis lonxe a xente que fixo casa nova non ve a televisión, no contorno do campo de fútbol de Coia para entendérmonos e iso que aquela é unha zona chan que parece que está o Xaxán diante e pódolles dicir que será moi gratificante para todos nós que isto se leve en serio.

Non é moi urxente pero si necesario porque a xente que queira ver hoxe a televisión dixital terrestre terá verdadeiros problemas e é un dereito que temos todos e tampouco se está vendo de xeito axeitado.

A nosa proposta é que ante o apagón dixital tomemos medidas a tempo, empeceamos a facelo sen marcar prazos e eu alomenos lle desexo ó Goberno que teña máis sorte da que tiveren eu que o expuxen onde debía. O Sr. Figueroa substituíme nunha comisión que hai en Santiago e parece que tampouco acadou ren, a verdade é que a min me convocaron dúas veces e as dúas veces levei a petición pero nin o poñían na orde do día, parece que non era moi importante. Coido que si o é para quen non recibe o sinal de televisión e está claro que un grupo de veciños non pode dispoñer de 12.000 euros para facer un microrreemisor porque iso é o que custa e non pode ser; todas esas instalacións que os veciños pagaron agora lles quedan obsoletas co que os custos se incrementan máis aínda.

Non pode ser que os veciños se teñan que buscar a vida porque nesta cidade a verdade é que xa o teñen que feito pero xa vai sendo hora de que dende a Corporación se dea ese trato igual para todos porque todos pagan os mesmos impostos e todos temos os mesmos dereitos. Agora que estamos na campaña dos 300.000 é un bo momento para animar a estes veciños e que alomenos teñan os servizos.

A proposta que lle facemos ó Pleno é: "O Pleno da Corporación insta á Alcaldía-Presidencia a esixir tanto á Administración do Estado coma a autonómica os estudos e proxectos axeitados para o cumprimento da devandita lexislación na prestación do servizo do sinal de televisión en todo o territorio de Vigo".

O que lles quería resumir é que se faga un mapa do sinal de televisión para que todo o mundo goce dos mesmos dereitos.

SR. FIGUEROA VILA: Asumimos na súa totalidade e sen lle poñer nin unha coma o que acaba de dicir o Sr. Fernández.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Arias Moreira e Ruiz Ceniceros).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinte sete que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, relativa ó cumprimento da lexislación vixente na prestación do servizo de sinal de TV en todo o territorio de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

10.- (34).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A RESERVA DE SOLO DOTACIONAL NO PAU DE NAVIA PARA CENTRO PÚBLICO INNOVADOR PARA ATENCIÓN A PERSOAS CON DEPENDENCIA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de febreiro de 2006, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“Segundo a enquisa sobre Deficiencias, Discapacidade e Estado de Saúde do ano 1999, o 9% da poboación española sofre algunha discapacidade. Na Galiza, cunha poboación estimada de 2.725.000 habitantes, unhas 200.000 están nesta situación. Se nos referimos exclusivamente á dependencia nas súas tres modalidades (moderada, severa e gran dependencia), en toda Galiza habería preto de 70.000 persoas nesta situación, e na área metropolitana de Vigo con preto de 500.000 habitantes, 13.000 persoas precisan axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria e moitas por ser altamente dependentes necesitan da presenza continua doutra persoa para lles axudar. Estas cifras, xa de por sí abultadas, incrementaranse considerablemente nos próximos anos polo envellecemento poboacional, a maior esperanza de vida das persoas con enfermidades conxénitas que xeran discapacidade e o aumento de accidentalidade que deixa secuelas.

Ate o de agora a atención da necesidade ou protección social das persoas con dependencia basease no modelo asistencial, que ten unha cobertura moi limitada, prestándose unicamente servizos a persoas con recursos económicos insuficientes, onde a xestión privada prima sobre a pública e no que o maior peso dos coidados recae sobre a familia, especificamente sobre as mulleres do núcleo familiar. Mais coa incorporación das mulleres ao mercado laboral, os cambios que se están xenerando no modelo familiar e a maior necesidade de protección social a dependencia, obríganos a superar este modelo por outro de cobertura universal, imperante na UE, onde as prestacións non dependen dos recursos das persoas dependentes senón da propia necesidade de recibir coidados. Neste modelo, son os poderes públicos os que prestan os servizos e xeran os recursos necesarios para atender a estas persoas.

Produto do abandono das diferentes administracións dende a Xunta de Galiza, até a Administración Estatal, pasando polos concellos, que dedican unha ínfima parte do seu orzamento ó benestar social, a nosa área Metropolitana sofre unha gran carencia de recursos para atender ás persoas con dependencia, pertencendo a maior parte dos existentes a ordes relixiosas, institucións benéfico-asistenciais e asociacións de afectados que co seu traballo e tesón supliron a falla de interese e a ineficiencia administrativa. Máis xa é tempo de que as diferentes administracións asuman as responsabilidades que lle corresponden en canto a xeración de recursos e prestación de servizos.

Vigo e a súa Área Metropolitana precisan dun Centro Público Innovador que se integre na futura rede pública de servizos do Sistema Galego de Dependencia, que lle dea atención global e permanente ás persoas en situación de moderada, severa e gran dependencia, que contaría con servizos de Centro de Día, Residencial, Ocupacional e de Tratamento, con acceso a novas tecnoloxías para atender a persoas con discapacidade e que debería ubicarse próximo ao núcleo de poboación co obxecto de facilitar a integración social dos usuarios. Tendo en conta todas estas características necesitaríanse alomenos 10.000 metros cadrados

Por todo o exposto o Grupo Municipal do BNG propón á Corporación que adopte o seguinte acordo:

Que se reserven 10.000 m2 de solo dotacional no PAU de Navia para que no futuro se poida construír un Centro Público Innovador para a atención global e permanente ás persoas en situación de moderada, severa e gran dependencia."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 20 de febreiro de 2006, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Antes de nada teño que dicir que me alegro e que todos esteamos de acordo en aprobar todas estas mocións porque creo que son moi importantes para a cidade.

Segundo a enquisa sobre deficiencias, discapacidade e estado de saúde, enquisa xa do ano 99 de poboación española sofre dalgunha discapacidade; se nos referimos a Galicia sófrena 200.000 persoas e en tramos de dependenza serían 70.000 persoas en Galicia as que terían moderada, severa ou grande dependencia.

Se nos referimos á área metropolitana de Vigo e seguemos as estatísticas nestes momentos unhas 13.000 persoas presentarían necesidade doutra persoa para facer algunha das actividades da vida diaria e cando falamos de actividades básicas da vida diaria referímonos a cousas tan sinxelas coma comer, erguerse, camiñar, asearse, etc. Estas cifras vanse incrementar por múltiples razóns: Unha, polo envellecemento poboacional porque cada vez temos unha poboación máis vella; dúas, porque cada vez hai máis accidentes

e máis persoas novas quedan con algunha discapacidade e tres, porque cada vez tamén as persoas que teñen unha enfermidade xenética que xera algunha discapacidade duran máis anos, antes unha persoa que ó mellor tiña unha parálise cerebral morría con 30 anos e agora tranquilamente chega ós 60 anos.

Ata agora a atención da necesidade ou protección social das persoas con dependencia neste estado baseábase no que se chama o modelo asistencial no que se presta algún tipo de axuda a aquelas persoas que economicamente non a poden ter, que teñen uns salarios baixísimos ou non teñen recursos económicos case de ningún tipo e intervense a nivel de institución e búscase unha solución.

Maioritariamente as persoas non están nesta situación e polo tanto son as familias e máis cas familias as mulleres desas familias as que axudan, as que coidan a estas persoas que polo xeral están nas súas casas e en moitas ocasións por circunstancias se ven obrigadas a ingresar nalgún centro.

Na Unión Europea maioritariamente nestes momentos xa non se está neste modelo, só están nel os países do sur de Europa, están nun modelo máis universal no que ás persoas se lles dá axuda segundo as súas necesidades e non segundo os seus recursos económicos e se as persoas teñen que achegar algún recurso económico fannos pero dalgún xeito por parte das institucións se lles cubren estas necesidades.

Coidamos que co anteproxecto de lei da autonomía persoal e da dependencia probablemente se solucione e apoiámos ferventemente que esta lei pronto entre en vigor pero neste estado ata agora, o abandono das diferentes administracións comezando pola Xunta de Galicia, pasando polo Estado e rematando cos Concellos e senón botemos contas señores e señoras corporativos e corporativas de canto se adica a benestar social estricto neste Concello, coido que nestes momentos está arredor do 2% ou un pouquiño máis ó mellor.

Diciamos que con esta carencia de recursos na nosa área metropolitana para atender ás persoas con dependencia en xeral temos que recorrer a recursos privados, son as ordes relixiosas, institucións benéfico-asistenciais, asociacións de afectados as que ata agora con grande tesón dalgún xeito cobriron a ineficiencia administrativa. Pero nós pensamos que xa é tempo de que as institucións asuman a súa responsabilidade, é hora de que dalgún xeito se fomente a xeración de recursos e prestación de servizos.

Coma pensamos que Vigo e a súa área metropolitana deben dispoñer dun centro público innovador que se integre na futura rede pública de servizos do

sistema galego de dependencia porque isto é o futuro, evidentemente. Este centro tería que lles dar unha atención global e continuada ás persoas que presentan moderada, severa e grande dependencia. Tería que contar con servizos de centros de día, residencial, ocupacional, de tratamento, etc., pero cómo fose e centro sería unha cuestión de deseño nun futuro.

O que pensamos é que dalgún xeito este centre ten que estar nun núcleo poboacional para que as persoas con discapacidade se integren no seu contorno e que dalgún xeito se lle dean servizos ós usuarios.

Tendo en conta todo isto nós coidamos que é necesario que cara ó futuro se se fai ese centro, sabemos que a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia está facendo o primeiro plano de servizos sociais para o estudo das necesidades e nós queremos apostar porque este centro se faga e para iso, coma antes o reservamos para o hospital e no futuro teremos ese hospital de referencia que tamén voltaremos demandar, nós o que queremos agora é pedir unicamente que se reserve solo dotacional.

Sabemos que nestes momentos hai dúas asociacións que nós apoiamos e que cremos que teñen certo compromiso para ter solo dotacional no polígono de Navia, apoiamos que se lles dea, cremos que é bo e que estas asociacións que están traballando tanto polos discapacitados merecen o noso apoio, pero á parte o acordo que queremos é que se reserven 10.000 metros de solo dotacional no PAU de Navia para que no futuro se poida construír un centro público innovador para a atención global e permanente ás persoas en situación de moderada, severa e grande dependencia.

Esperando que apoiem a moción, grazas de novo.

SR. FIGUEROA VILA: Imos votar a favor a súa moción o único dicir que esas dúas asociacións que vostede menciona paréceme que xa teñen resolta a súa localización pero en canto a que se leve a Navia (é unha matización, que non conste na acta) que os servizos técnicos tamén miren os metros cadrados que hai dispoñibles para resolver os temas. Non vai haber ningún problema pero que se contemple.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Por suposto, de todos os xeitos nestes momentos parece que os hai pero, moitas grazas. Evidentemente estamos de acordo co que precisou.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Barros Ponte, Iglesias Carrera, López-Chavez Castro e Ruiz Ceniceros).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, instando a reserva de solo dotacional no PAU de Navia para centro público innovador para atención de persoas con dependencia, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

11.- (35).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO ACTUACIÓNS NAS PARADAS DOS AUTOBUSES DO TRANSPORTE PÚBLICO URBANO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de febreiro de 2006, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Viéitez Alonso, formula a seguinte moción:

"O transporte público urbano no Concello de Vigo ten sufrido distintas remodelacións, cando menos coa pretensión de tentar mellorar a súa prestación e incrementar o uso polo conxunto da cidadanía. Non todas obtiveron o mesmo éxito e mesmo algunhas foron un fracaso pois partían de concepcións desfasadas ao primar o transporte privado sobre o público.

No goberno da anterior Corporación tiñamos moi claro que había que ter unha clara vontade se queriamos invertir a tendencia a baixa, xa que a perda de pasaxeiros/as empezaba a ser alarmante e para iso era necesario mellorar a prestación do servizo por parte da empresa concesionaria e implantar as melloras ofertadas, pero tamén era necesario ter unha política municipal expresa e de apoio ao transporte público. Dita política onte criticada dun xeito incomprendible pola mesma formación política que hoxe a sustenta, comezou a dar os seus froitos e a barreira mítica dos 20.000.000 millóns/ano de pasaxeiros está superada. A universalización do bono-bus mediante a tarxeta moedeiro e o billete de transferencia son dous fitos que marcaron o punto de inflexión. Agora ben, non podemos darnos por satisfeitos e queda aínda moito por facer para mellorar aínda máis as súas prestacións e que o conxunto da cidadanía asumamos o transporte público como o medio máis adecuado para desplazarmos pola cidade.

No senso antes descrito hai un aspecto que temos observado como algo preocupante ao ter unha incidencia importante, non só no propio transporte público senón tamén no tráfico ao orixinar problemas innecesarios e evitábeis. Estámonos a referir aos carrís bus e nomeadamente ás paradas. Nunha observación detida ollamos que os carrís-bus están ocupados e que o deseño das paradas non é o máis adecuado, pois a marxe de manobra e escaso ou nulo, cando non están ocupadas por outros vehículos ou mesmo contedores, etc., e tamén mal sinalizadas, aspectos que obrigan a parar aos autobuses nos carrís de circulación coas conseguíntes colas e retencións do tráfico.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG, propoñemos as seguintes resolucións:

Primeiro.- Que se proceda a repoñer e mellorar a sinalización dos carrís-bus,

Segundo.- Que se proceda de xeito inmediato ao redimensionamento das paradas a xeito de que súas medidas permitan unha marxe de manobra fácil para os autobuses que, sen perder máis tempo, poidan usalas dun xeito adecuado e obrigatorio,

Terceiro.- Eliminar todos os obstáculos que estean situados dentro do campo de acción da manobra, buscando e aplicando aqueles elementos de disuasión que eviten a súa ocupación,

Cuarto.- Mellorar dun xeito substancial a sinalización das paradas, tanto vertical como horizontal que, cando menos, permita unha apreciación fácil e rápida para o resto das persoas que utilizan o tráfico rodado."

A comisión informativa de Mobilidade e Seguridade, en sesión do 20 de febreiro de 2006, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. VIÉITEZ ALONSO: O transporte público é un dos instrumentos que poden ter as institucións, entroutras cuestións, para equilibrar os desequilibrios que existen na sociedade. Nese sentido o transporte público de Vigo sufríu ou cando menos tentou varias remodelacións con maior ou menor éxito e mesmo algunhas foron un fracaso na medida en que conceptuaban que tiña que ter prioridade o transporte público sobre o privado.

Na anterior Corporación cando menos o equipo de goberno tiñao tremendamente claro e houbo unha clara vontade de inverter a tendencia que ata aquela era de perda de pasaxeiros constante, ó mesmo tempo tiñamos ben claro que era necesario mellorar o servizo que por parte da empresa concesionaria se estaba prestando e implantar melloras que estaban recollidas na oferta pero que non se fixeran efectivas. Boa proba diso foi que coas decisións que tomamos no seu momento e polas que fomos bastante criticados, hoxe observamos que non só se mantén o número de pasaxeiros, senón que se incrementa o que corrobora que a decisión que no seu momento tomamos foi acertada porque insisto unha vez máis en que o transporte é un deses segmentos que teñen as institucións para corrixir as diferencias sociais que existen.

O que é importante e que se empezou a recuperar pasaxeiros e por primeira vez se superou a barreira mítica dos vinte millóns e digo que mítica porque sempre se marcaba coma obxectivo pero nunca se chegaba. Coido que nestes momentos todos debemos alegrármonos polas decisións que no seu momento se tomaron. Iso foi debido a dous aspectos importantes, á parte de que por parte da Corporación municipal se puxeron cartos para potenciar o

transporte público, pero houbo dúas decisións que cando menos supuxeron o punto de inflexión coma foi a universalización do bono-bus a través do billete-monedeiro e por outro lado o billete de transferencia; foron dous actos cualitativos importantes e que nos colocan nestes momentos nunha boa situación pero que nós entendemos que se debe mellorar moito e así o manifestamos entroutros lugares no Consello Sectorial de Transportes.

Á parte doutras cuestións observamos un aspecto que cando menos é chamativo. Tomamos decisións para priorizar na circulación o transporte público pero sinceramente algunha delas non deron todo o resultado que nos gustaría.

En primeiro lugar o que temos que ver é que naqueles lugares onde están habilitados os carrís-bus moitas veces están ocupados, coido que é un problema de todos e todas pero sobre todo do Goberno municipal pero non acadamos habilitar aquelas medidas necesarias non só de carácter penalizador, senón mesmo educacional para que asumamos o conxunto da poboación que precisamente eses lugares están reservados para o transporte público e que non se deben ocupar.

Ó mesmo tempo e no caso concreto das paradas tamén observamos que non están nas condicións que deberan. Xa non imos falar dos autobuses "oruga" que en todo caso son unha excepción, pero si sobre os autobuses normais e sinceramente o deseño das paradas en moitos lugares non cumpren a súa función que é que o autobús pare, se aproxime ás beirarrúas e permita subir en condicións de seguridade ós pasaxeiros. Observamos coma xa non só se aparca nelas, senón que ou ben non son do tamaño axeitado, téñase en conta de que estamos falando de autobuses normais de 12 metros, ou mesmo moitas veces están ocupadas por servizos municipais coma por exemplo por colectores e pódese apreciar iso sen ir moi lonxe, en Policarpo Sanz.

Nese sentido é preocupante por dous motivos: un para nós primordial, que non se acada ese efecto de seguridade sobre todo para aquelas persoas que teñen dificultade á hora de se mover, ben por discapacidade, ben por seren persoas maiores, de se aproximar ó autobús e mesmo hai outro aspecto que coido que tamén debemos ter en conta e é que nestes momentos o carné por puntos é unha realidade e nese sentido débese ter en conta que os profesionais do transporte público pódense ver afectados ou mesmo privados da súa máis elemental ferramenta de traballo coma é o carné de conducir, produto das posibles multas e de feito xa se produciron, pero que moitas veces pensamos que non é culpa deles senón de non estar aqueles lugares en

condicións e nomeadamente estamos falando das paradas de autobús e dos carrís-bicis.

Ademais teñan en conta polos datos que temos que cando os contrastamos con outras cidades, as liñas de autobús en Vigo teñen unha velocidade media bastante alta, andan aproximadamente a uns 18 quilómetros hora cando o promedio do Estado pode estar en 11/12 quilómetros hora; é dicir, por un lado tensiona dun xeito moi grande ós conductores pero por outra banda tamén lles obriga, sobre todo se non están en condicións aqueles lugares que habilitamos, a facer cando menos manobras non de todo correctas.

Propoñemos por un lado que se proceda a repoñer e mellorar a sinalización dos carrís bus, que se consulte tamén con eles porque manifestaban que ás veces os sinais non están situados de xeito adecuado porque lles interrompen que eles se poidan aproximar máis á beirarrúa.

Por outra banda é conveniente cando menos que se estuden as paradas e se redimensionen entroutras cousas porque produto de por exemplo cando se implantou a recollida selectiva invadíuse algún espazo das paradas o que lles impide realizar a manobra de xeito adecuado.

Pedimos tamén que se eliminen todos os obstáculos que estean dentro do campo de manobra, entroutras cousas para aplicar aqueles elementos de disuasión que se coiden axeitados.

Tamén que se mellore de xeito substancial os sinais das paradas tanto no sentido horizontal coma vertical e que cando menos permita apreciar que alí existe algunha parada, en concreto nalgunhas delas os sinais están tapados por outros elementos, ben arbustos, ben arboredo ou mesmo outros como poden ser sinais que tamén cumpren outras funcións.

Entendemos que se deberan tomar medidas o máis axiña posible entroutras cousas porque semella que tiñamos cando menos unha intención de acordo nese aspecto cando se manifestou no Consello Sectorial do Transporte.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: A verdade é que esta moción que por suposto imos apoiar, supoño que será tamén consecuencia dalgo que todos os Grupos municipais atendimos durante os pasados días: o Comité de empresa de Vitrasa reuniuse coido que con todos os Grupos municipais para formular unha serie de reivindicacións, parte delas están recollidas nesta resolución, logo de que nos solicitaran por carta unha entrevista.

Eu, cando lin a carta e logo cando se realizou a entrevista con este Grupo municipal, a verdade é que me lembrou unha das primeiras reunións que tamén tiveron cando asumín a responsabilidade de Seguridade, Tráfico e Transporte

con este mesmo Comité de empresa. A carta fai referencia á ocupación de paradas, dobres filas, coches aparcados en dobres filas, paradas ocupadas, aparcamentos en rotondas, circular o bus en moitas ocasións pola esquerda, etc., e digo que me lembrou a algunha das primeiras reunións porque era obvio que ese era un problema importante no tráfico da cidade e tentouse poñer algunhas medidas para o solucionar.

A verdade é que as medidas que se recollen na moción do Bloque Nacionalista Galego, que por suposto son todas correctas e nós apoiamos, entran quizais máis nos aspectos da descrición física e das medidas a tomar nos aspectos digamos máis mecánicos das paradas, carrís-bus, etc., do transporte que no fondo do que tamén formulaba o Comité de empresa, fondo no que nalgúns aspectos non me vou meter pero coido que si é pertinente falar de algo que me parece moi importante: Se calquera de nós, concelleiros ou público, se dá un paseo agora por calquera rúa da cidade atoparase que nas zonas acotadas, mesmo con esas medidas deficientes e con esas barreiras físicas que hai, contetores, etc., que de dez paradas, coma moito poderá atopar libre o espazo de dúas paradas e coido que non estou esaxerando nada.

Iso malia que existe un importante medio técnico que é o multa móbil que coido que non é a solución de todos os problemas do tráfico coma ben se amosa pola marcha atrás que se viviu no tráfico da cidade nos últimos tempos en todos os temas referidos que a carta do Comité de empresa comenta e moi especialmente ó uso dos carrís-bus, das paradas de autobús e a dobre fila.

Coido que é imprescindible que se vexa á Policía Local, que a Policía estea vixilando nas rúas permanentemente e o das paradas do bus é outro dos temas importantes porque a presenza física da Policía Local ten un efecto positivo para que se cumpran as normas de tráfico e dende logo que nos casos de ocupación de paradas para iso está o servizo do guindastre, para que se deixen libres esas paradas xa que falaremos moito de potenciar o transporte público pero se non o atendemos na práctica a verdade é que pouco estaremos a facer por el.

Comento isto porque espero do Concelleiro de Seguridade e Mobilidade que cumpra, que faga os máximos esforzos; eu lembro que cando lle preguntaba polo seu programa para os temas de tráfico e mobilidade da cidade dicía que ía tentar que se cumpriran as normas de tráfico e non era escasa a ambición. Coido que non é pouca cousa pero se ise é o programa, por favor faga o maior esforzo para que se cumpra, para que entroutras cousas

poidamos realmente dicir, sen estar falando "barato", que potenciamos o transporte público e unha maior mobilidade na cidade.

SR. SOTO FERREIRO: Brevemente para ratificar o dito polo Sr. Calviño de que todos recibimos ó Comité de empresa, as súas reivindicacións están aí, son profesionais que viven a cotío con certas incertidumes coma é conducir cun tráfico difícil moitas veces e manexando autobuses e polo tanto merecen non só consideración e respecto, que iso o merece calquera; neste caso merecen axuda e que as súas peticións, coma en primeiro lugar di o propoñente da moción, claro está, pero tamén coas colaboracións do dito polo Sr. Calviño, se materialicen polos responsables do Goberno municipal.

SR. COELLO BUFILL: Sr. Viéitez, estou de acordo co preámbulo da súa moción, efectivamente a remodelación que se fixo no ano 2001 está dando os seus froitos e agora estanse a recoller.

O punto 1 da súa moción no que fala das rúas Paulino Freire, Camelias, Pi i Margall, López Mora, Pizarro, Pintor Lugrís e Fragoso, xa se deron as ordes axeitadas para a sinalización horizontal dos anteditos carrís cun pintado de zigzag e laranxa, repintado da banda de 30 cms de división de carrís e textos identificados de "só bus-taxi", así coma a renovación de sinalización vertical en todos os casos. A sinalización de Gran Vía, García Barbón, Policarpo Sanz, Urzáiz e Colón, de momento e coma me sinalan os técnicos están en bo estado.

En canto ós puntos 2, 3 e 4 da súa moción, teño que lle dicir que en datas inmediatas constituirase unha Mesa na que estean representados os servizos de Policía, Tráfico, Limpeza, Parques e Xardíns, empresa concesionaria Vitrasa e empresa concesionaria de sinalización horizontal e vertical que presidirá o Concelleiro co obxecto de tomar decisións de acordo coa proposta formulada. Evidentemente tamén estará Vitrasa pero cunha representación social e con outra empresarial para escoitar as suxestións que nos queiran facer.

Sr. Calviño, vostede non é obxectivo e sábeo, sabe que non é obxectivo no tema do tráfico. Xamais neste Concello se fixo un esforzo tanto persoal coma colectivo da Policía Local, con instrumentos e medios ó seu alcance que están dando resultados que creo razoables. Sr. Calviño, vostede que estivo no cargo seis meses sabe o que é e vostede non é obxectivo na exposición de motivos. A min dóeme persoalmente que o manifestara así e dígo con todo o rigor porque creo que se está facendo un labor constante

dun xeito persoal polo Concelleiro que lle fala, por todo o colectivo da Policía Local, polo Inspector Xefe e dentro de pouco imos presentar a memoria e nela estarán os resultados.

Eu, coma o meu compañeiro, Sr. Guerra, ós feitos me remito. Eu dígolle a vostede que xamais se exerceu tanta presión en determinadas arterias que son fundamentais para o transporte colectivo e para a vida da cidade e iso sábeo vostede porque son datos obxectivos. Superamos a media comercial de 17 quilómetros a preto de 23 quilómetros/hora e vostede sábeo. Iso quere dicir que se exerce unha presión constante en determinadas zonas e arterias da cidade e que a Policía está actuando axeitadamente.

A min moléstame ademais persoalmente e dígollo con toda a razón do mundo porque a Policía é un instrumento fundamental en calquera acción de Goberno e tamén precisa un recoñecemento persoal; espero que estas verbas lles cheguen porque penso que a Policía está actuando en moitas facetas, coma Policía Local, de seguridade e fundamentalmente de tráfico nestes momentos na cidade.

Tamén lle digo que non estou satisfeito cos resultados, que imos seguer traballando e para iso preciso tamén a súa cooperación, pero a súa cooperación honrada, honesta e obxectiva como coido que de todos os Grupos. O Sr. Viéitez fixo a moción neste sentido e felicítolle porque é unha moción na que se ve claramente que tenta mellorar a dispoñibilidade do que son os recursos que temos e garantízolle que cando vostede queira dareille os datos persoalmente.

SR. VIÉITEZ ALONSO: O obxecto da moción era buscar fórmulas para mellorar o transporte urbán.

Somos conscientes de que o transporte público pode estar ben pero sempre necesita melloras continuas, veña quen veña e sempre que aposte polo transporte público. Igual ca nós no seu momento pensamos que demos un salto tremendo e supuxo un punto de inflexión pero así e todo observamos que había que ir mellorando aquelas pequenas cousas e os que veñan detrás terán que seguer ese camiño porque é o único xeito de falar de cousas máis grandes coma é o tráfico en xeral.

Polo tanto nós o único que pedimos é que se atenda á nosa moción. Paréceme moi ben que coa nosa "chamada de atención", en xeito cariñoso, vostede tome este tipo de medidas e sobre todo tamén que se conte co colectivo dos empregados porque, á parte da tensión que viven, conducir en calquera lugar e máis dentro da cidade sempre xera unha tensión inaxeitada pero insisto en

que nestes momentos pola velocidade das liñas do transporte público desta cidade, case 50% por riba da media do Estado e xunto outro aspecto importante que é a ferramenta de traballo que teñen os empregados da empresa concesionaria coma é o seu carné, cando menos que non sexa por parte do Concello que non colaborem o máximo posible para que eles non teñan esas penalizacións e por outra banda que se seguemos na mellora o conxunto da cidadanía vaise sentir tremendamente satisfeito e coido que iso é o máis importante e o obxectivo final.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Novamente lamentar que as posicións políticas se tomen a nivel persoal, iso é o primeiro. Logo, posiblemente na próxima moción na que falarei sobre o transporte público, terei a oportunidade de dicir cando foi o momento no que a miña total confianza no Concelleiro de Seguridade e Mobilidade empezou rachar.

Estou absolutamente convencido do tremendo esforzo persoal, díxeno moitísimas veces, do Sr. Coello e non poña na miña boca ningunha referencia negativa para o corpo da Policía Local porque a Policía está onde lle mandan as directrices políticas do Goberno municipal e onde lle manda o seu concelleiro de Seguridade e Mobilidade. As prioridades son políticas e márcasas o Concelleiro delegado.

O que a min me molesta profundamente e me doeme porque vivín uns meses o tema e todos sabemos coma é esa Concellería onde se fixo un enorme esforzo e se puxeron medidas, por certo, felicitado por vostede, pola Sra. Alcaldesa, por todo o Grupo do Partido Popular e polo Comité de Empresa de Vitrasa. Dóeme que algo que semella irresoluble, que non se pode modificar que vaia cara atrás coma coido que está pasando nos últimos tempos.

En todo caso non son nin eu, ex Concelleiro de Seguridade e Mobilidade, nin vostede, Concelleiro de Seguridade e Mobilidade na actualidade, quen ten que decidir e analizar iso; serán os cidadáns e cidadás, deixemos que sexan eles os que digan coma está o tráfico nesta cidade que para empezar segue sendo o problema número un.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Figueroa Vila e Ruiz Ceniceros e a Sra. Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Viéitez Alonso, instando actuacións nas paradas dos autobuses do transporte público urbano, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

12.- (36).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO DIVERSAS ACTUACIÓNS EN CASTRO CASTRIÑO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de febreiro de 2006, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Viéitez Alonso, formula a seguinte moción:

“Produto da expansión da cidade e como consecuencia das novas actuacións urbanísticas conviven novas urbanizacións coas existentes, logrando un efecto comparativo, as máis das veces, no que os contrastes son tan evidentes que non poden pasar desapercibidos por ninguén e, moito menos, polas administracións.

Se ben é certo que non se poderán eliminar ditos contrastes e, sobre todo, todos a vez, o que si é certo é que se poden reducir, logrando un efecto de alivio psicolóxico, un maior orgullo de pertenza e unha maior identificación co contorno, o que conleva a reducir situacións de posíbel degradación.

Un destes lugares e o contorno do parque de Castro Castriño, no que podemos ollar ata qué punto un lugar con certo encanto, cunha mínima intervención pode lograr uns resultados máis que satisfactorios para a cidadanía que alí reside e unha mellora substancial da imaxe desta cidade, moitas veces debilitada por estes pequenos detalles.

Quen dea un pequeno paseo por este lugar observa como o anteriormente dito case que pode desaparecer dunha simples pincelada, pero require unha intervención institucional decidida e isto só se demostra con vontade política e con feitos. Pequenos feitos son grandes pasos na construción dun Vigo no que a identificación da cidadanía coa súa cidade sexa o eixo de vertebración na acción institucional municipal, logrando uns resultados multiplicadores que permitan construír a cidade que todos e todas queremos.

RESOLUCIÓNS

Primeiro.- Que se proceda á limpeza da rúa Benedicto Conde, que ao ser un fondo de saco serve como “punto de depósito de lixo”, instalando os elementos necesarios para corrixir esta actuación daquelas persoas que non entenden da necesidade de ter a cidade limpa.

Segundo.- Reposición dos farois do parque, mellora da iluminación circundante e das dúas escadas que baixan a Tomás A. Alonso, eliminando os puntos de luz que son de vapor de mercurio por vapor de sodio e eliminando o interruptor á altura do número 5, xa que obriga ás persoas a apagar a iluminación integrándoo no acendido automático,

Terceiro.- Limpeza do parque, eliminando os restos de coches e podas; repoñendo as reixas inexistentes de recollida de augas e reparando as que teñen desperfectos, ao mesmo tempo que se dota dun "sanecán",

Cuarto.- Instar aos propietarios/as das fincas para que limpen a maleza que sae das súas propiedades e invaden ás vías públicas, retirando tamén aqueles obxectos que se poden considerar entullos ou chatarra,

Quinto.- Limpeza das reixas (sobre todo a que está enfrente ao número 32, que sirven a xeito de corta-augas, xa que están cheas de arrastres e non cumpren a súa función cando chove, orixinando un "caudaloso río polas escadas abaixo", facéndoas inpracticabeis,

Sexto.- Recreecer as tapas dos pozos de rexistro do saneamento, xa que permitirá actuar de xeito inmediato cando hai problemas coas augas pluviais,

Sétimo.- Facer un estudo das direccións únicas pois as direccións obrigatorias de rúas como Torroso, Budiño, Xaxán, Aloia, etc., non permite aos usuarios xirar á dereita por Cordoeira e baixar por Jose Ramón Fontán González, obrigándoos a dar unha volta inmensa. Unha remodelación podería mellorar substancialmente as posibilidades das persoas que alí residen,

Oitavo.- Dado que unha parte importante dos e das residentes en Castro Castriño son persoas xa con unha idade avanzada é necesario facer un estudo que permita eliminar ou cando menos reducir os problemas que se detectan nas dúas escadas que baixan do parque para Tomás A. Alonso como son:

- * Na escada que decorre entre os números 1 ao 32 é necesario contemplar a posibilidade de reducir a inclinación nos tramos chás e a mellora do seu firme con unha rampla para o paso dos carros da compra e igualar a altura dos seus pasos,
- * Na escada que decorre a xeito de rampla, a posibilidade para dotala dunha varanda para poder agarrarse cando se camiña por ela,
- * Dotala dun pavimento para mellorar a súa adherencia eliminando a formación de "verdín" debido a que as persoas esvaran ao seu paso."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 20 de febreiro de 2006, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. VIÉITEZ ALONSO: Producto da expansión da cidade e coma consecuencia das novas actuacións urbanísticas temos unha cidade de contrastes onde conviven novas urbanizacións coas xa existentes acadando ás veces ese efecto comparativo evidente que sobre todo non pode pasar desapercibido por ninguén, moito menos pola Administración.

Se ben é certo que non podemos eliminar eses contrastes e nomeadamente todos á vez, o que si é certo é que cando menos as institucións estamos obrigadas a actuar alomenos para reducir eses contrastes e sobre todo para algo que precisamos: que as persoas que viven nos lugares menos desenvolvidos se sintan satisfeitos da súa pertenza ó lugar e en definitiva á cidade. Por outra banda reducir a degradación do contorno no que viven.

Un dos lugares onde se poden apreciar eses contrastes, aínda que hai bastantes nesta cidade, máis dos que nos gustaría, é o do contorno de Castro Castriño. Estoume a referir nomeadamente ás casas de pranta baixa

que están todas apegadas e nos números máis baixos da rúa Castro Castriño. Quen se dea un paseo por alí pode observar que hai un deterioro non productivo da vellez das construcións, que tamén, pero sobre todo de falla de mantemento axeitado.

As persoas coas que tiveron a oportunidade de falar así o manifestaron e sinceramente non pedían grandes cousas só que se lles atendera e nós observamos coma as persoas, escoitándoas e facendo pequenas actuacións, sítense orgullosas do lugar onde viven.

Propoñemos unha serie de medidas, permítanme que non as lea na súa totalidade porque son bastantes, pero poderán observar que son basicamente actuacións de mantemento que non novas, que alomenos permitirían por unha banda eliminar determinados riscos que alí existen e ademais dun xeito certo, porque se non hai máis é pola colaboración das persoas dalí, pero ó mesmo tempo hai actuacións que eles non poden facer porque non teñen as ferramentas ou os medios axeitados para eliminar ese tipo de situacións.

As medidas que propoñemos van non cara ó incremento, senón á limpeza diaria que se debera dar no contorno e as persoas que pasen por alí poden apreciar perfectamente que existen restos de coches e doutros enseres coma electrodomésticos que non ten moito sentido que estean alí.

Podemos falar da reposición dos puntos de alumeado porque ás alturas do ano 2006 no que estamos aínda ten que haber uns cantos veciños e veciñas que se teñan que preocupar de apagar o alumeado público porque ninguén se preocupou de conectar ese tramo ó acendido automático. Tamén falamos de que se quiten dalí os restos das podas que se fixeron, que non permanezan alí por moito tempo ou cando menos dotar tamén dalgúns elementos que axuden á conservación como pode ser a dotación do sanecan no propio parque porque por desgracia tamén iste é o reducto daquelas persoas que teñen cans e que non contribuen a que iso estea nas condicións axeitadas.

Así mesmo propoñemos dúas actuacións de carácter inmediato coma é a limpeza das tuberías e das reixas que están cheas dos arrastres porque cando chove as persoas que viven nas dúas escadas de Castro Castriño teñen enormes dificultades de paso, ben para baixar ou ben para subir, pero en definitiva de acceso ás súas vivendas porque aquilo se convirte nun río productivo da falla de limpeza e de mantemento.

Sinceramente o que pedimos é que se estude con todo detemento pero tamén con todo cariño a posibilidade de modificar as direccións únicas nun tramo pequeno porque na práctica non se cumpre e eu así o observei, estamos falando dun tramo de 30-40 metros de dirección única e todas as rúas que

atravesan as obras que se realizaron no seu momento, coma a obra social de Caixanova, as rúas Torroso, Budiño, Xaxán ou Aloia, cando menos que poidan xirar á dereita para baixar pola rúa José Ramón Fontán González. Isa sería unha mellora que non dificultaría nin empeoraría o tráfico dalí e non obrigaría a dar unha volta tremenda para voltar ó mesmo punto de partida.

En definitiva, coma ven vostedes son cousas pequenas pero necesarias e que as persoas demandan.

Por último, teñan en conta que unha parte importante das persoas que viven alí xa son dunha idade bastante alta e manifestaban a necesidade de eliminar ou en todo caso reducir as barreiras arquitectónicas das escadas porque teñen bastantes dificultades para acceder ás súas vivendas e nós propoñemos que o estuden.

Pensamos que cunha actuación moi sinxela, case só de mantemento, esas situacións poderíanse corrixir e as persoas estarían enormemente contentas e orgullosas de vivir onde o fixeron ata agora.

SRA. POLO LIMA: Alégrome de que traia isto aquí, adiantolle xa que probablemente imos dicir que si a todo. Pero tamén lle queredría dicir que hai un ano se fixo alí unha pequena actuación que non foi suficiente e maxino que vostede contemplaría tamén, foi asfaltar, quitar residuos duns dez coches que había; francamente, o que hai agora non é nada. Indubidablemente hai uns veciños que sempre depositan na rúa todo aquilo que lles sobra e aínda tendo un teléfono de recollida para chamar, non o fan así.

O que pide do sanecán está solicitado para colocar xa. En canto ós cambios de luminarias, tamén está solicitado. Tamén no tocante á accesibilidade para xente maior, sobre esas escadas que son tan pronunciadas e que teñen tanto espazo, que é un tema tan complicado, mandouse facer un estudo para o solucionar.

Eu son consciente disto, moitas gracias por esta moción e quero tamén lle dicir que xa está pasado ó departamento de Tráfico o que lle corresponde para que faga un estudo.

(No momento da votación está ausente a Sra. Porro Martínez, preside o Pleno a Sra. Molares Pérez. Tamén están ausentes a Sra. Porteiro Garcia e o Sr. Ruiz Cenicerós).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Viéitez Alonso, instando diversas actuacións na urbanización de Castro Castriño, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

13.- (37).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A RETIRADA DE SIMBOLOXÍA FRANQUISTA DAS FACHADAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de febreiro de 2006, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Martiáns Vilanova, formula a seguinte moción:

"Trinta anos despois de rematada a ditadura, aínda podemos observar na nosa cidade símbolos franquistas nas fachadas de edificios públicos e relixiosos. Non fai falla buscar con moito detalle para atopar en Vigo escudos coa águia, placas co xugo e frechas ou cruces en honor a José Antonio e caídos do bando vencedor, presentes incluso en edificios emblemáticos como A Casa das Artes ou o antigo Rectorado da Universidade, sen esquecer os casos máis escandalosos: os das igrexas onde se mantén a relación de mortos do bando franquista na guerra civil, como podemos observar na Colexiata, Santiago de Vigo ou nas igrexas románicas de Coruxo e Castrelos. Así mesmo, centos de vigueses pasan cada día ao entrar e saír das súas casa baixo a placa co símbolo da falanxe co que o Ministerio da Vivenda quería lembrar a todos a súa acción social.

Tampouco non podemos deixar de sinalar, nesta moción, o Monumento aos Caidos situado na ladeira do Castro e que coa chegada dos concellos democráticos foi reconvertido en Monumento aos Mortos da Guerra Civil, reconversión que non consegue eliminar a súa carga simbólica inicial claramente franquista por ser un modelo típico que se repite noutras zonas, xunto co monolito existente nun dos extremos da praia de Rodas, nas Cies, presidido por un "Victor" como homenaxe a Franco.

Franco, certamente, pertence á historia, pero non cabe que símbolos que renden recoñecemento social á ditadura permanezan nos espazos públicos da cidade e do Concello, a non ser que se comparta ese recoñecemento.

Estes símbolos non teñen sentido nunha democracia polo que cómpre levar a cabo as accións precisas para facilitar a súa retirada tal e como se está a facer noutras cidades, dando deste xeito resposta aos sentimentos democráticos da cidadanía.

Por todo o anteriormente exposto, propomos ao Pleno do Concello para a súa aprobación o seguinte acordo:

Que o Goberno Municipal realice as xestións necesarias con quen corresponda en cada caso, coa finalidade de acadar a retirada da simboloxía franquista das fachadas."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 20 de febreiro de 2006, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MARTÍNS VILANOVA: Trinta anos logo de rematar a Dictadura podemos aínda observar na nosa cidade símbolos franquistas. O primeiro que nos chama a atención é o Monumento ós Caidos que coa chegada dos Concellos democráticos foi reconvertido en canto ó nome no Monumento ós mortos da Guerra Civil pero a ninguén se lle escapa que é un monumento no seu día repetido en distintas cidades e polo tanto non perde a súa carga simbólica e séguenos lembrando eses monumentos do fascismo.

Tamén podemos observar sen necesidade de buscar con moito detalle nas fachadas de distintos edificios da cidade, escudos coa águia, pracas co xugo e as frechas, ou cruces en honra de José Antonio e dos caídos na Guerra Civil.

Estes símbolos están presentes en edificios emblemáticos coma pode ser a Casa das Artes ou o antigo Rectorado da Universidade sen esquecer o que eu considero aínda máis escandaloso que é a presenza nas igrexas da relación de mortos do bando franquista. Digo que o considero máis escandaloso porque penso que as igrexas deberían manter unha posición neutral politicamente e gardar fidelidade exclusiva ó que represente a súa doutrina e respecto cara os seus crentes. Tamén cada día saen das súas casas vigueses tendo que pasar debaixo de pracas co símbolo da Falanxe que no seu día o Ministerio da Vivenda puxo nas mesmas.

Franco certamente pertence á historia e é iste un argumento que se dá moitas veces para contrarrestar os daqueles que propoñemos que estes símbolos se eliminen. Nós estamos encantados de que pertenza á historia, de que sexa pasado e ademais de que esa historia non se repita, pero non hai que confundir a historia con símbolos que renden recoñecemento social á Dictadura e que permanecen en espazos públicos da cidade, paseando polas rúas vense nas fachadas e polo tanto son recoñecementos a unha Dictadura e non teñen sentido nunha democracia a non seren que se comparta ese recoñecemento.

Non se trata para nada con esta moción de reabrir enfrontamentos senón dos evitar, precisamente eliminando unha simboloxía que coidamos que coma dixer antes non ten cabida nunha democracia. Trátase de eliminar homenaxes que

renden tributo a unha Dictadura que ten detrás dela moita dor e que ademais se a algo contribue é a manter feridas abertas e non a pechalas.

Ista é polo tanto unha iniciativa de desagravio, que tenta pechar feridas e non das abrir e que vai no camiño de dar resposta ós sentimentos democráticos da cidadanía.

Por todo isto propoñemos para a súa aprobación que o Goberno municipal realice as xestións necesarias e con quen corresponda en cada caso coa finalidade de acadar a retirada da simboloxía fascista das fachadas.

SR. SOTO FERREIRO: Non hai moito tempo que o Partido Socialista fixo público un acordo, coido que nun congreso, sobre un fondo dunha cuestión semellante a ista.

Xulgar agora a transición democrática neste País pode levar a quen queira a opinións mellores ou peores, mesmo a oportunidade dalgunhas decisións sempre pode ser cuestionable porque nunca sabes realmente cal sería o mellor calendario ou o mellor momento posíbel para tomar moitas determinacións.

En todo caso quédome co feito de que a transición política, e é virtude de todo o pobo do Estado español en xeral, foi enormemente positiva. Á transición positiva axudaron xentes dos dous bandos, para que se me entenda, porque algúns cedimos, transiximos con cousas coma ista que ven hoxe a votación que en principio non nos apetecía evidentemente mirar cara outro lado coma demócratas.

Confeso que eu fun un dos que miraron cara outro lado; miramos todos os que estamos aquí ata o día de hoxe alomenos, no que vostede presenta a moción e polo tanto é unha corresponsabilidade de procurar o asentamento da democracia a unha boa convivencia entre todos o que nos fixo a cada un de nós e a moi boa parte dos cidadáns, facer concesións en aras da mellor convivencia entre todos. Eu penso o mesmo que vostede para propoñer esta moción e confeso a nivel persoal e calquera demócrata teno que pensar, que non tocamos este tema non tanto por non saber se era o momento oportuno, que si nos parece chegado o momento, cando vin no seu día a decisión do Partido Socialista quedei parado e pensei que xa que eles deran ese primeiro paso, apoiariámolo. Non deron ese paso, dano vostedes e de ningún modo estou deslexitimando a súa moción que me parece de grande interese.

Vaia por diante que comparto absolutamente o fondo da moción, pero aínda que non lle quero facer unha emenda, si fago unha suxestión de se sería oportuno que ó votar a moción se votase tamén que o propio Concello

ofrecese os medios materiais necesarios para reconverter algúns deses símbolos que hai nas fachadas de moitos sitios. Se non lle parece oportuno tamén lle vou votar a moción.

En todo caso hai un aspecto que en aras desa convivencia me preocupa porque aínda sigo sen saber se íse sería o chegado momento ou non, dígoo sinceramente e é o tema da cruz porque hai distintas ópticas. Evidentemente está a súa óptica e ten razón, que pode ser asimilada a aquel Franco baixo palio, etc.; pero hai moita xente que sente que íse é un valor do seu pensamento relixioso e ó mellor cometeríamos un erro por algún dos temas singulares coma íse contra o conxunto do fondo da cuestión que vostede formula; tamén llo deixo coma reflexión.

Dito isto e non sabendo nunca cal é o mellor momento para algo, xa que vostedes presentan unha moción, paréceme chegado ese momento e nós dende logo que imos votar a favor.

SR. ARIAS MOREIRA: O noso Grupo vai votar a favor desta moción porque estamos totalmente de acordo coa súa resolución.

Na liña do dito polo Sr. Soto non sei se estaríamos totalmente de acordo con cada palabra que se di na exposición de motivos, pero si que estamos totalmente de acordo co espírito, parécenos que ademais é este espírito o que hai que poñer en valor sobre todo porque pensamos que ista é unha desas mocións de altura moral que vai no sentido de reparación e de xustiza histórica, deixando claro dende o principio que isto non ten que ver para nada con ningún pensamento de desquite.

Parécenos que é unha moción oportuna, aínda que sectores da nosa sociedade ou da nosa xuventude consideren isto coma unha antigalla e nolo parece por varias razóns. Primeiro porque queiramos ou non estamos diante dunha efeméride, a conmemoración dos 70 anos e quizais avanzar por esta liña sería o mellor xeito de conmemorar este acontecemento tan triste, tan luctuoso e que deixou unhas feridas tan grandes na historia contemporánea de España.

Pero ademais porque creo que é un acontecemento que aínda non está superado totalmente pola sociedade española en xeral porque efectivamente a transición democrática foi fantásticamente levada en moitos aspectos pero hai asuntos que non rematou de resolver de todo e iste é un deles e aínda temos mostras: aínda existe unha benemérita institución chamada que se chama "Memoria do 36" e vemos aquí persoas que están dalgún xeito identificando esa ferida con algo non abstracto, senón cunha ferida persoal

na súa propia vida, na súa propia historia ou na das súas familias porque aínda temos que advertir un fenómeno moi doloroso, un fenómeno de revisionismo duns supostos historiadores que tentan nos facer crer que o branco foi negro, que realmente quen se alzou contra a República foron os republicanos, que a Guerra empezou no 34, cousas totalmente inaceptables as que coido que hai que se enfrontar e dicir basta. Debo dicir que aínda hai unhas 48 horas milleiros de persoas en Madrid gritaban iso de "Zapatero, vaite co teu avó"; coido que a calquera persoa decente isto lle ten que doer e hai que pensar que aquí aínda segue pasando algo. Sen vinganza de ningún tipo isto haino que enfrontar dunha vez e, sen abrir novas feridas de ninguén, tentar de pechar as feridas e as cicatrices aínda abertas coma estamos comprobando.

A min estes temas da memoria, da pegada da historia créanme dúbidas coma coido que lle pasa ós propios historiadores decentes e profesionais, ós que lles cabe a dúbida de se hai que borrar a pegada da historia ata o final ou se pola contra debe permanecer coma testemuña da barbarie. Penso que este é un debate delicado, súbtil e difícil pero esta moción vai na liña dunha maneira falada, negociada e coma digo sen abrir ningunha ferida nova de ninguén e por iso apoiámola dun xeito claro e decidido.

SR. FIGUEROA VILA: O noso Grupo vai apoiar esta moción pero nos gustaría que isto non servira nin para vinganzas, nin enfrontamentos ou politizacións. Houbo intervencións aquí que van nesa liña, outras que non nos gustan tanto porque ó final sempre estamos lembrando o mesmo.

Polo tanto creo que o importante é que o presente nos sirva para mirar cara ó futuro a todos coa máxima dignidade e naturalidade.

Dende o noso Grupo imos votar a favor desta moción pero repito novamente que non nos gustaría que isto servira nin de vinganzas, nin de enfrontamentos, nin de politizacións. Creo que debemos estar por riba diso con absoluta naturalidade porque iso pode ser o maior beneficio que lle podemos facer a todos. Isa sería unha cuestión que todos deberíamos levar na nosa cabeza, na nosa conciencia e iso é o que propugnamos dende o noso Grupo.

SRA. MARTÍNS VILANOVA: Felicitar e agradecer a todos os Grupos polo seu apoio e ademais incidir no que dixo o Sr. Soto porque me parece moi ben a súa proposta de que dende o Concello se dean as maiores facilidades e os medios materiais se é necesario e posible para que isto se faga realidade.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Iglesias Carrera e Ruiz Ceniceros).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova, instando a retirada de simboloxía franquista das fechadas, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

14.- (38).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A CREACIÓN DUN HOSPITAL PÚBLICO DE REFERENCIA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de febreiro de 2006, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“En novembro de 2003 esta Corporación a instancias dunha moción presentada polo Grupo Municipal do BNG tomou o acordo de demandar da Consellaría de Sanidade a creación en Vigo dun hospital de referencia. Tamén se solicitaba que nos orzamentos da Xunta de Galiza do ano seguinte se contemplase o inicio dos estudos para o poñer en marcha.

Xustificábase esta petición porque a nosa area sanitaria presta atención a 540.000 persoas, sendo rexión de referencia para 1.200.000 persoas. En Galiza somos a poboación de máis rápido crecemento, pese o cal o ratio de camas de agudos en Vigo é de 2,65 camas/1.000 habitantes, repartidas entre o Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI) e POVISA (hospital privado concertado), sendo a ratio no resto de Galiza de 3 camas/1.000 habitantes.

Se facemos comparanza entre as tres rexións sanitarias: norte, centro e sur, esta última ten menos recursos asistenciais para atender máis poboación. En Vigo, ademais a existencia de 2 hospitais públicos e 1 hospital privado concertado condiciona unha situación de descoordinación e dispersión de recursos. Se tivesemos que lle aplicar calificativos ao mapa de recursos hospitalarios desta Área, estes serían os de insuficiente, disfuncional, complexo e fragmentado, destruíndose sinerxias asistenciais, científicas e docentes e perdéndose a cooperación e optimización dos recursos tanto materiais como humanos, con diminución de calidade na asistencia e a conseqüente ineficiencia do sistema.

Todo o anteriormente exposto explica que dos 223.000 galegos en lista de espera, 49.200 son de Vigo. Somos “líderes” nas listas de espera, pois de cada 4 galegos en lista de espera 1 é da Área Metropolitana de Vigo. En

xaneiro a media de espera no CHUVI era de 93 días e en POVISA a espera media para consulta superaba os 100 días e para intervencións quirúrxicas pasaba de 300, acadándose en casos extremos os 36 meses, exitindo polo tanto unha clara discriminación cos pacientes atendidos por POVISA (unha parte importante de Vigo, Morrazo e Val Miñor), que soportan tempos de espera moito maiores.

Constantemente a demanda supera ás posibilidades de atención e departamentos como os de Urxencias chegan acadar picos de demanda de 570 persoas nun día. Outros como Xinecoloxía e Pediatría tamén se ven desbordados e neste último déronse casos de neonatos que tiveron que ser trasladados a outros hospitais.

Todas estas circunstancias motivaron, xa hai dous anos, que o noso grupo presentase a moción para demandar un Hospital Público de Referencia, que dispuxera de todos os servizos e especialidades, con unidades de alta complexidade e co número de camas suficiente como para atender os pacientes de toda a Área.

A promesa electoral, así como as declaracións realizadas pola Consellaría de Sanidade ao comezo do seu mandato, fíxonos albergar esperanzas de que este Hospital de Referencia ía ser unha realidade a oito anos vista, pero agora, coa posta en marcha do Plan Funcional para definir as características que iste debería ter, atopámonos con declaracións tan inespecíficas como as dadas polo director xeral do SERGAS, que fala dun "cuarto hospital que atenderá a unha poboación similar á que atende o Hospital Xeral", sen que en ningún momento se asuma o compromiso político de construír o Hospital de Referencia que Vigo precisa.

Por todo o exposto o Grupo Municipal do BNG propón a Corporación a adopción do seguinte acordo:

Demandar da Consellaría de Sanidade a creación en Vigo, nun prazo non superior a seis anos, dun Hospital Público de Referencia que dispoña de todos os servizos e especialidades e de unidades de alta tecnoloxía que deberá incorporar á área atendida actualmente polo CHUVI, POVISA e integrar aos servizos do Instituto Galego de Medicina Técnica (MEDTEC) contemplando así mesmo a previsión de futuro de medre poboacional."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 20 de febreiro de 2006, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: En novembro de 2003 esta Corporación, a instancias precisamente dunha moción do BNG, tomou o acordo de demandar da Consellería de Sanidade a creación en Vigo dun hospital de referencia; tamén se solicitaba que nos orzamentos da Xunta de Galicia do ano seguinte se contemplase o inicio dos estudos para o poñer en marcha.

Xustificábase esta petición dun hospital de referencia que eu considero que todos os Corporativos, os xornalistas presentes e os poucos membros do público que quedan sabemos máis ou menos o que é, pero para que quede un

pouco máis clariño o que é un hospital de referencia é que ten que ser de referencia dunha poboación coma a área sur, ten que ser un hospital que teña todo tipo de especialidades e que contemple a tecnoloxía máis avanzada. Nestes momentos non temos ese hospital na nosa área.

Máis de 540.000 persoas compoñen a poboación da área sur; 1.200.000 persoas, porque comprende Ourense, teñen de referencia Vigo e que en Vigo hai 2.65 camas por 1000 habitantes se contamos as de POVISA, porque se sacamos este hospital que é privado-concertado, só hai 2.10 camas por cada 1000 habitantes. No conxunto de Galicia hai 3 e se nos imos ó conxunto do Estado hai rexións coma Andalucía que andan polas 3.9 e outras coma Navarra que case están nas 5. Se facemos comparanza con outras rexións sanitarias, coma sempre a área sur leva todas as de perder.

Existen dous hospitais públicos e un hospital concertado, isto condiciona unha situación de dispersión de recursos, de fragmentación e de insuficiencia. Isto fai que de 223.000 galegos en lista de espera, 49.200 son da área sur, da área de Vigo. Coma ben digo na moción somos líderes nas listas de espera, de cada 4 galegos en lista de espera, 1 é da área de Vigo. Estes datos son suficientemente elocuentes.

Se falamos de tempo de espera falamos de 93 días no Chuvi (falo do mes de xaneiro), de máis de 100 días en POVISA; isto en canto a consultas. Se se trata de intervencións cirúrxicas falamos sobre uns 300 días de media en POVISA acadándose casos extremos de 36 meses en listas de espera.

POVISA, que atende a parte de Vigo, ó Morrazo, ó Val Miñor, maxinan, señores da Corporación, señores do público e señores dos xornais, que vostedes teñan que esperar 36 meses por unha intervención cirúrxica? Maxinan vostedes o que é esperar para que lle poñan unha prótese de cadeira, moitas veces nunha cadeira de rodas, 36 meses? Estes son os datos de Vigo.

Constantemente a demanda supera as posibilidades e temos picos en urxencias no Hospital Xeral de 571 persoas atendidas nun día. Este inverno houbo varias ocasións en que os neonatos do Hospital tivéronse que se trasladar a outras áreas porque en pediatría, nas unidades de neonatoloxía non había prazas.

Todas estas circunstancias xa as expuxemos hai dous anos, isto segue de mal en peor e o déficit non é momentáneo, senón que o que arrastra Sanidade nesta área é un déficit estrutural.

A promesa electoral, así coma as declaracións efectuadas pola Consellería de Sanidade ó comezo do seu mandato fíxonos albeirar esperanzas de que este

hospital de referencia ía ser unha realidade en seis anos. Pero agora coa posta en marcha do Plan funcional para definir as características que iste debería ter, atopámonos con declaracións coma as dadas polo Director Xeral do SERGAS que fala dun cuarto hospital que atenderá a unha poboación similar á que atende o Hospital Xeral. Isto fainos xerar dúbidas, pensar se realmente nestes momentos se quere cumprir a promesa electoral de construír o hospital de referencia que Vigo precisa.

Estes días asistimos a unhas manifestacións do Presidente Sr. Touriño declarando de interese supramunicipal ó hospital da área sur de Vigo. Esperemos que efectivamente esta medida sexa exactamente para o que se di e que este hospital de referencia sexa unha realidade. Tampouco se aclara exactamente o que se pretende porque cando se elabora un Plan funcional ten que haber unha aposta política decidida e no Plan funcional defínense unha serie de cousas, pero se coma políticos non se lle dá as directrices axeitadas o Plan funcional pode definir o que coide naquel momento o técnico do momento, por iso pensamos que son necesarias as directrices axeitadas politicamente.

Queremos un acordo moi concretionado para que todo o mundo o teña claro: demandar da Consellería de Sanidade a creación en Vigo nun prazo non superior a seis anos dun hospital público de referencia que dispoña de todos os servizos e especialidades e de unidades de alta tecnoloxía que deberá incorporar a Área metropolitana actualmente atendida polo Chuvi, POVISA e tamén integrar os servizos do Instituto Galego de Medicina Técnica, MEDTEC, contemplando así mesmo as previsións de futuro do medre poboacional.

SR. SOTO FERREIRO: A verdade é que a situación do sistema sanitario de Vigo e da súa área de influencia é un verdadeiro escándalo en todos os sentidos, escándalo do que nos imos facendo eco todos e todas e vostede danos datos; fala de medias e son rigorosas pero se falamos de temas particularizados sabemos que as listas de espera son nalgúns casos de seis meses, outras dun ano segundo qué especialidades, etc. Vostede fala dunha media, é vostede rigorosa pero efectivamente logo os picos son aterradores.

Non teño nada que lle dicir á súa moción agás unha cousa. A min me gustaría que lle ofrecésemos á Xunta de Galicia unha colaboración para traballar xuntos neste tema e que nós, coma Concello, deberíamos recabar un estudo. Vostede é unha profesional deste tema e ten contactos directos que non temos outros que só os temos por amizades ou por compañeiros de partido,

por suposto que os temos no Partido Galeguista, pero máis que este tipo de circunstancia persoal ou afectiva ou de círculo de amizades, a min gustaríame que o Concello a nivel institucional fixese un estudo no que participásemos e colaborásemos todos coa vontade de axudar á Xunta de Galicia na definición de distintos aspectos.

Eu estou de acordo co que vostede pide: un hospital de referencia, perfecto, ningunha dúbida; pero logo cando se entra noutros aspectos, por exemplo nos bailes de números de camas que un día o número vai ser 200 e o outro 400, aí si que hai cuestións opinábeis. En primeiro lugar iso é un tratamento hospitalario que ó mellor non sei se é un centro de referencia coa intención co que se quere dicir, pero en todo caso no aspecto hospitalario que non se pode descoidar no sentido máis lato da palabra, si que hai outros aspectos ó mellor a ponderar.

Por exemplo, é necesaria a política de macro-hospitais ou son necesarios hospitales comarcais? Eu anticípolles que o Partido Galeguista iría máis por esta segunda opción, ó mellor no Morrazo se precisa un hospital de referencia comarcal e isa é unha cuestión que incidiría en qué total de prazas habería que crear. Insisto en que ise é un debate en paralelo ó que vostede presenta.

Se vostede propón que teñamos en Vigo un hospital de referencia e polo tanto a coordinación que iso supón en todos os sentidos, evidentemente estamos a favor.

SRA. SÍO LOURIDO: Vou facer unha proposta alternativa ó texto da moción que lle vou reiterar á Sra. Méndez, pero antes me gustaría dicir unhas cantas cousas.

A situación da sanidade en Vigo, no que respecta á área sur de Galicia non se soluciona nun ano e calquera que teña sentido común sábeo, coido que os membros deste Pleno e a cidadanía en xeral sábeno. Non se soluciona por todos os anos que pasaron de deterioro, pola pouca atención e polo desequilibrio que mereceu o sur de Galicia por parte dun Goberno que estivo na Xunta durante 15 anos.

Respecto ó tema do hospital de referencia quero dicir que a semana pasada produciuse unha excelente nova para esta cidade, exactamente o 22 de febreiro, foi unha aposta decidida do Presidente da Xunta por esta área sur de Galicia en canto á sanidade se refire e a unha demanda da poboación de Vigo por un hospital de referencia.

É importante porque se anunciaron tres cuestións que coido definitivas; a primeira que no 2007 iniciáranse as obras para a construción dun novo complexo hospitalario en Vigo que se pretenden rematar no ano 2012. Digo que se pretenden porque todos sabemos que isto dos prazos nas obras é bastante complicado. A Consellería de Política Territorial aprobará unha declaración de incidencias supramunicipal para acelerar este proxecto; o Goberno galego asumirá a totalidade dos recursos deste novo hospital.

Estas cuestións seméllanme definitivas porque coma dicía antes refírense a unha aposta decidida do Goberno por esta cidade e por un tema, o sanitario e enorgullézome de estar nun partido que o considera primordial para as cidadás e os cidadáns deste País.

Gustaríame dicir como xa se comunicou por todos os medios de comunicación, que esta actuación acurtouse en 2 anos e medio e asúmense plenamente todos os custos pero é imprescindible a colaboración do Concello que maxino que se dará en todos os ámbitos porque penso que esta cidade o merece.

Gustaríame salientar ademais os seguintes aspectos: É unha aposta e un compromiso firme co desenvolvemento desta cidade, é unha manifestación de vontade do Goberno galego de mellorar as condicións de benestar da poboación da área metropolitana desta cidade; é un cumprimento dun dos contratos que dalgún xeito se estableceu coa cidadanía nas últimas eleccións autonómicas e é o principio do camiño para solucionar os problemas estruturais que ven padecendo a nosa área sanitaria que non só ten déficits estruturais, senón que ten unha marxinación de anos polo Goberno da nosa Comunidade Autónoma.

Se lles parece vou falar do Plan funcional, do que di e do que propuxo porque eu coido que vai ser o que defina as características deste hospital. Quero dicir tamén que sempre se falou dun novo hospital e xamais dun cuarto hospital; estase falando dun hospital punteiro para Galicia e que as persoas que están elaborando o Plan funcional queren que sexa o buque insignia da sanidade galega; os traballos do Plan funcional do novo hospital de Vigo comezáronse a realizar a primeiros deste mes de febreiro e están nunha fase inicial.

Quero dicir tamén que o que xa está traballado deste novo hospital resposta a un modelo de hospital que segue as seguintes definicións: É un hospital orientado cara ós usuarios, seguro, accesible, comfortable para os usuarios e os profesionais; un hospital que busca a calidade total e a excelencia; que se presenta coma para ter un funcionamento en rede; un hospital viable, funcional e tecnicamente; hospital no que prima un acordo dos que están

traballando no seu Plan funcional sobre a alta especialización, as especialidades de referencia e a dotación de unidades especiais.

Sería entón un hospital de referencia en especialidades de alta complexidade para toda a poboación da área sur de Galicia; un hospital competitivo no contorno nacional e internacional para todas as actividades científicas, de docencia, de investigación e asistencial. Hospital por tanto dedicado á función docente: MIR, programas de doutorado, formación continua, etc., capaz de atraer iniciativas de investigación e produtos. Sería non só un hospital normal, senón un hospital con valor engadido, o que se chama nos nosos días unha empresa do coñecemento.

Isto é no que está traballando o Plan funcional, á parte de ter en conta que se ten que contemplar unha alta resolución na parte ambulatoria, unha nova organización dos servizos, adaptado ós novos cambios poboacionais e ás novas expectativas da demanda, hospital que se incardine na planificación global do sur pontevedrés e do sur de Galicia e que teña un dimensionamento baseado no uso intensivo dos recursos.

Quero dicir isto porque me parece que se está traballando no Plan funcional con seriedade e ademais para que o aforro de tempo sexa o máis efectivo posible. Penso que vai ser o hospital que Vigo precisa.

O que lle pido, Sra. Méndez, é que non nos adiantemos ó que digan os técnicos neste Plan funcional porque penso que é un tema moi serio e por iso volvo presentar un texto alternativo que di: "Demandar da Consellería de Sanidade que o hospital público de referencia que se pensa construír en Vigo responda ás necesidades actuais e futuras da nosa cidade e ás da área sur de Galicia." Deixemos as cuestións particulares ós técnicos que o están decidindo no Plan funcional, se non a nosa postura será de abstención na moción.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Nós estamos de acordo coa proposta do Bloque Nacionalista Galego coma o estivemos no seu momento no Pleno de novembro de 2003, pero o que dixo a Sra. Sío sobre que ata logo destas eleccións non houbo pulo para este hospital non é de todo certo porque nos orzamentos de 2005 da Xunta de Galicia existía xa unha partida de tal xeito que estaba previsto ese novo hospital na zona de Vigo.

Tamén hai que ter en conta que dende o Concello de Vigo estamos a prestar toda a colaboración necesaria para o hospital de referencia e mesmo no Plan Xeral incrementouse o solo reservado para esta dotación con ese obxectivo.

Tamén hai que ter en conta que respecto ós prazos o recorte non é tal porque alongáronse os prazos, estaba previsto no ano 2010 o remate deste hospital e agora fálase do ano 2012.

Ademais é certo que se recortou o financiamento deste hospital nos orzamentos da Xunta, ata o ano 2008 a suma das aportacións da Xunta dentro dos seus orzamentos para o novo hospital de Vigo era de 35.250.000 euros e agora ata o ano 2008 é de 21.750.000 euros, é dicir, hai trece millóns e medio de euros menos nos orzamentos ata o ano 2008. Ata o ano 2009 son 46.750.000 euros, de tal xeito que se se fala de 600 millóns de euros fallarían para tres anos, para os anos 2010, 2011 e 2012; habería que investir preto de 553 millóns de euros, é dicir, unha media cada ano de 184 millóns de euros que son 246 veces máis que no ano 2006, 31 veces máis que no ano 2007, 12 veces máis que no ano 2008 e 8 veces máis que no ano 2009. De tal xeito quedan as proporciones que nos 4 primeiros anos está contemplado para o hospital de Vigo o 7,85% de investimento e para os 3 restantes anos, 2010, 2011 e 2012, o 92%, é dicir, nos 4 primeiros anos 7.700 millóns e nos últimos tres anos 92.000 millóns de euros de acordo con eses cálculos xa que non existen máis partidas nos orzamentos da Xunta.

Por último dicir que respecto á supramunicipalidad esperemos que sexa só polo tema do hospital.

Nada máis, votaremos a favor da moción do Bloque Nacionalista Galego.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Sra. Sío, xa dixemos cando falabamos da exposición de motivos que nos alegra que isto empece a suceder pero fíxese que esta moción ven aquí porque creo lembrar que a finais do mes pasado e ó longo deste mes houbo declaracións por parte de membros da Consellería de Sanidade, do Director Xeral do SERGAS, cando precisamente viu asinar a Vigo o Plan funcional, que dalgún xeito non ían polo camiño que se acordara e que ía no programa do Goberno porque, Sra. Sío, coma vostede ben di o hospital de referencia coido que vai no seu programa de goberno e o hospital de referencia para a área sur vai no programa de goberno do Bloque Nacionalista Galego e ademais é un acordo. Todos estabamos por el, iso criamos, e todos estabamos moi tranquilos porque por fin parecía que esta área, logo de 16 de abandono, íase ter en conta.

Esta moción ven precisamente pola indefinición do Sr. Director xeral do SERGAS cando falaba de que as necesidades se cubrirían segundo o Plan funcional e cando tamén por parte da Conselleira non se lle clarexou á Plataforma pola Defensa da Área da Sanidade Pública de Vigo cando foi alá,

que este hospital ía ser de referencia e por outras declaracións nas que se dicía que se ía manter o concerto con POVISA.

Parece que as tornas cambiaron e que efectivamente hai interese porque este hospital sexa un hospital de referencia, parece ser, pero hai algo na definición do seu Plan funcional cando vostede fala que parece que efectivamente a vostede fixéronlle chegar da Consellería todo isto e paréceme moi ben, estamos de acordo absolutamente en todo pero hai algo que nos preocupa porque nós sabemos que un Plan funcional é para estudar todo o que son as necesidades da área pero, qué poboación vai atender? Nós queremos que atenda a toda a poboación da área sur e cando falamos de toda falamos tamén da poboación que atende POVISA, queremos que haxa un hospital público de referencia para toda a poboación da área sur e mesmo POVISA.

Iso é algo que non se me clarexa na definición do Plan funcional e por iso nós imos manter a moción tal e coma está por unha razón moi sinxela: todo o que sexa apoiar dalgún xeito o que se está facendo na Xunta de Galicia parécenos ben, aínda que vai haber unha lei para a igualdade e nós tamén apoiamos iso e queremos ademais que conste que esta área está por isto.

Respecto ó que dicía o Sr. Soto sobre o tema dos hospitais comarcais quérolle dicir que nestes momentos as tendencias van por outro lado e fálase de que os hospitais comarcais deben existir sempre e cando non haxa un hospital nunha área determinada en canto a quilómetros porque a proliferación de hospitais ou de recursos deste tipo en moitos casos fainos ineficientes. Non falo de zonas alonxadas que evidentemente teñen que existir hospitais comarcais, claro que si, pero cando as comunicacións son axeitadas e se atopan a 40 minutos da área, os hospitais comarcais móstranse ineficientes coma algunhas fundacións existentes agora mesmo en Galicia.

Eses estudos están feitos polos profesionais, isa é unha realidade do século XXI e efectivamente son necesarios os hospitais comarcais pero segundo en qué zona e segundo en qué área porque non en todas as áreas se pode poñer un hospital comarcal porque sería ineficiente.

SR. SOTO FERREIRO: Qué pasa, non se poñen de acordo no Goberno de Galicia e quérense poñer de acordo aquí? Cal é o fondo da discusión que teñen vostedes? Dígolles claramente que coma mínimo desconcértanos ós demais e non sei ata onde ou de qué xeito debe desconcertar ós cidadáns.

Nós temos intención de votar a favor de calquera proposición que veña mellorar a terrorífica e castrófica situación sanitaria da área de Vigo,

iso en primeiro lugar. En segundo lugar estamos dispostos a discutir os cómos dun xeito aberto e constructivo, pero se vostedes non son quen en poñerse de acordo sobre cómo presentar esta moción díganos o por qué ou alomenos deben ter a honestidade intelectual para nos dicir en qué discrepan sobre o fondo da cuestión porque entón ó mellor ós que somos legos nese tema nos obrigan a repentizar nun Pleno sobre cal sería a proposta máis axeitada.

Se hai esas discrepancias no fondo ó mellor terían que facer o que eu lle propuxen, ó mellor habería que facer estudos obxectivos, feitos oficial e formalmente polo Concello de Vigo nos que participasemos todos pero con requirimentos concretos á poboación técnico-sanitaria da área do Concello de Vigo para chegaren a definicións conxuntas e non para chegar aquí cunha moción que se vote ou non.

En todo caso dígolle ó Grupo Socialista que se pensan que esa é a fórmula que deben tomar e nos explican o por qué, mantéñana, fagan unha emenda ou fagan o que lles pete pero eu dende logo non os vou secundar absténdome, nun tema destes para Vigo votar un non sabe ou non contesta pareceríame a peor das solucións. Se vostedes explican as diferencias e manteñen a súa emenda ó mellor eu vótolles a favor pero non lles vou a votar a favor da abstención e que semelle que en Vigo a Corporación abstense, rotundamente non.

Se o precisasen tamén pediríalle outro receso á Presidencia para ver se son quen de consensuar unha proposición e se nola traen conxuntamente, mellor que mellor. Para non entrar máis no tema xa non digo que entremos nós no fondo, nin iso, póñanse de acordo se son quen.

SRA. SÍO LOURIDO: Nós mantemos a emenda. A diferenza é que se está facendo un Plan funcional do que eu fixen aquí un esbozo do que se está traballando, de cómo se quere que sexa o modelo de hospital da área sur de Galicia e que resposte ás necesidades de Vigo e o que lle pedín á Sra. Méndez é que non nos adiantemos ó que digan os técnicos porque son eles os que teñen que definir todo o referente ó hospital e iso é no que se está traballando.

Dicirlle ó Sr. López-Chaves que aquí houbo un alcalde socialista que falou cun conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia do PP dun cuarto hospital e dixo que non tocaba. Iso foi hai dous anos e pico. Cando foron as eleccións autonómicas presentouse un plan funcional dun hospital que non era tal plan

senón unha presentación en power point que é o que vostedes adoitan facer nestas cuestións.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Sinxelamente é por non deixar sen resposta unha pregunta feita polo compañeiro de Corporación Sr. Soto.

Cando se presentou en comisión esta proposta do BNG mantivemos unha conversa os voceiros do BNG e do Partido Socialista sobre a oportunidade da mesma. Coincidiamos efectivamente en que había que voltar facer un compromiso público expreso coa cidade de Vigo e co hospital a que se fai referencia na moción do BNG e mesmo compartiamos algunha inquendaza.

Dende o Grupo municipal socialista encargámonos de poñérmonos en contacto coa Consellería de Sanidade e co SERGAS por ver efectivamente se as dúbidas ás que facía referencia esta moción estaban xustificadas. A resposta que tivemos coido que foi suficientemente alta e clara na medida en que non só xa dende o SERGAS, nin tan siquera só dende a Consellería de Sanidade, senón que dende a propia Presidencia da Xunta de Galicia se viu a Vigo para explicar que era o ía acontecer con este hospital.

Evidentemente nós non estamos en desacordo co sentido da moción do BNG, sinxelamente parécenos que xa está respostada cunha declaración política do máximo nivel. Esa é a razón da nosa abstención.

No momento en que se presentou en comisión podía ser oportuna, parécenos e así llo dixemos á concelleira do BNG que sería conveniente que se retirase porque a resposta estaba dada, non o quixo facer e por iso abstémonos, Sr. Soto.

Evidentemente no Goberno da Xunta de Galicia no que hai unha coalición BNG-PSOE fálanse estas cousas, hai información suficiente, nós non temos ningún problema en acceder á información, non sabemos se os compañeiros do BNG a teñen, pero en todo caso unha declaración pública do rango que tivo a que ven de facer referencia a miña compañeira Sra. Sío, parecíanos que era suficiente para retirar a moción. Respectamos en todo caso a decisión de non o facer e por iso nos abstemos.

SR. IGLESIAS CARRERA: Non pensaba intervir nisto aínda que a miña profesión é a mesma ca da Sra. Méndez porque eu agora estou en política e non en medicina.

Chámame a atención a intervención da Sra. Sío porque se escoita a súa intervención logo de saír daqui poderá vostede ver que verdadeiramente non dixo absolutamente ren, só foron palabras, agora ó final falou do power

point que só é un instrumento para presentar o que se quere facer, pero máis aló diso nada. Dikir case á mediados de 2006 que no 2012 imos ter un hospital de alta tecnoloxía é coma dikir: "Díxome o meu xefe que diga iso", con todos os respectos.

A intervención paréceme moi sectaria e moi pouco axustada ó que os veciños de Vigo levan aguantando porque indubidablemente que os erros os cometimos todos, pero dito isto tamén digo que a Consellería de Sanidade entrou nunha política que é a de sempre, non entrou nunha política puramente de cambiar a sanidade, de enfocar e reaxustar a sanidade, moito máis nunha área metropolitana que está crescendo demograficamente moitísimo e entón non sabemos qué hospital é, por iso eu teño que estar de acordo coa Sra. Méndez.

Hai moitas cousas que se poderían facer agora mesmo sen gastar cartos e o único que está facendo a Consellería de Sanidade é aumentar as "célebres" peonadas que eu tiver a honra de seren Director do Hospital Xeral e pareinas, fun consciente de que con iso me curtarían a cabeza pero me parecía unha vergoña que enfermos que tiñan que ser operados pola mañá se devolvían as prantas e operábanse pola tarde. Iso todo haino que dikir aquí porque así é coma hai que lles falar ós cidadáns de Vigo e non dicindo: "unha cousa fermosa que os técnicos...", qué técnicos? Van os técnicos contar, falar, estudar cos médicos? Con qué médicos? Ónde vai estar a neurociruxía? A cardioloxía? Porque eu teoricamente debería pedir máis residencias da terceira idade para min, pero síntome con boa saúde.

Hoxe ven un artigo precioso nun xornal de Vigo no que se fala da auténtica forma de levar unha asistencia sanitaria seria e falo do CHUVI, claro que con peonadas se vai en tramos. O problema non é as listas de espera, o problema é o concepto global da sanidade e dende logo non se estudou se é sostible esta política sanitaria, non se aplicou, non se integrou, nin se falou para nada dos problemas demográficos, do que nos espera, do envellecemento poboacional. A alta tecnoloxía, para quen? Nós estamos vendo que na Coruña se fan transplantes de todo tipo e que aquí non se fai nada máis que trasladar enfermos en ambulancias dun centro a outro.

Parece mentira que non esteamos todos de acordo en que se precisa un hospital de referencia verdadeiramente importante e serio, outra cousa é que estea no 2012 (que tampouco o creo) pero hai moitas cousas que modificar para que a sanidade sexa sostible.

Eu non vexo nada máis que máis do mesmo: listas de espera, peonadas..., cando nos hospitais modernos se traballa dende a mañá ata a noite e non hai

que pagar horas extraordinarias porque con iso os médicos están indo para Portugal. Isto irá a máis.

SRA. SÍO LOURIDO: Vostede pensa que eu fixen un discurso con palabras baleiras; eu penso que vostedes o fixeron durante os últimos 15 anos en temas sanitarios, Sr. Iglesias. Quérollo dicir porque o fixeron así durante 15 anos. Durante 15 anos vostedes deron verbas, nós levamos 6 meses.

Dixen ó principio da miña intervención que calquera que teña sentido común nesta cidade e neste espazo sabe que os problemas estruturais sanitarios que ten a área sur de Galicia non se van solucionar en 6 meses, o único que sei, asegúrollo a vostede, é que este hospital está en marcha e é un hospital público de referencia para Vigo. Ademais nos datos que din do plan funcional vixente díxenlle que empezaron a traballar o 7 de febreiro; estamos a finais do mesmo mes.

Tamén lle quero dicir que o orzamento por paciente durante a última etapa do PP ó fronte da Xunta foi un 30% maior na Coruña e un 50% superior no Hospital de Santiago respecto á area sanitaria de Vigo.

Entón non me fale vostede do que se fixo ou do que se deixou de facer. Non descalifique as miñas verbas á primeira porque “polos feitos coñecerémolos”.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Comparto absolutamente o que acaba de dicir a Sra. Sío en canto ós 16 anos de abandono que eu xa dixen cando expoñía a moción; efectivamente esas son as cifras e eses son os datos.

Quero dicir que non se trata de escenificar aquí ningún desacordo a ningún nivel, coido que todos queremos o mesmo, todos queremos aprobar ese hospital de referencia e por iso falamos a Sra. Porteiro e máis eu aquel día, por iso o Grupo municipal do PsdeG-PSOE ten agora mesmo eses datos do Plan funcional e coido que se vai nese camiño, pero tamén hai algo que si nos interesa que é manifestar que sexa toda a área atendida polo CHUVI e POVISA, que sexa ese hospital de referencia.

Se estamos por iso, pola construción dese hospital de referencia, non entendiamos moi ben a súa postura exposta hoxe pola mañá nun momentinho antes do Pleno de que retirásemos a moción. Todo o que sexa apoiar todo isto ven ben e daí que nós manteñamos a moción, precisamente porque pensamos que con isto estamos apoiando o que se pretende facer. Non entendemos a retirada e por iso non podemos apoiar esa solicitude de retirada.

SR. TOBA GIRÓN: Sinxelamente para apuntar que a intención do BNG ó presentaren esta moción non é outra máis ca perseguir o obxectivo que iniciamos nesta Corporación en novembro do ano 2003 cando daquela ninguén falaba do famoso hospital de referencia para Vigo. Hoxe avanzamos moito. Efectivamente houbo unha presentación de power point e iso, parece que non pero se cadra a algunha xente lle axuda a concretar ideas, eu coido que non axuda en nada, é moito máis positivo que se estea efectivamente traballando no Plan funcional e nós o que pretendemos é que esta Corporación avance de acordo coa evolución do proxecto marcando en cada momento a posición da cidade porque estamos falando de Vigo e da súa área e temos o dereito e o deber de perseguir o mellor para a nosa poboación.

A PRESIDENCIA: Podemos repartir o tempo entre todos, coido que este modelo o imos deixar nesta moción pero logo tomaremos tamén o acordo de non seguir adiante con el, imos procurar non compartir máis.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Efectivamente houbo unha presentación de power point pero o compromiso está nos orzamentos e istes á parte dos presentar non sei se en CD ou en papel, viñan aquí as cantidades previstas nos orzamentos de 2005 onde había unha partida de 750.000 euros. Isto non é power point, con iso non sei se se merca un power point ou todo un programa de ordenador, pero estaba nos orzamentos do ano 2005. Nos orzamentos do ano 2006 da actual Xunta de Galicia está a mesma cantidade, mesmo no código de proxecto dos Orzamentos deste ano fálase do 2005.1 porque este proxecto xa existía nos orzamentos do 2005. Falaba tamén que nas sucesivas partidas que contemplaban os orzamentos de 2005 había unha cantidade moi superior en 13 millóns de euros do que hoxe existe nos orzamentos ata o ano 2008. Polo tanto si que existía unha partida, si que existía un compromiso e estaba reflectido nos orzamentos do ano 2005.

SR. IGLESIAS CARRERA: Pedirlle desculpas á Sra. Sío pero eu enfocaba o tema así pola política que se está a facer. Todos cometemos erros e xa sabemos o que foi o sur con respecto ó norte, iso xa o sabemos en todos os sentidos, imos ir por Santiago a Madrid.

Dito isto, sabemos coma está o norte, cómo está o sur, moléstanlle as miñas palabras pero eu querería que nos explicasen cada mes cómo vai a cousa porque indubidablemente non sei que é iso "dun grande hospital

marabilloso". Eu esperaba uns cambios da sanidade para corrixir eses erros que vostede dixo, cambios para que a sanidade sexa sostible porque senón non o vai ser e estamos falando de fume. Perdón se a molestei.

SRA. SÍO LOURIDO: Que o seu Grupo faga preguntas no Parlamento Galego que é onde as ten que facer.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Comesaña Abalde e Ruiz Ceniceros).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezasete votos a favor dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Coello Bufill, Cotobade Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Soto Ferreiro, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, e sete abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Porteiro García e Sío Lourido,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, de instar á Consellería de Sanidade a creación en Vigo dun Hospital Público de Referencia, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

15.- (39).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE SUBSANACIÓN DE CARENCIAS NO PARQUE DA RIOUXA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de febreiro de 2006, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Bermúdez Pérez, formula a seguinte moción:

"O parque da Riouxa representa un punto de encontro e esparcemento, non só para os veciños e veciñas de Teis, senón tamén para o conxunto da cidadanía viguesa. O parque é un balcón verde ao mar, polo que gustan pasear moitos vigueses e viguesas, disfrutando dunhas vistas privilexiadas nun ambiente de calma e natureza.

Agora ben, despois de falar con algunhas veciñas e veciños de Teis e darse un paseo detido ao longo do seu trazado, ollamos como o seu mantemento non é o que debera, presentado diversas carencias que afean o contorno.

Así, entre outros os problemas que hai no parque son:

- Todos os bancos do parque e a base que sustenta o hórreo presentan pintadas.
- Os seus estanques carecen da manutención axeitada, estando o seu fondo e parte da súa superficie cubertos de follas e ramas.
- Na parte máis achegada ao mar as carencias na limpeza son facilmente visíbeis: bolsas plásticas, latas e botellas son algúns dos obxectos que conviven xunto coas árbores e o céspede.
- Circulación de vehículos polo camiño interior do parque.
- Na marxe esquerda da rúa do Laranxo, pegado ao muro do parque, hai restos de tellado de uralita e pedras amontonadas.

Por todo antedito propoñemos o seguinte acordo:

Primeiro.- Que se proceda á limpeza dos bancos e da base do hórreo.

Segundo.- Que se dote ao parque dun servizo de limpeza e conservación axeitado.

Terceiro.- Que se recupere a concesión de paso existente para evitar a circulación de vehículos

Cuarto.- Que se retiren da rúa do Laranxo os restos alí amontonados.²

A comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, en sesión do 20 de febreiro de 2006, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. BERMÚDEZ PÉREZ: Todos e todas somos conscientes da importancia que teñen para a cidade e para o tempo de lecer de todos os cidadáns os parques públicos e nesta moción vou falar do Parque da Riouxa. O Parque da Riouxa constitúese coma un punto de encontro e esparcemento especial para os veciños e veciñas de Teis pero tamén para toda a cidadanía viguesa.

O Parque da Riouxa é un balcón verde que dá ó mar, onde a xente pode pasar o seu tempo de lecer de xeitos bastantes diversos, nun ambiente de calma, cun contacto directo coa natureza e con ese verdor que moitas veces tanto se demanda dende a cidadanía, eses espazos verdes tan demandados que coido que ninguén discute a súa utilidade e que son puntos fundamentais e necesarios. Sería una mágoa que por culpa de non dotar cunha conservación axeitada a eses espazos que todas e todos coidamos imprescindibles, a xente da zona sinta que están sufrindo un deterioramento e que se están afeando.

Xa que a nosa cidade non ten todos os espazos verdes que todas e todos quixeramos, cando menos no que respecta ós que si temos que a xente, especialmente a da zona teña a impresión de que están conservados e son ben atendidos.

O que se fai na moción é relatar dun xeito bastante sucinto, porque tampouco era o meu interese producir aburrimento, as principais carencias do contorno do parque e que creo que son subsanábeis.

Falo de que todos os bancos do parque así coma a base que sustenta ó canastro que alí se atopa presentan pintadas o que causa un afeamento paisaxístico e especialmente o que atinxe á base do canastro pola importancia histórica que ese elemento ten para nós.

Tamén a conservación dos estanques pequeniños que hai no parque ou é mínima ou inexistente e para se decatarse diso non fai falla fixarse moito porque están cheos de follas, ramas, pedras e demais obxectos que tampouco cómpre mencionar.

Outra das carencias está na parte máis achegada ó mar, a parte que poderíamos calificar coma a máis montañosa, está bastante abandonada e presenta sucidade á parte de matas e malas herbas. Non debe haber moito mantemento do camiño porque hai silveiras, matas e todo está bastante sucio.

Logo fago referencia a que polo parque se produce a circulación dun vehículo que tamén sería para subsanar.

Por último, hai por alí depositadas pedras e restos de tellados de uralitas.

Por todo iso e sendo consciente de que iste é un tema que nos preocupa a todos e a todas, especialmente ós veciños e veciñas de Teis, propoño que se tome neste Pleno o seguinte acordo de catro puntos: Por un lado, que se proceda á limpeza dos bancos e da base do canastro; que se dote ó parque dun servizo de limpeza e conservación axeitado; que se recupere a concesión de paso existente para evitar a circulación de vehículos polo parque. Finalmente que se retiren da rúa do Laranxo os restos alí amontados ós que facía referencia anteriormente.

SR. COUTO PÉREZ: Sra. Bermúdez, evidentemente o Parque da Riouxa é un dos parques fermosos que temos na cidade e afortunadamente é un dos que menos actos vandálicos rexistra e está bastante ben conservado.

Vou tentar de darlle resposta á súa moción que eu dende o momento que a tiveren na man din as suxestións pertinentes para que estes "defectos", coma vostede di, se arranxaran.

Teño aquí o parte de CESPRA que eu mesmo comprobei e que di o seguinte:

"Tras a recepción do fax que nos enviaron a este departamento o 21 de febreiro de 2006 en relación con certas carencias na prestación do servizo

S.Ordinaria 27.02.06

de mantemento da zona axardinada da Riouxa, procedeuse a realizar esta mesma mañá unha inspección técnica coa finalidade de cotexar as deficiencias ás que se fai referencia. De dita inspección sacáronse as seguintes conclusións e actuacións: Atopáronse pintadas que respostan a actos vandálicos no 95% do mobiliario urbán do parque, así coma na parte inferior do muro de mamposteria do canastro situado no devandito parque. Actuación: Prográmase para o día seguinte, 22/02/06, o tratamento de ditas pintadas con decapante de acción suave coa finalidade de agredir no estrictamente necesario os materiais orixinais -granito-. Caso de que fose necesario a utilización de decapantes máis agresivos tipo ácidos, probaríanse nunha parte mínima da superficie para ver a repercusión que teñen en ditos materiais.

Realizouse unha inspección de todo o perímetro efectivo do mantemento do parque con especial atención á zona que está orientada cara ó mar e non se detectou ningunha zona especialmente sucia, restos de bolsas, plásticos, botellas, latas, etc., sempre referíndose á zona de actuación de mantemento que nos corresponde xa que si detectamos esta deficiencia nos estremeiros do parque e fóra da nosa área de prestación do servizo (supoño que estes son os cascallos ós que vostede se refire da rúa Laranxo aínda que lle teño que dicir que seguramente se trabucou xa que é rúa Rotea porque eu percorrín a rúa Laranxo de enriba a abaixo e o único cascallo que atopei foi o que está ó carón da depuradora, leva 12 anos e está nunha finca particular; debe ser ise e penso que foi un erro). En relación cos verquidos incontrolados de materiais de construción, restos de tellas e pedras, cabe sinalar que se atopan baixo a támara do parque e fóra da unidade de actuación. Ponse en coñecemento deste vertido ó seu departamento o 22 de febreiro e encárgaselle a retirada de ditos cascallos ó departamento de Vías e Obras comprometéndose á súa retirada en dous días hábiles.

En canto á fonte e ó estanque reseñar a falla de bebedeiro na zona do parque infantil, este bebedeiro deteriorouse por actos vandálicos sendo afectados o prato e a boquiña surtidora. Feita a petición de subministración de dito elemento de reposición e facilitado polo viveiro municipal con data 22 de febreiro, procédese a súa colocación no mesmo día polo equipo de mobiliario urbano.

Os estanques (atópanse libres de vexetación xa que foron limpados hai pouco (ver parte do traballo correspondente). Si é certo que no fondo presentan certa altura de sedimentos e lodo, coma vostede ben sabe esta época do ano

non debe ser limpadado xa que é a zona na que a fauna acuática realiza a súa hibernación e isto sérvelle de protección, chámense peixes, chámense batracios, etc., por iso non se retiran os lodos."

Xa está confirmada a desaparición da cadea (falaremos un pouco máis adiante) da que pedíu vostede que se recupere a concesión.

Agora voulle dicir o que se fai no parque: "En referencia ó servizo de mantemento e conservación cabe lembrar que en dito parque se realizan dúas limpezas semanais, o martes e o xoves, sendo o xoves o día destinado para labor de mantemento e a frecuencia de sega, nesta época do ano cada 15 días, os venres."

Non obstante, coma vostede pedía nun dos apartados da moción que se dotase dun maior servizo se lle di por parte do enxeñeiro de montes, Sr. Laxe, á concesionaria que aumente a frecuencia de mantemento; iste é un escrito que se lle manda.

En canto á recuperación da concesión para evitar a circulación de vehículos, supoño que se refire a unha concesión que se fixo no seu día para autorizar a un vehículo dun minusválido porque coido que tiña unha minusvalía moi importante. Hai un parte asinado polo seu compañeiro, Sr. Viéitez, e polo enxeñeiro municipal, Sr. Laxe, que di o seguinte: "Autorizar o paso do vehículo de minusválido a nome de ..., pola finca da Riouxa, lindeiro oeste, para acceso ó seu domicilio de xeito provisional e mentres se manteñan as condicións de minusvalía consolídase o dereito de paso á súa vivenda". Dito escrito mándaselle á familia do interesado e propónse á Comisión de Goberno do día 7 de decembro de 1999 onde dita Comisión autoriza baixo esas condicións o pase dese vehículo e así consta asinado o día da data.

Non obstante en xaneiro de 2000 houbo novas de que as condicións de minusvalía variaran e mandóuselle escrito á familia para que no prazo de 15 días contestase sobre esas variacións e así foi porque a persoa minusválida falecera. Coma non houbo resposta no tempo e forma que se lle estipulou realizouse un informe-proposta que se remitíu á Comisión de Goberno que di: "Deixar sen efecto a autorización do paso de vehículo de minusválido a nome de...". A Comisión de Goberno, sesión ordinaria de 13 de marzo do ano 2000, adoptou o seguinte acordo: "Deixar sen efecto a autorización de paso de vehículo de minusválido a nome de D. ...". Este acordo sobre anulación da concesión trasládase á familia e nós entendemos que esa concesión si está recuperada e así o fai constar o Sr. Laxe Veiga no seu escrito que di: "En relación coa concesión de utilización de paso que se lle deu o seu día,

achégase copia do expediente ... non procede polo falecemento do individuo co que na actualidade non hai permiso de paso e está recuperada a concesión".

A actuación que fixemos alí para evitaren o paso dos coches foi a de poñer distintas cadeas que moitas delas foron roubadas ou rachadas.

Neste caso eu pequei de ignorancia, dixeron que había que poñer unhas pedras e esta semana díxéronme que non, que había que poñer un cable porque había que deixar o paso libre polos posibles accidentes e por mor de deixar paso ós vehículos de emerxencias coma son bombeiros, ambulancias, etc.

Polo tanto coido que lle demos cumprida satisfacción á súa demanda; en canto ó paso coido que está recuperado e se vostede o comprobou verá que o demais que pedía está realizado.

SRA. BERMÚDEZ PÉREZ: En todo caso se o que comenta sobre o paso do vehículo é así, que se tomen as medidas axeitadas para que o vehículo non se meta no parque esta mesma mañá estaba alí coma así me informaron.

En canto á limpeza, si que é certo que non ten o grao de mantemento que tiña antes xa que daquela había dúas persoas dedicadas á limpeza desa zona e agora só unha de xeito esporádico, coma vostede mesmo me acaba de dicir. Os cascallos si están na rúa onde eu dixeron, pero tampouco teño problema, se quere un día vou con vostede por alí e dígolle o sitio xa que igual non o especifiquei todo o ben que debería.

De todos os xeitos e dito isto, o que si nos produce unha grande satisfacción e alegría é ver que este traballo que nós facemos dende estas bancadas da oposición deste xeito constructivo, falando cos veciños e veciñas para que nos conten qué carencias teñen nos seus barrios e logo vindo aquí expoñelas sempre en ton positivo para que se subsanen. É gratificante comprobar que somos efectivos no noso labor de oposición e polo tanto minimamente dignos da confianza da xente que nos votou nos deus. Polo tanto agradecerlle as actuacións que emprende dende que eu presentei esta moción e, vista a eficacia que tivemos, seguramente en vindeiros Plenos faremos outras do mesmo estilo para entre todas e todos desfrutar dunha cidade mellor.

SR. COUTO PÉREZ: Por suposto que llo agradezo moitísimo. Eu teño coma vicio ou costume de cando se presenta unha moción iren ver ó sitio e alí evidentemente que fun. Tómolle a palabra e vaíamos vostede e máis eu porque ó mellor a min se me pasou e ó servizo de limpeza tamén.

Lembrarlle que a oposición non só está para se opoñer, senón tamén para axudar na acción de goberno. Moitas grazias.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Arias Moreira, Comesaña Abalde e Ruiz Cenicerós).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Bermúdez Pérez, de subsanación de deficiencias no parque da Riouxa, co texto que transcribe nos antecedentes deste acordo.

16.- (40).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE RELATIVA Á NON DISCRIMINACIÓN E Á PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE XÉNERO NA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de febreiro de 2006, a concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, formula a seguinte moción:

“Se ben nos últimos 25 anos as mulleres españolas protagonizaron o maior avance de toda a súa historia, a discriminación histórica das mulleres aínda non se erradicou na sociedade que segue sen ofertar iguais oportunidades a todos os seus cidadáns e cidadás.

O Goberno de España foi e segue a ser conscente e por iso, coincidindo coa celebración do Día Internacional da Muller, o Consello de Ministros aprobou en marzo do pasado ano 53 medidas para fomentar a igualdade entre mulleres e homes nos diversos ámbitos da vida, así como o Plan para a Igualdade de Xénero na Administración Xeral do Estado.

Entre todas as medidas propostas destacamos nesta moción as relacionadas coa muller e o emprego e concretamente aquelas nas que consideramos que dende esta Administración Municipal se pode avanzar, como nas que seguen:

- a) Introducir nos pregos de cláusulas de contratación criterios que favorezan a contratación de mulleres por parte das empresas que concursan.
- b) Composición paritaria dos órganos de selección de persoal.
- c) Favorecer o acceso da muller a postos de responsabilidade, ata alcanzar a paridade.

- d) Establecer unha porcentaxe de reserva, de polo menos un 55% para o acceso a aquelas ocupacións de carácter público con baixa representación feminina.
- e) Mención en todas as convocatorias de procesos selectivos para o acceso ao emprego público, á infrarrepresentación de persoas dalgún dos dous sexos.
- f) Reserva de polo menos o 40% das prazas nos cursos de formación para llas adxudicar ás mulleres que reúnan os requisitos esixidos nas convocatorias.
- g) Establecemento dentro dos Plans de Formación de actividades encamiñadas á promoción interna das empregadas.
- h) Preservar, na provisión de postos de traballo mediante o sistema de libre designación, a proporcionalidade coa representación que cada xénero teña no grupo de titulación correspondente.
- i) Composición paritaria de órganos colexiados.
- l) Realización de cursos e seminarios destinados á formación dos empregados públicos no valor da igualdade de xénero.
- m) Todos os temarios aprobados para a realización de probas selectivas para o acceso ao emprego público incluírán temas relativos á normativa vixente na materia de igualdade de xénero.

A introducción dalgunhas destas medidas nas próximas Bases da convocatoria da Oferta Pública de Emprego ou nos pregos de contratación implicaría un paso definitivo no proceso de non discriminación e de promoción da igualdade de xénero na Administración Local.

Por todo iso presentamos para a súa aprobación polo Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Requirir ao Goberno Municipal para que incorpore as medidas mencionadas para promover a igualdade de xénero en todas a súas actuacións en materia de emprego, contratación e formación."

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, en sesión do 20 de febreiro de 2006, quedou enterada do contido da anterior moción.

INTERVENCIÓN DA SRA. GRAÑA BARCIA: Esta proposta de medidas para a igualdade pretende trasladar á política municipal e en concreto á política de emprego público e de contratación algunhas das medidas aprobadas polo Consello de Ministros hai un ano co gallo do Día Internacional da Muller. Son medidas sinxelas, basicamente en materia de contratación pública, emprego público municipal e formación do persoal municipal. Son medidas que non esixen ningún tipo de tratamento económico e que non precisan ningún tipo de desenvolvemento, sinxelamente é trasladar ás decisións municipais o xa existente.

En moitas ocasións as intencións quédanse en meros anuncios e neste caso coidamos que estamos propoñendo medidas reais, efectivas e dende logo

posibles que poden ser achegadas de xeito inmediato á nosa normativa municipal.

Sinalamos dous exemplos coma poden ser a composición paritaria dos órganos de selección, medida que xa se podería aplicar na vindeira oferta pública de emprego da que hoxe xa tivemos coñecemento das súas datas, ou a introducción nos pregos de cláusulas de contratación de criterios que favorezan a contratación de mulleres por parte das empresas que concursen. Por todo iso solicitamos ó Goberno municipal que achegue as devanditas medidas para promover a igualdade de xénero en todas as súas actuacións, en materia de emprego, contratación e formación.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Arias Moreira, Barros Puente, Caballero Míguez, Comesaña Abalde, Fernández Fernández, Guerra Fernández, Ruiz Ceniceros, Soto Ferreiro e Viéitez Alonso e a Sra. Martínez Vilanova).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos dezasete membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, relativa a non discriminación e á promoción da igualdade de xénero na Administración Local, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

17.- (41).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE DE APOIO DA CORPORACIÓN Á CREACIÓN DA CIDADE DO MAR.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de febreiro de 2006, o concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Arias Moreira, formula a seguinte moción:

"Durante os últimos meses se ten revelado a vontade do Goberno Central e o da Xunta de Galicia de impulsar a creación dunha gran Cidade do Mar en Vigo. Trataríase dunha institución que asumira, en primeiro lugar, o gran obxectivo de centralizar e coordinar os importantes esforzos e excelentes resultados que no ámbito da investigación científica e a innovación tecnolóxica mariña véñense xerando na nosa cidade. Este obxectivo sería plenamente coherente coa vontade expresada pola nosa Corporación Municipal, a cal aprobou por unanimidade no pasado mes de setembro unha moción

presentada polo Grupo Municipal Socialista na que se establecía o seguinte acordo:

"Instar aos órganos responsables dos diferentes organismos que se estuden e, no seu caso, se poñan en funcionamento mecanismos de efectiva coordinación das actividades dos centros adicados á investigación mariña na área de Vigo".

Pero a verdadeira importancia do proxecto vai moito mais alá dese esforzo coordinador, pois suporía a concreción dunha aposta decidida dos Gobernos, central e autonómico, polo investimento en desenvolvemento científico e tecnolóxico nunha área clave para o noso futuro. Isto debiera levar a unha concentración na zona da cidade que se elixa de grande parte dos novos equipamentos, así como as instalacións dos institutos xa existentes que estes consideren necesarios. Ademais, sería esta a grande oportunidade para a creación dunha grande base para os buques oceanográficos europeos.

Ao traveso dese pulo da sociedade do coñecemento e o capital humano máis avanzado, situariámonos diante dunha aposta estratéxica para que Vigo obteña unha posición relevante en todo o relativo á investigación mariña e as súas aplicacións, en torno ao cal pódese afianzar unha dinámica de desenvolvemento económico e mesmo creación de emprego de primeiro nivel.

Por outra banda, este proxecto debe ser perfectamente compatible co ilimitado acceso público ao espacio no que se emprace; combinable con outras actividades e instalacións de uso recreativo e terciario cos que comparta espacio; impulsor de rexeración medioambiental do ámbito que o rodea e propiciatorio da integración co seu entorno urbano.

É por iso que o Grupo Municipal Socialista propón a seguinte resolución:

O Concello de Vigo saúda como un merecido éxito da nosa cidade a aposta polo proxecto de Cidade do Mar; esixe que o proxecto concreto e definitivo sexa dado a coñecer a maior brevidade e ofrece toda a súa colaboración as outras administracións para que tan ilusioante proxecto chegue finalmente a bo fin."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 20 de febreiro de 2006, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. ARIAS MOREIRA: Con esta moción tentamos poñer en valor un proxecto que se anunciou hai algunhas semanas, cóstanos que logo de meses de estudo e que nos semella que é destes que sen ningún tipo de hipérbole ou esaxeración cabe calificar de futuro e de estratéxico para a cidade.

É un proxecto que claramente ven pulado polos dous Gobernos das outras dúas grandes Administracións, Goberno Central e da Xunta de Galicia, é unha iniciativa que se sabe que é importante para o Presidente Zapatero e para o Presidente Touriño e pódense mencionar declaracións da Ministra de Educación, de diversas Consellerías (Industria, Educación, Pesca, etc.), é este proxecto que se ven denominando "Cidade do Mar".

Digo que iste é un proxecto que nos parece fundamental para o futuro da cidade porque aposta por un ámbito que se pode calificar verdadeiramente de crucial para as posibilidades de crecemento económico nas próximas décadas. Este ámbito é o da innovación tecnolóxica, o do cambio técnico, o do pulo do capital humano de primeiro nivel.

Se algo sabemos acerca do que vai protagonizar o pulo económico das próximas décadas é precisamente que aí, nestes aspectos, moito máis que en ámbitos que teñen unha certa popularidade nesta Corporación coma ladrillos e cementos, precisamente é onde radican as posibilidades verdadeiras de futuro dun país. Neses ámbitos España, Galicia e Vigo experimentan un retraso moi considerable; nos ámbitos do investimento I+D, hoxe lía na primeira páxina dun xornal unha nova que fala de que Galicia inviste en I+D a cuarta parte da media europea. Parécenos que as distintas administracións o teñen que afrontar con seriedade e urxencia e parécenos que este proxecto vai precisamente nesa dirección. Ademais é un proxecto que hai que incardinar nunha aposta máis ampla pola I+D en Galicia que pasa por crear coido que catro grandes centros de referencia da innovación tecnolóxica dos cales dous estarían radicados na área de Vigo, un o centro tecnolóxico das telecomunicacións e outro é a chamada "Cidade do Mar" o que é un motivo de satisfacción particular.

O Grupo municipal socialista amosa go a súa satisfacción porque isto incuestionablemente vai ir cara adiante, amosa ademais a súa satisfacción e o seu orgullo porque este Grupo xa puxo unha fase previa deste asunto na orde do día deste Órgano da Corporación no mes de setembro e lembro que se aprobou unha moción por unanimidade presentada por este Concelleiro que avalaba a necesidade dunha maior coordinación dos grupos importantes relacionados coa investigación mariña de alto nivel que están radicados na nosa cidade algo moito máis modesto do que isto supón. Parécenos entón que toda esta situación é como para que a Corporación no seu conxunto amose satisfacción e dende logo un grande interese porque este proxecto vaia cara adiante.

Nese sentido tamén teño que dicir que amosamos satisfacción pero tamén unha certa perplexidade porque diante da aparición dun proxecto extraordinariamente ilusionante, que ademais espertou expectativas importantes non só ante a comunidade científica senón da comunidade empresarial, que as primeiras reaccións da Sra. Alcaldesa de Vigo fosen claramente de rexeitamento, de desconfianza que coido que non se deben achacar en ningún caso á ignorancia que sería inimaxinable na Alcaldesa

dunha cidade coma a nosa, senón máis ben a un certo punto de electoralismo, é dicir, que non se apunte este tanto ningún outro que non sexa eu mesmo.

O que presentamos é unha moción cun triple propósito. Primeiro que o Concello amose o seu orgullo e satisfacción polo que ten de recoñecemento porque isto non aparece aquí coma un paracaidista, senón que se aparece este proxecto nesta cidade é porque son moitos anos de traballo ben acreditado no ámbito das ciencias mariñas por parte de centos de investigadores de alto nivel. Coido que tamén é obriga nosa, do conxunto da Corporación, demandar que todo o proxecto vaia cara adiante sen demoras.

En terceiro lugar coido que é obriga da Corporación no seu conxunto e moi particularmente do Goberno municipal, adoptar unha postura claramente activa de apoio decidido ó proxecto colaborando coas outras administracións ata onde sexa necesario para que todo vaia cara adiante na dirección que acabo de dicir.

Polo tanto presentamos esta moción que inclue esta resolución: "O Concello de Vigo saúda como un merecido éxito da nosa cidade a aposta polo proxecto da "Cidade do Mar", esixe que o proxecto concreto definitivo sexa dado a coñecer o máis axiña posible e ofrece toda a súa colaboración ás outras administracións para que tan ilusionante proxecto chegue finalmente a bo fin". Nada máis, moitas grazas.

SR. SOTO FERREIRO: Esta cidade ten unhas particularidades que ás veces non son boas e en todo caso hai que ter a coraxe política para o dicir.

Comparto absolutamente as reclamacións dos empregados de ambulancias en Galicia, etc.; non comparto en absoluto que montaran unha orquestra de pitos ó Presidente da Xunta de Galicia cando chegou a Vigo.

Hai actitudes que alguén ten que empezar a ter a coraxe política de tentar facer algunha pedagogía. Xa sei que estaban os tres sindicatos alí representados, maxinen o respecto que a min me merecen os tres sindicatos máis importantes de Galicia. Pois logo de compartir o fondo da reclamación e o respecto que me merecen os tres sindicatos máis importantes teño que dicir que esas formas non me parecen positivas. Vigo ten que dar outro tipo de imaxes. Na miña opinión o Presidente da Xunta de Galicia veu facer unha serie de compromisos públicos, a dicir que é o que pretende facer en Vigo e na súa área. Que iso é para acadar vontades cara ó seu partido? Seguramente, ogallá acade todas as vontades do mundo se resolve todos os problemas de Vigo para sempre.

Esta é a actitude do Partido Galeguista e vemos, créanme que con mágoa, declaracións coma a do Voceiro do Bloque dicindo que veu se facer unha foto.

O Presidente da Xunta de Galicia en primeiro lugar a nós merécenos absoluto respecto. Independentemente de que poidera ter ou non obxectivos de acadar vontades electorais, iso dun ou doutro xeito facémolo todos e cando eu estou falando estou tentando facer unha política que espero que lle mereza a algúns cidadáns apoio como para que nos sega permitindo a nós facer outras cousas no futuro, pero sempre que o facemos cada quen de nós. De qué nos imos escandalizar?

Cando se ofrece un tema tan importante coma o que acaban de poñer enriba da mesa sobre o I+D, tan necesario ademais para a nosa cidade tan necesitada diso coma estamos, algo que é un ben coido que dos maiores que se poden poñer enriba da mesa cara ó futuro, paréceme politicamente miserable a súa actitude, Sra. Alcaldesa.

Sra. Alcaldesa, antes dixo algo coma que as miñas formas estaban rematadas, fencidas, desaparecidas ou non sei qué cousa dixo pero algo dese tipo; eu asegúrolle que se vostede pon os intereses de partido por diante dos de Vigo as súas teñen data de caducidade no 2007 e dígoo pensando saber o que digo.

Non se poden poñer os intereses de Vigo por detrás dos intereses de partido, sexan do Presidente da Xunta de Galicia, do Bloque, do Partido Galeguista ou do Partido Popular, hai que ter a grandeza e entereza para obxectivamente defender con políticas a esta cidade e ós seus cidadáns e que iso coincida cos apoios que nos poidan prestar a uns ou a outros, en todo caso xa se verá. Pretender facerlle feos a un Presidente da Xunta de Galicia a nós non nos parece de recibo, nin a este, nin a ningún.

Digo máis, nós que fomos os únicos non sei se inxenuos, á parte do seu propio partido, que dixemos en voz alta que nos parecía moi positiva a comparecencia do Presidente da Xunta de Galicia, reiterámolo pero tampouco é un cheque en branco. Reiteramos que o que dixo nos parece altamente positivo para Vigo; estaremos atentos para demandar que se cumpra, pero se alguén da Xunta de Galicia, un Presidente, ven aquí e fala dos elementos positivos, en todo caso se falla algún poñámosllo enriba da mesa pero o que non podemos é denostar a súa comparecencia en Vigo, ou queremos que non veña a Vigo? Eu de verdade que non os entendo e xa comprendo que vostede non me entenda a min, Sra. Alcaldesa. Gustaríame incidir para que me entendera.

En todo caso, Sra. Alcaldesa, para entendérmonos quédese só cunha cousa: sexa quen de poñer os intereses de Vigo por riba dos seus intereses de partido; cando non o fai así dende logo que nos defrauda a moita xente e iso non é bo nin para vostede, nin para Vigo.

SR. TOBA GIRÓN: Entendo que imos falar da moción presentada polo Grupo socialista.

Dende a perspectiva do noso Grupo temos que recoñecer e así o facemos que aínda non sabemos de qué se fala cando se fala da "Cidade do Mar" e dicímolos con toda tranquilidade. Neste momento nós non temos enriba da mesa ningún proxecto, o proxecto citado na propia moción e polo propio compañeiro de Corporación, Sr. Arias, aínda non está, foinos prometido precisamente na visita do Presidente da Xunta de Galicia, foi comprometido naquel momento por el mesmo que dixo que se estaba redactando unha memoria e que esa memoria no seu momento entendemos que dará lugar a un proxecto.

Dende logo coincidimos plenamente coa moción en que queremos ter o máis axiña o proxecto enriba da mesa, non sabemos cando pero o queremos ter o máis axiña posible, querémolo coñecer e estudar porque malia que se diga e se repita que isto é produto da elaboración de moitos meses, a realidade é que aínda non hai unha proposta, unha memoria expositiva que en si mesma nos permita saber que é exactamente a cidade do mar porque Vigo xa é a cidade do mar dende hai moitos anos, é a cidade da pesca, do conxelado e é a cidade da ciencia arredor do mar, xa o somos dende hai moitos anos.

Miren se o somos que, por poñer algo, o Sr. Fernández e máis eu temos algo que ver na nova Estación de Ciencias Mariñas que se está rematando de construír na Illa de Toralla, que se puxo en marcha de acordo coa Universidade e que moito traballo nos deu precisamente polo lugar onde está situada. Pero iso non é máis cun chanzo dunha cadea coa que a sociedade evidentemente nutre a súa ciencia e a ciencia daquilo que é unha cadea de produción económica característica da nosa cidade. Así debe ser, é o sensato e é o que fan as cidades e as sociedades modernas e por iso debemos apostar.

Polo tanto Vigo xa é a "Cidade do Mar" dende hai moito tempo e se se pon enriba da mesa un proxecto que apoiándose nos logros que agora temos coma cidade serva coma alabanca a un novo progreso, nós estaremos aí con toda seguridade, pero queremos ver o proxecto e a memoria coma é normal porque non a coñecemos e supoño que coma calquera de vostedes nós sentimos a presión, a responsabilidade de quen ten que tomar decisións sobre

territorios, sobre zonas importantes da nosa cidade, zonas que están chamadas, que teñen vocación, que poden favorecer ó desenvolvemento de determinados barrios da nosa cidade. É normal que o pensemos con cautela e con sentido do que queremos da nosa cidade.

Baixo o noso punto de visto non é o momento para adhesións inquebrantables, xamais o foi, nin agora, nin dentro de seis meses, nin hai seis meses. É o momento para valorar con calma que é bo para a nosa cidade, para o noso desenvolvemento e para crear riqueza e tamén é o momento, coma sempre, coma hai seis meses e coma dentro de dous, para ter a cabeza clara a respecto do que nos convén coma cidade e o que non porque cando se fala de ocupar espazos que son relevantes para a cidade, debemos ter enriba da cabeza un mínimo de reflexión e moito máis ca un titular de prensa; dígo con moito respecto, pero o digo tamén agoniado pola responsabilidade que todos e todas temos de decidir o que é mellor para a nosa cidade.

De decisións adoptadas por algunha Corporación con moi pouco sentido aínda se están pagando réditos, nós coñecemos e vivimos o síndrome, coñecemos perfectamente o síndrome do Verbum e non queremos que se repita. Igual que daquela avisamos á Corporación que aquilo era un erro, queremos estudar con calma e con seguridade o proxecto, falalo cos interlocutores sociais e proxectalo sobre a cidade de xeito que sexa un proxecto de futuro. Polo tanto nada que dicir a respecto de que demandamos, esiximos ese proxecto.

A redacción da moción nese sentido seméllanos correcta porque senón non seríamos tan taxativos porque eu mesmo asumín un compromiso diante do Presidente da Xunta de Galicia de non forzar en nada os prazos da redacción desa memoria e vostedes escoitáronme, non estou dicindo aquí nada que non dixera diante do Presidente da Xunta. Non se trata de tomar as decisións con toda rapidez; trátase de tomar a mellor das decisións e sobre todo cando estamos falando coma agora de ocupar máis de 100.000 m² porque non hai ningunha expresión nesta moción a respecto da ocupación de terreos pero indubidablemente a sombra está neste debate plenario aínda que non estea no documento; lamentablemente está neste debate plenario porque alguén que non está neste Pleno o puxo enriba da mesa; atención, porque un está disposto a asumir as súas responsabilidades pero cada quen que asuma as que lle correspondan.

Esa sombra que hoxe actúa sobre este debate e que non debería actuar porque o proxecto unha vez redactado pode ser bo, pode ser magnífico, non se levantou por ningún membro desta Corporación, nin do Grupo nacionalista, nin do Partido Popular, nin do Partido Socialista, nin do Partido

Galeguista. Levantouse fóra desta Corporación e é un erro porque antes de discutir de territorios hai que discutir de ideas, de conceptos, de proxectos e daquilo que é bo para a nosa cidade e nese camiño o BNG e eu particularmente imos estar e debemos estar todos e todas, compañeiros e compañeiras da Corporación.

Nós suscribimos a redacción da moción pero tampouco é o momento de que se dea a coñecer o máis axiña posible e aínda que asumo esa redacción, Sr. Arias, asúmoa pero que conste que vai en contra do compromiso que eu asumín diante do Presidente da Xunta de Galicia de non forzar en nada eses prazos, os tempos que sexan necesarios; pero acepto esa redacción.

Que "...tan ilusionante proxecto chegue finalmente a bo fin.", Sr. Arias, estará vostede de acordo comigo que depende do proxecto, seguro que vostede coincide comigo en que "tan ilusionante proxecto" que agora mesmo aínda non está enriba da mesa pero que seguro que é ilusionante, deberá ser estudado antes de que nos adhiramos de xeito inquebrantable a algo que non sabemos moi ben que significa.

Con todo isto e con todas estas matizacións que estou facendo, que van constar en acta e, atención, que van determinar a posición de voto dos nacionalistas nos próximos tempos, non temos inconveniente en votar a favor pero sempre e cando non se pretenda ocultar debates a este Pleno.

Coido que segundo o espírito de declaracións de responsables políticos doutras administracións, non cita ningún terreo dando nese sentido a liberdade que debemos ter coma Corporación para decidir nós mesmos. O que pasa é uqe hoxe mesmo o terreo cítaoo Sr. Delegado do Estado na Zona Franca acompañado pola Conselleira de Ordenación do Territorio e a min gústame xogar claro e poñer os acordos enriba da mesa con claridade, gústame que o faga todo o mundo. Se estamos falando de todo o conxunto que se poña antes de nada o proxecto enriba da mesa porque ó mellor haino e non o coñecemos. Alguén me dirá que non teño dereito a sospeitar iso, pois eu teño dereito a sospeitar o que me pete porque ó longo dos últimos 15 días escoitei declaracións que van na liña contraria das declaracións que hoxe fai o Sr. Delegado do Estado na Zona Franca; polo tanto teño dereito a pensar o que queira.

Isto é a Corporación Municipal e nosa responsabilidade, non é o Consorcio da Zona Franca nin é a Autoridade Portuaria, poñámos a nosa responsabilidade, o noso territorio e a nosa vocación de cidade a debate con toda a liberdade e ó mesmo tempo non permitamos que ninguén que non teña as competencias que nós temos nos meta no seu debate.

SR. FIGUEROA VILA: Seguramente se esta moción se debatise hai un par de horas tería outro sentido e este debate non se produciría deste xeito; pero logo do que sabemos que acaeceu hai aproximadamente hora e media, dicimos que esta moción ten trécola política e que nos parece politicamente impresentable, Sr. Arias, porque vostedes están dando pasos ignorando a esta Corporación.

Supoño que a vostede que é un dos 27 membros desta Corporación gustaríalle que as decisións de cidade se tomasen nesta Corporación e por iso vou ser bastante duro co Sr. Soto. O Sr. Soto que sempre reivindicou a autonomía municipal, que foi sempre un dos seus defensores, a min me parece que hoxe a súa actitude é deplorable neste Pleno.

Sr. Soto, quere que entreguemos a autonomía deste Concello a outra administración e que nos ignoren dende fóra? É vostede quen lle di á cidade de Vigo que coma representante deste pobo non quere saber das decisións que se tomen nesta cidade? É vostede quen lle di a Alcaldesa de Vigo que sen saber e tendo coñecemento polos xornais dun proxecto de semellante magnitude non opine sobre el? Sería quen vostede de repetir o seu discurso sabendo qué pasou hai unha hora?

Tanto o Delegado da Zona Franca coma a Conselleira de Política Territorial veñen a Vigo a facer unha visita ó parque tecnolóxico e a visitar o parque de Balaídos, todo isto sen coñecemento da Sra. Alcadesa sendo ela Presidenta do Pleno da Zona Franca e fan un anuncio dicindo que hai aproximadamente 15 días, en conversas cos grupos políticos, o Presidente da Xunta nunha conversa pública díxonos claramente que aínda non tiña o proxecto enriba da mesa, que non coñecía cal ía ser o proxecto e que se comprometía con todos os Voceiros deste Concello a que a decisión da situación se pactase entre a Corporación e el mesmo.

Gustariame que me dixeran os voceiros se é certo ou non que sentados no sofá da Alcaldía o Presidente da Xunta díxonos que estivesemos tranquilos que pediría o proxecto e que cando o tivese nas súas mans nos chamaría para tomar unha decisión sobre a localización. Dígao claramente, Sr. Soto, porque vostede hoxe dixo que a Sra. Alcaldesa non está colaborando. A Alcaldesa dixo única e exclusivamente que lle parecía ben o proxecto pero non a localización porque tería que ter o consenso da Corporación e sobre todo porque aínda hai unhas semanas a Sra. Alcaldesa estaba negociando co Delegado da Zona Franca a utilización e os usos da ETEA para llo trasladar á Corporación coma así quedamos nalgunha Xerencia de Urbanismo e nalgunha

reunión dos Voceiros dos Grupos municipais saber cal era a proposta da Zona Franca para os terreos da ETEA e no que nos presentaba o Delegado do Estado da Zona Franca non se localizaba en ningún caso nin a "Cidade do Mar" nin nada parecido.

Polo tanto eu creo que baixo ningún concepto esta Corporación pode se deixar ignorar por ningunha outra administración, sexa o proxecto que sexa e sexa a idea que teña calquera dos outros, coido que hai que respectar a autonomía desta Corporación.

Se analizamos e facemos historia de cómo se produce este proxecto podemos ver que se produce ás costas da cidade de Vigo, da Alcaldesa de Vigo, da Corporación de Vigo, nun anuncio a través dos medios de comunicación de que se ía instalar na ETEA en Vigo a "Cidade do Mar". É curioso que quen a fai é o Presidente da Xunta e o Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo. Qué competencias ten a Autoridade Portuaria de Vigo sobre os terreos ou sobre as decisións que tomamos nesta Corporación? Qué competencia ten para anunciar publicamente que a "Cidade do Mar" vai estar localizada na ETEA?

Nós estivemos calados e prestando a máxima colaboración institucional pero non imos permitir baixo ningún concepto que ninguén nos ignore porque para iso estamos os 27 membros desta Corporación que xa bastantes problemas temos para tomar moitas das decisións.

Outra cuestión é qué é o proxecto da "Cidade do Mar. O Presidente da Xunta díxonos claramente que non tiña enriba da mesa ningún proxecto, que era unha idea. Ratifiquen todos vostedes porque senón podo quedar eu aquí de mentiroso se o Presidente da Xunta díxonos ós Voceiros que era unha idea na que estaban traballando e que ían concretar en cuestión non de meses senón que nalgúns anos o poremos enriba da mesa. O Sr. Toba díxolle que a el non lle preocupaba o tempo e o Sr. Presidente da Xunta díxonos que cando tivese esa proposta nola trasladaría pero que estivesemos tranquilos que a decisión aínda ía para longo.

Logo, cando o goberno tivo coñecemento destas ideas ou propostas a Sra. Alcaldesa púxose en contacto con todos os directores de centros de investigación de Vigo e resulta que só hai un que di que precisa dunha nova localización porque os demais están situados, teñen proxectos, investimentos millonarios agora mesmo e din que o cambio de localización non sería unha das prioridades.

Iso non quere dicir que cara un futuro a medio e a longo prazo con esas ideas ou con ese proxecto que estea enriba da mesa se poida concretar que é a "Cidade do Mar" porque aquí tamén se preguntou qué abrangue a "Cidade do

Mar", pois iso é o primeiro que temos que definir porque ninguén o ten definido. Sr. Arias, diga vostede qué é a "Cidade do Mar", un concepto? Unha idea? Pois coma idea e coma concepto vale pero teremos que concretar qué significa iso, qué metros cadrados se precisan, qué se vai dispoñer aí. Supoño que así será para logo nós ter claras as necesidades dese proxecto e poderllas trasladar a esas administracións que o precisan.

Coido que iso é unica e exclusivamente o que temos que facer e o demais agora son debates innecesarios, ideas, debates que se tentan abrir e coido que se se fai ás costas desta Corporación imos moi mal.

Imos moi mal se dende outras administracións se pretende facer un proxecto dunha depuradora para Vigo e se di que se vai facer unha comisión Xunta-Estado. A quen lle pode caber na cabeza que se faga unha comisión Xunta-Estado para a localización dunha depuradora na cidade de Vigo? A nós non dende logo e dígoos coa cabeza moi alta, a vostedes seguramente pode ser que si pero ó Grupo do Partido Popular baixo ningún concepto porque coido que hai que reivindicar a autonomía municipal, ou só imos facer proxectos supramunicipais? Ise é o concepto que ten a Xunta da colaboración institucional cos Concellos? Imos empezar a presentar proxectos supramunicipais en todos os Concellos? Supoño que a vostedes non lles gustará porque senón qué facemos aquí os Corporativos?

Nós dende logo non imos xogar ese papel. Vostedes ó mellor por disciplina, por lealdade ó seu Grupo se queren se poden axeonllar pero nós dende logo que non, sempre iremos coa cabeza ben alta e imos reivindicar dun xeito claro que hai que contar con esta cidade para o que se queira traer aquí e esta cidade vai colaborar coma fixo sempre na medida das súas posibilidades pero con ideas e proxectos enriba da mesa e non polas costas.

Por iso, Sr. Soto, dígolle que ese discurso que vostede tiña hai anos coido que hoxe se viu ó traste. A min non me gustaría velo axeonllado diante doutra administración ou dicindo que amén a todo noutra administración. Polo que nos corresponde o noso Grupo non se vai axeonllar. Había un Concelleiro que dicía moitas veces nesta Corporación "antes morto que axeonllado" e seguramente haberá nas actas algunha manifestación deste tipo e iso é o que ten que facer esta cidade, reivindicar os seus dereitos, a súa autonomía e ante todo os principios que nos teñen que mover a todos e cada un dos que estamos nesta Corporación de que non se poden facer as cousas ás costas da cidade, nin da Alcaldesa, nin sobre todo desta Corporación que coido que está dando mostras de consenso en todos aqueles temas que nos piden. Ista é a postura que vai manter o noso Grupo.

O noso Grupo vai votar a favor desta idea pero aínda queda moito traballo que facer e esperemos, así o imos demandar, que exista o máximo respecto institucional tanto para a Corporación coma para a Alcaldesa para que este proxecto se poida concretar.

A PRESIDENCIA: Un momento, por favor, aquí se fixeron algunhas acusacións falsas ás que eu quero respostar. Fíxoas vostede, Sr. Arias.

Un día erguémonos pola mañá nesta cidade e miramos un anuncio nos medios de comunicación que di que Vigo será sede da "Cidade do Mar" e que vai estar na ETEA.

En qué consistirá a "Cidade do Mar"? Dicía o Presidente da Xunta, Sr. Touriño, e a persoa que lle acompañaba que se trasladarán alí todos os centros. Isa foi a primeira nova que tivemos na cidade de Vigo sobre a "Cidade do Mar".

Logo, cando me preguntaron os medios de comunicación eu dixen o seguinte: "Si á "Cidade do Mar", si a máis investimento en investigación e dende logo toda a colaboración". Por suposto que non me parece de recibo enterarme polos medios de comunicación pero eu me fago unhas preguntas: Qué precisan? Onde están os proxectos? Cantos metros cadrados se precisan? Por qué na ETEA?

Daquela comezo cunha rolda de consultas e preguntas e o primeiro que fago é poñerme en contacto co Delegado da Zona Franca quen pensa exactamente igual ca min, que non entende por qué o traslado de todos os centros e que tampouco está de acordo con esas declaracións.

En segundo lugar fago esa rolda da que falaba o Sr. Figueroa chamando a todos os directores dos centros: Cetmar, Anfaco, Oceanográfico, Centro de Biotoxinas e tamén co Rector da Universidade e por suposto co responsable do Centro de Investigacións Mariñas. Este último xa sabíamos que precisaba unha nova localización e estiveron en contacto co anterior director para que cando eles quixeran poideramos trasladalo; voulles dicir máis, mesmo de quererem ese centro tamén tería posibilidade de trasladarse á ETEA.

Todas e cada unha das persoas que citei dixéronme en primeiro lugar que ninguén por parte da Xunta de Galicia se puxera en contacto con eles cando fixeron este anuncio, que a primeira persoa fun eu. Ningún deles se quería trasladar entroutras cousas porque ANFACO sen ir máis lonxe ten un investimento multimillonario nos laboratorios e inauguráronse hai menos de dous anos. O Director do Oceanográfico está en contacto con este Concello dende hai máis dun ano e sabe que pode crecer na mesma zona e é o que quere

facen. En canto ó Centro de Biotoxinas hai máis ou menos seis meses que se inaugurou. O Centro da Universidade de Vigo de Toralla vaise inaugurar. Entón nos atopamos con que se fai un anuncio de traslado destes centros, os centros din que non se queren trasladar e nós dicimos que queremos colaborar con todos e cada un deles. Qué conclusión sacamos? Primeira, que cando se fixo este anuncio fíxose cun total e absoluto descoñecemento do que é a realidade de Vigo en canto ós centros que ten e ó que precisan cada un deles porque Vigo é per se a "cidade do mar" e por suposto que se precisa investir en investigación máis pero o que non se necesita é facer anuncios porque si.

Ainda así eu púxenme en contacto coa Ministra de Educación porque coincidiu que estaba na cidade de Vigo e díxenlle que tiña toda a nosa colaboración; pregunteille qué necesitaba, díxome que aínda non o sabían pero que mo dirían cando se fixeran os estudos por parte da Xunta de Galicia.

A seguir coincidín nun almorzo co Presidente Touriño e pregunteille qué precisaba, cuántos metros cadrados, se ó carón do mar, se noutra situación. Díxome que non, que aínda non o sabían. Faleille tamén dos meus encontros cos directores dos centros e respostoume que realmente non era iso pero que si o ían estudar; que nos mandarían o proxecto nolo dixo na Xunta de Voceiros na que vostede non estaba pero o Sr. Soto si. Eu ofrecínlle absolutamente toda a colaboración e están de testemuñas todos os voceiros. Toda esa colaboración vaina ter pero o primeiro que teremos que saber é que é o que precisa e cando o poña enriba da mesa, vaino ter.

Falei tamén co Conselleiro de Industria e trasladeille o mesmo. Falei coa Conselleira de Pesca e o mesmo: ofrencilles toda a colaboración da cidade de Vigo, desta Corporación e dende logo da miña persoa. Polo tanto vostede non pode falsear porque a colaboración vaina ter.

Hai outro tema que aquí se está escapando: Outra petición que se fixo dende esta cidade é que o porto de Vigo fose sede dos buques oceanográficos e atopámonos tamén coa sorpresa de que o Presidente da Autoridade Portuaria pide a ETEA para ese sede.

Eu non teño que ter coñecemento de cómo levan os laboratorios os buques oceanográficos, pero si que pregunto e me informo. Sei que os laboratorios dos buques oceanográficos son colectores e por calado, polas grúas que os manexan, etc., os buques oceanográficos teñen que estar no porto de Vigo e non poden estar na ETEA. Este é outro argumento máis para que esa sede que vai ser moi importante para a cidade de Vigo e eu xa pedín por escrito ós distintos Ministerios dos que dependen, que Vigo sexa sede dos buques

oceanográficos e mesmo anticipeime á Xunta de Galicia na petición e nesa reivindicación.

Penso que non só por parte da Alcaldía e por parte deste equipo de Goberno non nos dormimos senón todo o contrario. Todo isto facémolo con lealdade ás institucións, con respecto e poñéndome ó dispor coma Alcaldesa e coma equipo de Goberno. Por suposto que ademais penso que o estou facendo no nome de toda a cidade.

Polo tanto non pode falsear algo que se está facendo e que por outra banda, se eu non teño problemas nin co ministerio competente na materia, nin con Zona Franca, nin coa Xunta de Galicia, qué esta dicindo vostede aquí? Está falseando.

SR. SOTO FERREIRO: Vostedes confunden as partes co todo, non sei se adrede ou se porque realmente se moven nunha nebulosa que non lles permite discernir que é o importante, que é o principal ou o accesorio en todo este tema, ademais aquí mesturan moita follarasca.

Eu non vou recorrer a temas de demagogia barata, de se estou de pé, de xeonllos..., de momento estou sentado e non se preocupe que me vai atopar na actitude histórica que tiveren sempre. Póñome histórico de verdade cando se deixa a Vigo de lado.

Algúns de vostedes considerábanse intelectualmente moi superiores a Leri na miña opinión en moitas cousas, a verdade é que non o eran. Eu declárome o seu discípulo porque implicaba unha filosofía profunda por exemplo cando dicía "nin un vigués de xeonllos". Lembran algunha das frases de Antonio? Aplíquena en moitas direccións e saquen a follarasca do medio.

Sen ningunha dúbida que a Xunta de Galicia fixo un anuncio nos xornais que debería ter comunicado previamente, consultado ou comentado coa Alcaldía de Vigo. Sen ningunha dúbida que o Presidente da Autoridade Portuaria non para de meter ruído electoral. Por certo, barato no falar e caro no custo para os cidadáns porque se paga e custan moitos cartos os anuncios do Presidente da Autoridade Portuaria, pero non para de se facer fotos electorais, ou non se decatan? Non sei de qué se sorprenden porque se mete onde non lle toca. O ruído da Autoridade Portuaria comprendo que molesta pero hai que ser quen do apartar coma se fose un moscardo porque realmente non é constructivo para esta cidade agora mesmo o ruído que pretende meter o Presidente da Autoridade Portuaria.

Sen ningunha dúbida que erra a Xunta de Galicia cando fai anuncios sen os ter comentado co Concello de Vigo, pero a nós nos toca discernir entre todo ese ruído que é o ben de Vigo.

Eu tampoco coñezo o proxecto. Non vou entrar en contos do que falamos ou deixamos de falar co Sr. Presidente da Xunta de Galicia, senón aquí en diante esas reunións van ser sinxelamente protocolarias por se logo se van contar por aí; eu non vou contar nada desas reunións, alá vostedes co que contan ou deixen de contar. Non vou entrar en ningún sentido pero si lles vou dicir que para min abonda co que se dixo publicamente sobre o tema.

Xa dixen nalgunha ocasión que algúns vemos as botellas medio cheas e outros medio baleiras. Se o Presidente da Xunta de Galicia anuncia publicamente, co que eu lle supoño de compromiso, compromiso que demandaremos, un centro de investigación que será referencia europea o que equivale a dicir referencia mundial no campo da investigación, coa sinerxía que pode producir a unión do que temos en Vigo máis outras addendas que lle van poñer e que en todo caso se plasmarán nun proxecto que no seu día presentarán, a min ese anuncio váleme, coma se mañá me preguntan por qué non me vale a min o anuncio de facer unha autovía entre Vigo e O Porriño, claro que si, aceptado, pero logo imos discutir cómo. Se me din que van poñer a alta velocidade, eu acéptoo, pero logo discutiremos o cómo. Se me din que van facer un centro de investigacións mariñas de referencia mundial, aceptámolo e a seguer discutimos o cómo.

Vostedes poñen o non por diante para se facer unha foto determinada e eu poño o si por diante para defender os intereses de Vigo; esa é a diferenza. Iso non quere dicir tragar con calquera cousa, nin moito menos, coñécenme ben todos vostedes. Pero se se pretende facer un centro e aparece o proxecto anunciado de que será un centro de referencia mundial na investigación mariña, eu volvo dicir o que dixen onde sexa. Pero iso ten un condicional: se aparece un proxecto con ese tipo de calado mundial, que ten razón o Sr. Toba que de momento non o hai pero eu tamén me reservo, evidentemente, a ver se imos aprobar aquí cousas sen saber qué son, para nada.

Se eu fixen unha intervención que poidera dar lugar a confusión nese sentido borréna, pero dígollo xa para sempre: os que me coñecen de perto saben que ningún cheque en branco, que si toda á confianza de entrada para axudar a bens que semellan obxectivos para o ben de todos, por qué non? É unha actitude.

Prefiro pasar sobre o tema do Verbum porque sobre iso nós votamos en contra e outros votaron outras cousas.

Nun problema coma iste nunca se debe renunciar á autonomía municipal, xamais, en ningún caso. Iso non quere dicir que alguén non presupoña coma eu dicía que esteamos dispostos e abertos a pactar cousas que sexan boas para Vigo, ou é que alguén pretende decidir dende aquí cómo, cándo e ónde se fan as cousas sen máis? A ver se temos un pouco de sensatez porque consentir que nos impoñan calquera cousa dende fóra non, pero pretender impoñerlla dende aquí ós demais tampouco.

Eu pedíalles antes un diálogo no tema do hospital e pídoos en todos os temas pero non por iso deixo de votar. Vostedes din que non viron o proxecto do hospital pero, menos o Partido Socialista que se abstivo por razóns de se era ou non oportuno, votamos todos que se faga. Vostedes viron un proxecto? Eu non, a ver se o miraron vostedes e eu non.

Hai un anuncio que realmente nos parece positivo para esta cidade que é o tema da "Cidade do Mar" e falo con pasión porque deberan do coller así. Se é certo o anuncio do Presidente da Xunta de Galicia, se se materializa nun proxecto coma el dixo, digo publicamente que xa non digo o que dixera ou deixara de dicir en conversas privadas, haino que apoiar completamente. Esta é a opinión do Partido Galeguista.

Eu si que aplaudo estoutra actitude de seu, Sra. Alcaldesa, de dicir hoxe no Pleno que está disposta, que se ofreceu a facer todo tipo de colaboración pero iso non lle impide a vostede opinar sobre o que será mellor e onde vai ser. Aplíquese o conto porque non o fixo ó longo de todo este proxecto, na miña opinión polo menos, Sra. Alcaldesa, e aí están as súas declaracións nos medios de comunicación que son as que eu coñezo.

Non lle digo máis que iso, dígolle o que xa lle dixen nun momento determinado: de verdade que podo comprender a tentación cando vexo ese ruído de fóra do que falei da Autoridade Portuaria, de anuncios indebidos da Xunta de Galicia porque debían ser falados previamente con vostede coma Alcaldesa de todos os vigueses porque está aí e polo tanto é representante dos vigueses a votase quen a votase. Xamais verá na actitude do Partido Galeguista non só non a ignorar, senón non menoscabar nin ápice da responsabilidade, da representatividade e da autoridade da Sra. Alcaldesa de Vigo. Pero tamén lle digo que sexa quen, precisamente en función desa autoridade e desa responsabilidade, de decidir honesta e lealmente qué é o mellor para Vigo e sexa quen de separar o ruído indebido para se quedar co ben que Vigo precisa.

SR. TOBA GIRÓN: Logo do que dixen na miña primeira intervención debo empezar a segunda dicindo que baixo o noso punto de vista é conveniente reconducir a situación. Se o conxunto das institucións que actúan na nosa cidade non acadamos concertar minimamente esta sinfónica, vai saír algo realmente moi destemplado. En primeira instancia quero dicir coma voceiro do Grupo municipal que eu sinceramente e sen coñecer ren discrepo rotundamente de quen hoxe mesmo fai declaracións sobre aspectos sobre os que non ten competencia. Dígoo aquí no Pleno, direino no seu momento no Comité Executivo de Zona Franca e direino tamén no Pleno do Consorcio de Zona Franca.

Cada quen debe estar no seu papel e nós debemos estar no noso e, non a Alcaldesa, senón o conxunto da Corporación somos os responsables da toma de decisións sobre a nosa cidade e debemos sentir esa presión porque é a nosa e non debemos permitir que ninguén se inmiscua no que é a nosa competencia, de ningún xeito. Non é aceptable para ningún responsable de ningunha outra institución desta cidade meterse no terreo da Corporación municipal e o Grupo municipal nacionalista vaino impedir sempre, non o imos consentir.

Colaborar seguro, pero que alguén pretenda presidir esta Corporación sen a presidir non, para iso hai que gañar unhas eleccións, así debe ser. Iso é moito máis cun decreto que se asina nun gabinete nun despacho, iso significa asumir a representación do pobo de Vigo e iso haino que gañar. Non se poden aceptar nin atallos, nin camiños de monte, hai que ir polo camiño e pola senda da democracia, non hai outro camiño.

Hai institucións desta cidade que están errando no camiño, no traxecto, no talante, esa palabra que está tan de moda e que lamentablemente tampouco se practica e, por certo, na capacidade para entender esta cidade; están errando. Pero nós coma Corporación municipal non debemos cair no engaño porque unha idea mesmo equivocadamente exposta pode ser unha boa idea e o noso deber é axudar a desenvolver as boas ideas se no seu caso aparecen, sen prexuízos e procurando no camiño o máximo de acordo cando se está falando dunha grande idea.

Con ese obxecto formulamos unha emenda á moción presentada polo Sr. Arias que me comunica que está disposto a aceptar pero que en todo caso ten que ser de coñecemento da Corporación. Acáboa de escribir e polo tanto prego a súa atención xa que ven dicindo: "O Concello de Vigo saúda coma un éxito da nosa cidade a elaboración do proxecto de "Cidade do Mar" e demandamos que o proxecto concreto (demandamos, non esiximos, sinxelamente demandamos porque

é o Presidente da Xunta de Galicia) se poña a disposición da Corporación Municipal para acordar o maior consenso institucional respectando os criterios e intereses de cada institución”.

Ise debe ser o camiño, o camiño debe ser que nos poñan o proxecto canto antes, que demandemos ese proxecto canto antes e que sexamos quen de chegaren a un acordo con todas as institucións desta cidade, co Goberno galego e co Goberno central. Ise debe ser o camiño se a idea é tan importante. Eu non a prexulgo, parto da premisa de que a descoñeza pero se a idea é tan importante, sen engolamentos que nestes momentos sobran e sen soberbias que só poden entorpecer os acordos, entón que nola poñan diante, estudámola e tomemos as decisións demandando respecto para a nosa institución, o mesmo respecto que nós debemos dar ás outras institucións, pero respecto para a nosa institución por parte de todo o resto das institucións que neste caso estarían de acordo.

Coido sinceramente que é o momento de reconducir algo que nestes momentos vai mal. Malo sería que un proxecto se é tan importante coma o é ese que seguramente, Sr. Arias, requirirá coma di vostede “ladrillos e cemento” pero independentemente de que os requira ou sinxelamente requira mar, ou requira 100.000 m2 moi importantes para todo Vigo e para todo Teis, a Corporación debera ter as ideas bastante claras e deberamos procurar o máximo de acordo coas outras institucións.

SR. ARIAS MOREIRA: Gracias ós Voceiros do Partido Galeguista e do BNG por expresaren o acordo básico, no caso do BNG con esta engádegas que nós aceptamos sen o dubidar porque, así coma na intervención concreta do Sr. Toba hai cousas coas que non podo estar de acordo, sen embargo coa proposta que nos fai estamos totalmente de acordo. Esta idea de reclamar o maior consenso institucional é a que está claramente detrás da nosa moción.

Debo dicir en primeiro lugar que estou bastante sorprendida desta pasión, desta coraxe coido que digno de mellores causas,

Dise que non se coñece o proxecto. Claro que o proxecto aínda non se coñece pero é que isto ven pasando absolutamente con todo. Tampouco coñezo eu concretamente o proxecto para o segundo hospital e nese caso estou de acordo con vostede. O proxecto inicial da Volvo non o coñeciamos exactamente. No punto 10 da orde do día de hoxe aprobamos por unanimidade unha cousa que nos pareceu ben a todos e falaba dun centro público innovador que se integre na rede público e establécese un acordo de que se

reserven 10.000 m2, pois non coñecemos aínda qué proxecto concreto vai detrás deste centro público innovador.

Non fagamos quimeras no ar e vaíamos ó fondo do asunto. Aquí propónse por parte de dúas administracións un proxecto de calado histórico. Quizais eu o vexo dun xeito apaixonado porque teño que ver con ese mundo, non co mar pero si coa investigación, quizais é así pero de verdade que me parece que moi poucos proxectos desta índole vimos nas nosas vidas que se nos puxeran así, cunha oferta política clara e xenerosa.

Sr. Toba, di que isto o hai que reconducir, si penso que esta última xeira do debate si a hai que reconducir e por iso me parece interesante e agradézolle a súa aportación, pero creo que non ten nada que ver co que eu formulei nin co que di a moción que despois de todo é o que vimos votar aquí.

Precisamente o que pretende a moción é un tema que nos parece fundamental, histórico ou non, non o sei pero dende logo fundamental para a cidade e realmente coas moitas persoas coas que falei disto con quen máis próximo me sinto é, non cun membro do Partido Socialista, senón cun membro do Bloque que dá a casualidade que é unha persoa moi ben coñecida e querida por min, compañeiro da Universidade e neste momento exerce tarefas de Dirección Xeral de I+D na Consellería de Industria. Esta persoa non di grandes palabras pero coido que reflicte moi ben a realidade do proxecto que temos diante: "Un proxecto clave para a investigación galega que conta coa vontade política do goberno". Engade que "non só é interesante para Galicia, senón para España e Europa en xeral, se non estivesemos seguros da bondade da "Cidade do Mar" non a levaríamos a cabo". Coido que isto resume bastante ben o tema de fondo do que estamos a falar.

Non estamos a falar do tema da localización. Esta moción non menta para nada a localización.

A verdade é que eu estou moi despistado en moitas cousas desta vida e dende logo neste asunto si que o estou absolutamente. Eu non sabía para nada que hoxe houbera ningunha nova, que ninguén dixera nada de nada e pódolles asegurar que tampouco sabía de ningún anuncio de ninguén nesa dirección. Esta moción non é para ignorar a ninguén, pola contra tráese un tema importante a este máximo órgano de debate, órgano fundamental democrático do Concello, parécenos mellor iso que algunha das cousas das que nos acabamos de enterar de que vostede, Sra. Alcaldesa, pediu para Vigo unha base de buques oceanográficos e dende logo isto non pasou por este órgano, estaría ben que o coñecéramos aquí porque me parece algo moi importante

para o futuro da cidade. Maior coherencia que unha idea de compromiso co Goberno democrático da cidade ca ista non se pode atopar.

Por certo, Sra. Alcaldesa, pídlle desculpas porque quizais nun punto non completei a miña argumentación. Efectivamente quizais debín dicir dende un principio que vostede rectificou, tivo unha reacción coido que patolóxica - non vexo outro xeito da describir- diante dalgo que todo o mundo está vendo que é un grande proxecto para a cidade, vostede pon o non por diante e logo vai rectificando, vai facendo consultas. Recoñezolle que no proceso vostede traballou a favor do proxecto pero agora do que se trata é de que totalmente en positivo, deixando atrás recriminacións do pasado, fagamos un pronunciamento colectivo do conxunto da Corporación que me gustaría que fose aprobado por unanimidade, a favor do proxecto e a favor de que o propio Concello sexa tido en conta coma se propón nesta engádegas do Sr. Toba e se teña en conta na definición do conxunto do proxecto.

En todo caso non podemos pensar que iamos estar aquí discutindo cun proxecto absolutamente rematado, sabendo exactamente ata o último euro de investimento que se vai poñer e en qué cousa, en qué partida específica, porque isto non funciona así.

SR. FIGUEROA VILA: Neste Grupo non temos a percepción de que a Sra. Alcaldesa variara de posicionamento. A Sra. Alcaldesa o único que fixo foi dicir que quería coñecer o proxecto e en segundo lugar que sen coñecer o proxecto non lle parecía a ETEA a localización a trasladar neses momentos á opinión pública porque mesmo co Delegado do Estado na Zona Franca se estaban negociando outras cuestións para a ETEA e coido que é algo que toda a cidade coñecía, que se estaba falando con Zona Franca para tentar que a ETEA tivese uns usos determinados e concretos.

Logo, cando había unha negociación co Delegado do Estado na Zona Franca e con todos os Voceiros de todos os Grupos para o uso da ETEA, apareceu o anuncio en todos os medios de comunicación de que na ETEA ía ir a "Cidade do Mar" e sen saber do proxecto nin da idea na que se estaba traballando, a Sra. Alcaldesa fixo unha matización e deu unha opinión clara dicindo que non lle parecía oportuno que se trasladase neses momentos á ETEA a "Cidade do Mar".

A Alcaldesa sempre estivo a favor dese proxecto e penso que o demostrou, primeiro preocupándose por el, poñéndose en contacto con todas as persoas implicadas neste proxecto e a manifestación unánime de case todas elas foi que había proxectos en marcha, moitos cartos investidos neles, que mesmo

algúns tiñan localizacións aínda pendentes de inaugurar e que non lles parecía o momento oportuno a ningún deles de falar nestes momentos dun traslado que mesmo podería significar intranquilidade e inseguridade para moitos dos seus proxectos.

Sinxelamente gustaríanos, para acadar o consenso de todos os Grupos no apoio desta moción, que xa que se está falando de localizacións sen que esta Corporación tivese novas, que fixésemos unha referencia tamén a que a localización será acordada por esta Corporación co consenso das demais administracións.

Penso que isto sería bo para que quede perfectamente claro que a localización a vai acordar esta Corporación, os 27 membros por suposto con o consenso e o diálogo coas demais administracións. Penso que remataríamos xa con todos os problemas, falaríamos do proxecto da "Cidade do Mar" e cando tivesemos este proxecto esta Corporación decidiría a localización máis axeitada dentro desta cidade.

Iso é o que pedimos nós para votar a favor e así podéremolo facer todos os membros da Corporación.

SR. ARIAS MOREIRA: Nós aceptamos iso, só lles pediría finalmente que a paixón que vostedes puxeron neste asunto a puxeran a partir de agora en apoiar para facer realidade este proxecto.

A PRESIDENCIA: Esa paixón púxose porque sabemos da importancia do proxecto e polo tanto non estamos de acordo en tolerar as manipulacións e as mentiras.

Toda a paixón a favor dun proxecto que é importante para a cidade.

SR. TOBA GIRÓN: Proponse o seguinte texto: "O Concello de Vigo sauda coma un éxito da nosa cidade a elaboración do proxecto da "Cidade do Mar" e demandamos que o proxecto concreto se poña ó dispor da Corporación municipal para acordar o maior consenso institucional respectando os criterios e intereses de cada institución e definindo esta Corporación a futura localización.

SR. FIGUEROA VILA: A Corporación decidirá co consenso de todas as administracións, non temos ningún problema, pero quen decide é a Corporación.

SR. TOBA GIRÓN: A localización decíde a Corporación e ninguén máis, iso é unha obviedade. Se me permiten vostedes, recollendo a idea, non lembro de quen, estou solemnizando o obvio.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Toba, aí está o meollo da cuestión, cuestión de olfato político.

SR. TOBA GIRÓN: Sr. Secretario, quen decide en relación co planeamento e os usos do territorio nesta cidade?

SR. SECRETARIO: A Corporación do Concello de Vigo.

SR. TOBA GIRÓN: Perfecto, a Corporación municipal. Polo tanto se me permiten, estou solemnizando o obvio e definindo porque non pode ser doutra maneira, nin siquiera podemos depositar a competencia noutra administración, aínda que escribamos o que queiramos no papel non a podemos depositar noutra administración que non sexamos nós mesmos.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Como somos o Grupo que presenta a moción e somos os que temos que aceptar a emenda e dende logo estamos contentos que poidamos chegar a unha redacción transaccional, negaranme vostedes que a manifestación do obvio é innecesaria precisamente polo obvio a non ser que pretenda outra cousa.

Polo tanto, se é obvio que non se poña e se pon algunha referencia a esta cuestión que se faga no marco dun consenso con todas as administracións implicadas porque precisamente estaríamos sendo incoherentes con aquilo que se nos ven de reprochar por parte do Partido Popular ó Partido Socialista cando faciamos esta proposta. Entón, é tan obvio que non é preciso poñelo e se se pon, que se poña e así aceptaríamos nós esta emenda se non non a imos aceptar, que se faga no marco do consenso entre todas as administracións implicadas nesta idea.

SR. TOBA GIRÓN: Qué lles parece poñendo así: E definindo esta Corporación a futura localización en diálogo coas outras administracións.

A PRESIDENCIA: Nós aceptamos.

SR. TOBA GIRÓN: Aquí estamos todos facendo un esforzo para que a Corporación vaia unida, agora ben, coma vostedes queiran.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Sincieramente, non quero que semella que haxa ningún tipo de segunda intención na miña intervención.

Agradecemos moitísimo o esforzo de chegar a unha redacción común, sinxelamente queremos engadir a esa engádegas, ademais de "diálogo", a palabra "consenso".

Vou ler coma nos parece ó Grupo Socialista que debería quedar a redacción: "O Concello de Vigo saúda coma un éxito da nosa cidade a elaboración do proxecto da "Cidade do Mar" e demandamos que o proxecto concreto se poña a disposición da Corporación municipal para acordar co maior consenso institucional, respectando os criterios e intereses de cada institución". Fíxense vostedes que se o deixamos aí, está todo metido. Pero se engade "Gustaríanos...e definindo esta Corporación a futura localización en diálogo coas outras administracións e co mesmo espírito de consenso".

A PRESIDENCIA: Totalmente de acordo.

Emenda formulada polos Sres, Toba Girón e Figueroa Vila, dos grupos municipais do BNG e PP, respectivamente, matizada pola voceira do Grupo municipal Socialista.

Substituír a parte dispositiva da moción polo seguinte texto:

O Concello de Vigo saúda como un éxito da nosa cidade a elaboración do proxecto de Cidade do Mar e demanda que o proxecto concreto se poña á disposición da Corporación Municipal para acordar o maior consenso institucional, respectando os criterios e intereses de cada institución e definindo esta Corporación a futura ubicación en diálogo con outras administracións e co mesmo espírito de consenso.

A presidencia somete a votación a emenda que se transcribe anteriormente.

(No momento da votación está ausente o Sr. Guerra Fernández).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos dezasete membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

O Concello de Vigo saúda como un éxito da nosa cidade a elaboración do proxecto de Cidade do Mar e demanda que o proxecto concreto se poña á disposición da Corporación Municipal para acordar o maior consenso institucional, respectando os criterios e intereses de cada institución e definindo esta Corporación a futura ubicación en diálogo con outras administracións e co mesmo espírito de consenso.

18.- (42).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE RELATIVA A MELLORAS NECESARIAS NO TRANSPORTE PÚBLICO URBANO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de febreiro de 2006, o concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Calviño Rodríguez, formula a seguinte moción:

"O mes pasado a empresa Vitrasa analizou moi positivamente os resultados do funcionamento do transporte público urbano durante o ano 2005.

A cifra de 21.667.271 pasaxeiros dada por Vitrasa xustifica esa análise moi positiva, pois correspóndese cun incremento do 6,8% do número de usuarios do ano anterior e tamén supón a superación dos 20.000.000 de pasaxeiros previstos á hora de estudar a revisión de tarifas que se realiza anualmente de acordo co prego de condicións que rexe esta concesión pública. O que xa non é tan positivo é que esa importante suba no número de usuarios se concentre exclusivamente no sector de pensionistas I e II que pasaron de facer 987.417 viaxes no 2004 a facer 2.031.299 no 2005, máis do dobre. Mentres, o resto de pasaxeiros sube unha mínima porcentaxe (sobre 1,5%). Á mesma conclusión se chega se se analiza o número de usuarios das 207.889 Tarxetas verdes" expedidas por Vitrasa: mentres o 76% do total son usuarios do bono bus "normal" e realizan o 68,5% das viaxes, os usuarios pensionistas, co 6,5% dos bonos, realizan un 14,4% das viaxes, máis do dobre.

Polo tanto o principal aumento en número de viaxes é integramente pagado polo Concello e supón, só no ano 2005, sen contar o xa ingresado no ano 2004, un ingreso a maiores sen ningún custo para a concesionaria de 991.689 euros (1.043.883x0,95 €/viaxe) sen que o goberno municipal esixira contrapartida ningunha. Convén engadir que a achega económica do Concello a Vitrasa -incluíndo a subvención os bonos "normais", estudantes e buses-lanzadeiras á Universidade- supuxo no ano 2005 a cantidade de 5.802.991 euros (preto de 1000 millóns de ptas.).

Por outra banda, a OCU (Organización de Consumidores e Usuarios) ven de publicar na súa revista o resultado dun estudo sobre os autobuses urbanos nas principais cidades de España no ano 2005. A partir das respostas a un cuestionario enviado ás capitais de provincia e ademais a Ceuta, Melilla e á nosa cidade, fixeron un estudo comparado no que a nosa cidade non sae precisamente ben parada. Primeiro, porque xunto con outras tres, non contestou o cuestionario enviado pola OCU, o cal impide a comparación

nalgúns aspectos do estudo. Segundo porque nos que si logrou a OCU información de Vigo, os resultados non poden ser máis negativos, agás no campo da seguridade dos usuarios onde os conductores son ben valorados pola suavidade na conducción e a boa atención na subida e baixada dos pasaxeiros. Por exemplo, no aspecto crucial das tarifas para 50 ou 90 viaxes ao mes (e dicir, viaxeiros habituais con viaxe bonificado) somos a cidade máis cara de España despois de Palma de Mallorca.

Os resultados deste estudo veñen dar a razón ás múltiples queixas veciñais que están a solicitar insistentemente melloras no transporte público de Vigo.

É por iso que o Grupo Municipal Socialista, ante a contradicción que supón a importante contribución económica do Concello e os usuarios á Concesionaria e o insuficiente grao de satisfacción cos servizos prestados por ista, propón ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Instar ó goberno municipal a iniciar coa empresa concesionaria, contando coa máxima participación cidadá, o estudo das melloras a realizar no transporte público e o correspondente plan de aplicación das mesmas.

Segundo.- Partir para ese estudo da necesidade de asumir as principais reivindicacións cidadás que, aceptando a remodelación de liñas que se iniciou no 2001, insisten sobre todo:

- Na mellora e ampliación de itinerarios nas parroquias e barrios, por exemplo dando opcións distintas ós usuarios por medio de liñas cruzadas ou facilitando a comunicación máis rápida e directa cos centros hospitalarios (Meixoeiro,...).
- No aumento substancial das frecuencias que no centro da cidade non debe ser superior a 5 minutos (combinando liñas) e nos barrios e parroquias non debe superar os 15 minutos.
- No incremento correspondente da flota de autobuses, algúns máis pequenos (20/40 prazas) para poder atender ben ós barrios con viais pouco axeitados.

Terceiro.- Reclamar ao Goberno municipal a aplicación íntegra do acordo plenario de xullo de 2005 e máis en concreto a ampliación dos horarios do autobús PMR os días laborais e o seu funcionamento os sábados pola tarde e os domingos e festivos, facendo unha campaña de información ó amplo colectivo das persoas con mobilidade reducida das súas posibilidades de uso."

A comisión informativa de Mobilidade e Seguridade, en sesión do 20 de febreiro de 2006, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Esta moción pretende propoñer unha serie de melloras no transporte público urbán logo de constatar unha contradicción importante, entre a cuantiosa contribución económica do Concello e dos usuarios do servizo do transporte público na cidade é o insuficiente grao

de satisfacción cos servizos que ista presta. Precisamente esta contradición é o que pretende salientar a exposición de motivos.

Empezando porque en efecto debemos estar todos satisfeitos de que se superaran os 21 millóns e medio de pasaxeiros, tal coma expuxo a empresa VITRASA, o que supón un importante incremento do número de viaxeiros: un 6,8%, e que supón a superación desa meta que se poñía de 20 millóns de paxeiros previstos que por suposto esa cifra xoga un papel importante porque agora é revisar as tarifas todos os anos coas fórmulas que se utilizan, a prognose do número de viaxeiros que se prevé para ese ano está no denominador, de feito que canto maior sexa o número de pasaxeiros previsto sae sempre unha menor tarifa. É dicir, xa para empezar o feito de que as tarifas vixentes no ano 2005 se fixeran sobre a prognose de 20 millóns de pasaxeiros implica que ó acadaren os 21.667.000 pagamos de máis, quedámonos curtos na prognose porque está o número de pasaxeiros no denominador e todos sabemos o que iso significa á hora de sacar unha tarifa.

O lamentable do asunto é que ese 6,8% de número de usuarios que se asumenta, á hora dos feitos reais ese aumento é impresionante o salto dos pensionistas tipo 1 e 2 que pasaron a facer 2 millóns e pico de viaxes cando o ano anterior fixeron menos de 1 millón e o ano anterior xa subiran os pensionistas tipo 1, cando o resto dos pasaxeiros subíu o 1,5% aproximadamente. É unha valoración do incremento de pasaxeiros falsa e en todo caso ven ó peto deste Concello porque coma vostedes saben as viaxes dos pensionistas as paga integramente logo de diversos acordos municipais este Concello; iso é perto de 1 millón de euros neste ano 2005 ó que se refiren por suposto os números que estou expoñendo.

Teño tamén que lembrar que a achega económica total que paga este Concello á concesionaria polos outros conceptos que non están incluídos no tema dos pensionistas: subvención a estudantes, universitarios, lanzadeiras, bono bus normal, etc., isto significa preto de 1.000 millóns de pesetas no ano 2005. Coido que con isto queda clara a importante aportación económica do Concello pero salientarei tamén o tema dos usuarios e reflectireino logo máis claramente.

Se todo isto é para ter un servizo público extraordinario pagamos de boa gana e todos contentos, pero nos atopamos coa sorpresa de que coincide nestes meses con que a Organización de consumidores e usuarios fai público un estudo do transporte público en todas as capitais de España, onde se inclúe por suposto Vigo aínda que non é capital de España pero ó final non

teñen máis remedio que contar connosco, amáis de Ceuta e Melilla, pois nese estudo a nosa cidade non sae ben parada. Primeiro porque xunto con outras tres foi a única cidade que non contestou ó cuestionario da Organización de consumidores e usuarios. Insisto e quero salientar dun xeito moi importante que estou convencido de que non foi por culpa dos funcionarios e traballadores do Concello e díxeno tamén na conferencia de prensa porque, o Sr. Coello seguro que vai coincidir comigo, o departamento de Seguridade e Mobilidade necesita unha ampliación urxente de persoal. Estou convencido que é imposible tirar de moitas cousas se non se aumenta o número de funcionarios nese servizo que me parece vital.

Ademais diso, de aparecer coma "non contesta", "non hai datos", a organización si fixo o seu traballo coma puido e sacou algunha valoración de campo logo de visitar todas as cidades. Dos datos que hai no único que saímos ben parados é no tema dos conductores que parece que conducen sen frenados moi bruscos. En canto ó tema da seguridade o servizo de apertura e pechadura de portas conta cos usuarios e polo tanto hai seguridade o que é moi de valorar.

Pero a cifra que para moita xente resulta crucial é a das tarifas e tamén saímos moi mal parados, non tanto no billete individual que tamén é dos máis caros de España, pero iso sería menos importante porque todos coincidimos en que o importante non é o prezo individual, aínda que máis dun 30% de persoas non ten bono e paga o seu servizo, é curioso pero hai máis dun 30% de usuarios que vai pagando relixiosamente o seu euro neste ano, 95 céntimos o ano pasado, sen utilizar o importante desconto do bono, pero a realidade é que no que é máis significativo que é o que en canto ó usuario cotiá de transporte público, que fai 50 ou ben 90 viaxes ó mes, somos das cidades que quedan peor paradas.

Por suposto están todas as cifras na revista por iso non vou dar ningunha cifra para que non semelle que saliento cidades dun xeito interesado. Comparado con calquera cidade que se valore Vigo queda moi mal parado.

O máis preocupante do asunto é que coa política do Goberno do Partido Popular isto se vai agrandar porque unha insistencia permanente á hora da revisión de tarifas foi sempre que a subida que se dá cada ano non sexa toda a costa do peto do usuario, que se cada ano nos toca subir 4 céntimos o billete e polo tanto o bono o correspondente, se lle cargue toda a subida ó usuario co que a diferenza seguirá agrandándose respecto doutras cidades de España.

O que eu quero formular é que hai unha importante aportación económica do Concello á empresa concesionaria e unhas contrapartidas que non son precisamente unha marabilla aínda que por suposto se mellorou moito o transporte público na cidade, senón que somos a segunda cidade máis cara de España logo de Palma de Mallorca en canto a ese tipo de usuario que é o que temos que potenciar.

Por iso propoñemos que se estuden unha serie de melloras porque obviamente teñen que ser consensuadas e tamén obviamente coa empresa concesionaria. Coido que en canto a estas medidas que logo anunciarei estamos no momento en que realmente se poden levar á práctica.

Resultado das reunións que tivemos os diversos Grupos municipais para tentar arranxar algo a subida da última tarifa deste ano, quedouse en que se ía facer unha auditoria que ademais coido que xa está contratada e que por certo temos interese en coñecer os termos por parte do Concello para a súa realización, pero dos resultados pode ser moi importante sacar conclusións que abonden na dirección das melloras que vou propoñer.

Sr. Coello, con todo o respecto, anuncieille antes unha cousa que a min me preocupou; cando tivemos as reunións polas últimas subidas das tarifas eu cheguei mesmo facer a proposta de conxelar o número de usuarios pensionistas 1 e 2 cuxo importe paga integramente o Concello coas cifras que se acadasen ó final deste ano, é dicir, admitida xa a duplicación no ano 2004 de pensionistas do tipo 1, a case duplicación do 2005 e a máis ca duplicación do 2005 polos pensionistas 2, que o que sería un incremento normal do 1,5% xa me esquezo diso, mesmo admitindo as importantes subidas dos números de usuarios ano ano 2004 e 2005, precisamente para que non subira a "bola de neve", precisamente salvagardando o que eu penso que temos que salvagardar coma Concelleiros que son os intereses municipais que son os dos cidadáns e cidadás de Vigo, alomenos que non se incremente substancialmente esa cantidade que vai sobre as arcas do Concello e ademais con determinada picaresca polo medio.

Lamentablemente nesa reunión vin que o Concelleiro de Seguridade defendeu á empresa concesionaria máis que o propio Director, negouse radicalmente a este tipo de conclusións, semellaba máis que era vostede o representante dunha empresa privada que o representante dos intereses municipais. Penso que o regalo era abondo para a empresa sen que lle supuxera ningún custo ese aumento do número de viaxes que por certo se non se para seguirá cara adiante.

Ademais tiven a posibilidade logo, unha vez presentada esta moción, de ter un intercambio de opinións co Director da empresa VITRASA quen mesmo asume cousas tan sinxelas coma isa que debe ser cousa do Goberno municipal quen as defenda que é para empezar que o que todos coñecemos coma tarxeta verde no caso dos pensionistas 1 e 2 teña polo menos outra cor para que os conductores poidan verificar algo, non poden verificar de todo pero alomenos para que non haxa unha picaresca que entendo pode ser grave na cidade. É unha medida moi concreta e pola que se pode comezar sen ningún problema e aí xa ten o consenso da empresa concesionaria.

As propostas que se fan están recollidas en tres puntos. Unha é pouco significativa pero moi importante dende o punto de vista político, xa non diría ético, que é o terceiro punto que, igual que tivemos o acordo plenario por unanimidade de que se adquirira un novo PMR, labor no que está xa empeñada a empresa, e que se aumentaran os horarios do único autobús PMR existente os días laborais para que non haxa baleiros ó remataren ás 8 da tarde e que ó mediodía non haxa, etc., que se puxera en marcha ese PMR os sábados pola tarde e todos os domingos e laborais, o único que se acadou é que se puxera os sábados pola tarde, por certo, sen unha cousa que é previa e vital neste sector no que apoiamos por exemplo medidas coma a de reservar 10.000 m2 para un centro que atenda ás persoas que teñan dificultade de accesibilidade e demais, que é absolutamente imprescindible, facer difusión desta medida porque non a van utilizar moitas persoas se non se fai unha axeitada campaña de publicidade tal e coma quedamos.

Os outros dous puntos son: Primeiro, instar ó Goberno municipal a iniciar coa empresa concesionaria e contando coa maior participación cidadá o estudo das melloras a realizar no transporte público e o correspondente plan de aplicación das mesmas. No punto dous: partir para ese estudo de asumir as principais reivindicacións cidadáns que estamos lendo todos os días nos xornais que, aceptando a remodelación de liñas que se encetou no 2001 coa que eu estou fundamentalmente de acordo, insistir sobre todo na mellora e ampliación dos itinerarios nas parroquias e barrios dando por exemplo opcións distintas ós usuarios por medio de liñas cruzadas ou facilitando a comunicación máis rápida e directa con centros vitais e so poño un pero suficientemente significativo coma é o Hospital do Meixoeiro.

O segundo apartado que se debe ter en conta é o aumento substancial das frecuencias que no centro da cidade non debe ser superior a 5 minutos combinando liñas, cousa que en determinados momentos do día felizmente se

acada, e que nos barrios e parroquias depende, os de periodicidade dunha hora que pasen a media hora, os de media hora a quince minutos.

O terceiro punto: o incremento correspondente da flota de autobuses e algúns máis pequenos, precisamente para atender unha realidade da nosa cidade de barrios con viais moi pouco axeitados.

Repito que eu tiven por invitación da empresa un contacto para expoñer as propostas do Grupo municipal socialista sobre a empresa concesionaria e salientei algo que me parece vital: VITRASA coma empresa débelle moito a esta cidade. Eu pedinlle que coma Director de VITRASA, aínda que hoxe estea incluída nun grupo de empresas moito máis amplo que se coñece coma AVANZA e que ten intereses de transporte en moitas cidades, que non esqueza a débeda que esta empresa ten coa cidade de Vigo. Coido que é o momento para dar un salto cualitativo cara adiante, un momento que ademais pode coincidir con esta auditoría. Penso que se realmente a empresa está disposta a dar ese salto cara adiante agora a pelota está por suposto no tellado do Goberno municipal.

SR. COELLO BUFILL: Sr. Calviño, por economía procesal dígolle que estamos de acordo. Sinxelamente iso por cariño ó resto dos Concelleiros dadas as horas que son e que aínda fallan uns cantos puntos.

Unicamente precisarlle que o PMR xa está en funcionamento os sábados pola tarde dende o mes de decembro. Dicirlle tamén que o segundo PMR vai estar en funcionamento pasada a Semana Santa e seremos a única cidade de Galicia con dous PMR.

Supoño que con iso e dicíndolle que imos votar a favor queda vostede contestado.

(No momento da votación está ausente o Sr. Guerra Fernández).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Calviño Rodríguez, relativa a melloras necesarias no transporte público urbano, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

INTERVENCIÓN DO SR. FIGUEROA VILA: Parece ser que os Grupos estamos todos de acordo en que as dous últimas mocións queden pendentes aínda que penso que hai que tratar unha urxente, fóra da orde do día que presentaba o Sr. Barros.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Aínda temos pendente unha moción do Grupo Socialista, a número 19, que aínda non se tratou.

Estaríamos de acordo efectivamente en deixar para o vindeiro Pleno a que ten que ver con Independencia que tamén coincide no fondo da cuestión coa que presenta o Partido Popular, pero sinxelamente lembrar que a nosa representante na Xunta de Voceiros pediu que se descargara un pouco esta orde do día porque é imposible chegaren ata o final. Tendo en conta que somos o último Grupo en intervir non nos parece lóxico que teñamos que sacrificar as nosas intervencións por falla de colaboración doutros Grupos. Pedimos, por favor, que igual que agora retiramos a nosa moción para outro Pleno, na próxima orde do día entren todas ou ben teñamos unha cota, un máximo, un tope porque sinxelamente o tempo para todos é importante.

19.- (43).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE INSTANDO A ELABORACIÓN DUNHA ESTRATEXIA LOCAL PARA A CALIDADE DO AIRE EN VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de febreiro de 2006, o concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Caballero Míguez, formula a seguinte moción:

"O pasado 31 de xaneiro o Concello de Vigo participou na adhesión á Carta de Aalborg das dezoito cidades do Eixo Atlántico. Este feito constituiu un avance no compromiso local cara ás políticas de sostibilidade e defensa do medio ambiente dende a esfera urbana e sitúase nun esforzo de "política verde" que recolle diversos legados como o propio da Axenda 21.

A propia Carta de Aalborg no seu formulamento de estratexias locais cara a sostibilidade das cidades europeas incorpora a importancia de conservar e fomentar o nivel de capital natural e en particular inclúe tamén referencias á responsabilidade urbana no cambio climático e na emisión de contaminación, cuestións vinculadas á calidade do aire.

Entre os logros do movemento polo desenvolvemento sostible está a difusión do lema "pensar globalmente, actuar localmente", que fai corresponsables na acción ás distintas urbes. Esta corresponsabilidade débese exercer activamente porque os problemas ambientais son moi relevantes para a calidade de vida dos cidadáns, aínda que ás veces non resulten adecuadamente

visibles. De feito, segundo a Organización Mundial da Saúde en España morre dez veces máis xente por problemas medioambientais que por problemas de tráfico. Neste senso a calidade do aire é un dos eixos de acción que favorece unha vida máis saudable para os cidadáns.

As emisións de distintos gases contaminantes en España están lonxe de cumprir os niveis establecidos polo protocolo de Kyoto e que se deberían cumprir no período 2008-2012. Por iso, requírese dun esforzo dende as institucións públicas.

De feito, nesta dirección estanse producindo avances dende as distintas administracións. Así, a nivel central o goberno do Estado ésta a traballar nunha Estratexia Nacional do Clima e nas diversas cidades españolas e galegas estanse a adoptar medidas a favor da sostibilidade e da defensa da calidade do aire das cidades. Neste senso, cabe sinalar os avances recentes en materia enerxética no Concello de Vigo, tal como a formación hai dous anos da Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI) ou a ordenanza municipal sobre enerxía solar que se publicou o pasado mes no correspondente Boletín Oficial. Estas medidas adoptadas en Vigo e outras sobre as que se estea a traballar, constituen contribucións en materia enerxética que cabe incorporar a un conxunto de actuacións sobre a calidade do aire que dende o Concello se deben prever e coordinar e que afectan tamén a cuestións fiscais, de mobilidade e de xestión de residuos, entre outros. Unha planificación integral que avance con carácter previsor é necesaria.

Neste senso as distintas cidades españolas empezan a definir a súa propia Estratexia Local para a Calidade do Aire e isto afecta tamén ó principal núcleo urbano de Galicia, Vigo. Esta estratexia debe incorporar un diagnóstico da situación actual, un estudo e previsión da evolución da calidade do aire e unha planificación de carácter horizontal que afecte a distintos tipos de políticas do Concello. Deste xeito, a estratexia implica conexións con cuestións como o plan enerxético local e os informes sobre o cambio climático. Esta iniciativa tenta lograr unha cultura de valoración do aire e a aplicación de políticas que desincentiven a contaminación atmosférica. Dende a esfera local débese estudar esta cuestión e facer unha planificación estratéxica da evolución da calidade do aire e dos seus determinantes para os vindeiros anos. Así mesmo, esta actuación pode e debe ser sensible ás cuestións de distribución da renda, establecendo mecanismos de progresividade que ponderen as cuestións sociais e tendo en conta a propia realidade viguesa.

RESOLUCIÓN:

A corporación municipal de Vigo continúa a súa aposta polo compromiso coa política urbana de desenvolvemento sostible e respecto ó medio ambiente, e solicita ó Goberno municipal que inicie a elaboración dunhas bases para unha Estratexia Local para a Calidade do Aire."

DEBATE.- SR. CABALLERO MÍGUEZ: Hai unha exposición de motivos que explica a cuestión, nunha liña de acción de política sostible, de política verde esta cidade ten aínda campos por explorar. Acabamos de nos engadir á Carta de Aalborg que achega a necesidade de preservar os niveis de capital natural.

Neste tipo de cuestións a calidade de ar está en todas as directivas, en todas as normativas coma un elemento sobre o que traballar.

Existen nestes momentos distintos precedentes, distintas ideas e estratexias locais nas que se está traballando e, co ánimo de abreviar, o que se lle solicita ó Goberno municipal é que elabore unhas bases para unha estratexia local pola calidade do ar nesta cidade. É unha cuestión relevante, o certo é que a cidade cumpre os niveis mínimos.

O único que presentamos é unha iniciativa que insta ó Goberno municipal a elaborar unha estratexia local para a calidade do ar en Vigo.

SR. IGLESIAS CARRERA: Sr. Caballero, todos os sabios din que o futuro pasa polo respecto ó medio ambiente ou senón non haberá futuro.

Estamos totalmente de acordo con vostede e tamén por economía procesal só dicirlle que hai que coidar o ar, as augas, os vertidos e as demais cousas que atinxen ó medio ambiente. Imos votar que si.

A comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, en sesión do 20 de febreiro de 2006, quedou enterada do contido da anterior moción.

(No momento da votación está ausente a Sra. Porro Martínez, preside o Pleno a Sra. Molares Pérez. Tamén están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Calviño Rodríguez, Comesaña Abalde, Figueroa Vila, Guerra Fernández e Ruiz Ceniceros e as Sras. Graña Barcia e Méndez Piñeiro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos dezasete membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Caballero Míguez, insntando a elaboración dunha estratexia local para a calidade do aire en Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

20.- (44).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE RELATIVA Ó ANTEPROXECTO DE LEI DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA.

21.- (45).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOLICITANDO SOMETER O ANTEPROXECTO DE LEI DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA Á VALORACIÓN DA FEMP.

As anteriores mocións relativas ó anteprojecto de Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, retíranse da orde do día polos seus respectivos relatores, Sra. Sío Lourido e Sr. Figueroa Vila, quedando pendentes para o próximo Pleno da Corporación.

URXENTES:

A.- (46).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE A CESIÓN DO "RESTO" DA PARCELA NA QUE SE LOCALIZAN AS VIVENDAS PROTEXIDAS DE GEA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 27 de febreiro de 2006, o concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Barros Ponte, formula a seguinte moción:

"A "Asociación de Veciños Barriada Álvarez" ten domicilio social na Avda. Ramón Nieto nº 429, baixo esq., Cabral-Vigo, e é unha entidade civil sen ánimo de lucro rexistrada co nº 1820 no Rexistro Provincial de Asociacións por resolución do 04/01/1989, creada para a defensa dos membros das 96 familias que ocupan outras tantas vivendas, tamén denominadas vivendas "Santa Clara", da antiga fábrica de louza e porcelanas de Moisés Álvarez, en Cabral, despois GRUPO DE EMPRESAS ÁLVAREZ, S.A. (GEA).

As circunstancias e vicisitudes destas vivendas, construídas sobre terreos expropiados con fins sociais, formando unha soa finca denominada "Barreiro", inscrita no Rexistro da Propiedade nº 2 de Vigo, é a seguinte:

1.- As vivendas foron construídas en 1944 sobre solares que formaban parte de fincas pertencentes á extinta Delegación Nacional de Sindicatos da FET e das JONS (Organización Sindical), por expropiación forzosa realizada a un conxunto de propietarios. As vivendas foron edificadas polo Instituto para a Promoción Pública das Vivendas (hoxe adscrito ao Ministerio da Vivenda) como continuador das funcións e atribucións da Administración do Patrimonio Social Urbano, para ser destinadas aos traballadores e as súas familias das fábricas de louza e porcelana entón de Moisés Álvarez.

2.- As vivendas construídas en 1944 formaron 16 bloques de 3 prantas cada bloque e obtiveron a calificación definitiva de VIVENDAS PROTEXIDAS por Resolución Xeral do Instituto de vivendas de data 09.10.1951.

S.Ordinaria 27.02.06

3.- Estas vivendas sociais foron adquiridas polo Grupo de Empresas Álvarez (GEA, SA), mediante escritura pública do 26.02.1985, ante o notario de Pontevedra D. Eduardo Méndez Apenela (nº 395/85 do seu protocolo), cos fins sociais indicados.

4.- O vendedor foi o Instituto para a Promoción Pública da Vivenda, que transmitíu as vivendas á entidade "Grupo de Empresas Álvarez (GEA)", pola cantidade de 3.875.406 ptas., tal como reza na escritura.

5.- No Rexistro da Propiedade nº 2 de Vigo figuran inscritas a nome de GEA, SA, cunha serie de embargos de distinta natureza (a Axencia Estatal e Recaudación Tributaria, por débedas de IAE dende 1992 cos seus respectivos recargos, do antigo Banco Exterior de España -hoxe BBV-, a empresa mercantil Smurfit España, S.A., e acreencias recoñecidas polo Xulgado do Social nº 2 de Vigo a favor de 1021 traballadores da desaparecida empresa GEA, SA).

6.- Nestas 96 vivendas habitan hoxe familias de ex-traballadores de GEA, xubilados, incapacitados, viúvas, fillos e parentes dos mesmos, consignando os módicos arrendos establecidos no seu día e ingresándoos na conta bancaria de CAIXANOVA, que se lles indicou polo antigo Administrador Xudicial nomeado polo Xulgado do Social de Vigo, hoxe cesado.

Como é público e notorio, as vicisitudes de GEA e o abandono dos centros de traballo dende que o INI privatizou as empresas do Grupo Álvarez en 1991 ata a súa desaparición (houbo suspensións de pagamentos, querellas criminais, múltiples procesos ante os Xulgados do Social, ocupacións, invasións, poxas xudiciais, etc.), non destruíron ata o momento estas illas habitacionais de vivendas, aínda que xa se cernen e roldan intereses especulativos que alarman e inquedan ao colectivo indicado, con desexos de sacar ditos bens a poxa xudicial e desaloxamento dos ocupantes e inquilinos.

(Acompáñase -a título informativo- copia parcial da última demanda presentada no Xulgado do Social nº 2, de data 8 de febreiro de 2006, así como antiga Providencia do 3 de xaneiro de 2005 do mesmo xulgado).

7.- Cando se inscribiron as vivendas no Rexistro da Propiedade, en virtude do título de compravenda outorgado polo Instituto para a Promoción Pública da Vivenda, a finca matriz denominada "Barreiro" tiña unha extensión superficial de 9.313,55 m2 e despois da venta quedou un resto de 6.661,85 m2 (tal como se acredita coa certificación rexistral que se acompaña de data 28 de febreiro de 2005), que constitúe a urbanización interior (beirarrúas, vieiros, xardín, patios, zonas verdes) que nunca foi obxecto de cesión á desaparecida empresa GEA, que segue sendo deste Instituto e cuxa xestión, administración, cesión, etc., corresponde hoxe ao MINISTERIO DA VIVENDA, Secretaría Xeral da Vivenda (segundo establece a Disposición Adicional 19ª da lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas).

8.- Postos en contacto co MINISTERIO DA VIVENDA o pasado ano, manifestousenos que para a súa cesión, goberno, mantemento e conservación ao Patrimonio Municipal de Vigo, este Concello, por moción debatida nun Pleno Municipal, acorde dirixirse ao Ministerio da Vivenda solicitando do Ministerio que dicte unha resolución administrativa que acceda á CESIÓN INDICADA.

9.- As vivendas e os terreos adxacentes están emprazados nunha unidade de actuación duns 41.000 m², onde temos entendido que hai máis terreos pertencentes a esta Corporación Municipal, o que indica que calquera recalificación dos terreos ou sistema de compensación terán que contar coa decisión maioritaria -social- da Corporación Municipal Viguesa.

(Acompáñase, tamén, a título informativo independentemente do xa falado cos Grupo Municipais agás o PP, copia do escrito presentado por Rexistro neste Concello o 07.02.06).

Polo anterior presento para a súa aprobación ante o Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Primeiro.- Dirixirse ao Ministerio da Vivenda da Administración do Estado ó obxecto de que previos os trámites legais e procedimentais que sexan axeitados se acorde a cesión gratuíta ao Concello de Vigo do denominado "resto" da parcela na que se localizan as vivendas protexidas do Grupo de Empresas Álvarez dunha superficie de 6.661,85 m² facilitando con isto unha xestión urbanística onde, a maior presenza de terreos de titularidade pública municipal, acade os obxectivos e fin sociais necesarios nese ámbito.

Segundo.- Dar traslado do acordo adoptado, no prazo máis breve posible, os Ministerios da Vivenda e Economía e Facenda, así como á Asociación de Veciños "Barriada Álvarez".

DEBATE.- SR. BARROS PUENTE: Non vou abusar desta Corporación pero a moción é efectivamente urxente na medida en que estes bens poden ser sacados a subhasta pola insistencia dos acredores creándolle un magno problema social á Corporación de Vigo e ó Concello.

Sinalar unica e exclusivamente que os interesados, a Asociación de Veciños de Barreiro, xa fixeron xestións ante o Ministerio de Vivenda que realmente era favorable no caso de que a Corporación de Vigo tomase esa iniciativa.

Finalmente celebrar que sexa precisamente radicado no Concello e na súa Corporación onde a cidadanía, diante dun problema social de magnitude importante, pensa que os seus intereses nunca están mellor defendidos que á sombra e ó abeiro desta Corporación.

SR. IGLESIAS CARRERA: Sr. Barros, xamais estiven tan contento de apoiar unha moción dado que coñezo ben ás 96 familias que viven nos bloques da barriada de Cabral e que sufriron cantidade de problemas dende que empezaron a traballar alá polos anos 44 nos que as cousas se facían daquela maneira.

A min sempre me chamou a atención que o Instituto de Promoción Pública da Vivenda non fixera o traspaso ó Instituto Galego da Vivenda e o Solo, iso foi unha cousa verdadeiramente curiosa.

Eu non pido consenso, pido aclamación para defenderen a esta xente que traballou no Calvario duramente xa que se fixo coma se fixo o traspaso de GEA ó INI e quedaron eles alí daquel xeito.

Penso que os debemos apoiar totalmente porque realmente son vellos, xubilados a maior parte deles e sen poder económico. Pido un consenso para esta moción do Concelleiro, Sr. Barros.

SR. BARROS PUENTE: Véxome obrigado a facer público o agradecemento destes veciños afectados na medida en que a información facilitada polo Sr. Iglesias e a súa preocupación polo asunto merece o recoñecemento público. Eu síntome agraciado por ter a ocasión do poder facer neste Pleno.

(No momento das votacións da urxencia e do fondo están ausentes os Sres. Arias Moreira, Figueroa Vila, Guerra Fernández e Ruiz Ceniceros e as Sras. Méndez Piñeiro e Sío Lourido).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vinteún membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteún membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Barros Puente, relativa á cesión do denominado "resto" de parcela na que se localizan as vivendas protexidas do GEA, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

22.- (47).- ROGOS E PREGUNTAS.

* ROGO DO SR. ALONSO VÁZQUEZ, DO GRUPO MUNICIPAL DO PG, RELATIVO Á AGRUPACIÓN DE PROTECCIÓN CIVIL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 27 de febreiro o concelleiro do Grupo municipal do PG, Sr. Alonso Vázquez, formula o seguinte rogo:

"Hai un ano que presentei un rogo no Pleno para que se crease unha Comisión xestora en Protección Civil, xa que na práctica daquela esa institución non estaba a funcionar. Logo deste tempo e cun funcionamento moi estimable da devandita institución, débense convocar eleccións internas canto antes para regularizar o proceso e o mellor funcionamento posible de Protección Civil."

INTERVENCIÓN DO SR. ALONSO VÁZQUEZ: Hai aproximadamente un ano presentei aquí un rogo polo tema de Protección Civil e daquela entroutras cousas pedíase que se constituira unha comisión xestora municipal que realizara unha análise profunda de coma estaba o tema e que, á vista de todo iso, se fixera un informe que levaran á agrupación para que unha vez todo listo se fixeran eleccións.

Pasou un ano e teño que dicir que realmente a xente que estivo nesta Comisión xestora fixo un traballo impecable, moi bo, mesmo fixeron un libro que maxino que temos todos os Grupos, de todas as actuacións que fixeron. Eu pediría a felicitación por parte deste Pleno á xente que levou o tema porque hai que pensar que hai un ano eran 8 voluntarios e agora hai máis de 100.

Tamén que a Sra. Alcaldesa convoque, xa que depende dela, as eleccións o máis axiña posible para que esta xente poida ter o que queremos todos: unha directiva democrática, elixida nas urnas.

A PRESIDENCIA: Penso que todos estamos de acordo co rogo.

* ROGO DA SRA. SÍO LOURIDO, DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, RELATIVO Ó ARRANXO DOS VIAIS NO CONTORNO DO MEIXOEIRO.

INTERVENCIÓN SRA. SÍO LOURIDO: Recentemente un cidadán comunicoume que nos viais que rodean o Meixoeiro hai bastantes fochancas. Arránxanse bastante a miúdo pero hai necesidade dun pouco de asfalto e de que se estude a posibilidade dos anhear pola densidade do tráfico que adoita haber por aquela zona.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás quince horas e dez minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.